



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 61

Sesión plenaria
10 de decembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-FIYjhoWgp-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.3 23542 (11/PNP-002128)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e oito deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da ría do Burgo, durante o período en que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe desta ría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

Punto 5. Interpelacións

5.1 24761 (11/INT-001285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre a regulación do sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

5.2 24884 (11/INT-001293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a normativa mineira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

5.3 25154 (11/INT-001315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bi-sexuais e intersexuais no ámbito laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 25620 (11/POPX-000049)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar os riscos e efectos da sexta onda da covid

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

6.2 25622 (11/POPX-000050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a posición da Presidencia da Xunta respecto dos problemas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 21971 (11/POP-003248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre a situación da industria do automóbil de Vigo ante a falta de abastecemento de semi-condutores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

7.2 25222 (11/POP-003560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da protección da serra da Groba, o monte O Galiñeiro e o monte Aloia diante da tramitación da autorización de parques eólicos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 232, do 24.11.2021

7.3 25619 (11/PUP-000219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e González Iglesias, María do Carme

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto das carencias que existen no ámbito educativo na localidade de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021

7.4 19341 (11/POP-002647)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis

Sobre a relación das entidades sociais beneficiarias das axudas concedidas con cargo ao 0,7 por cento do imposto sobre a rendas das persoas físicas para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero, así como o tipo de actuacións subvencionadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 180, do 04.08.2021

7.5 23854 (11/POP-003421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e tres deputados/as máis

Sobre a cobertura de todas as prazas de especialistas de Radiodiagnóstico e Traumatoloxía do Hospital Público de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021

7.6 24547 (11/POP-003497)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as vinte medidas remitidas pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Sanidad para mellorar e flexibilizar o sistema de acreditación de prazas de formación sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021



7.7 25072 (11/POP-003544)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a grave perda de produción de castañas na campaña de 2021 en Ourense e Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

7.8 25613 (11/PUP-000217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento da normativa vixente sobre a extracción de mexilla

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 236, do 01.12.2021



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Olalla Rodil Fernández. (Páx. 10.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar os riscos e efectos da sexta onda da covid. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 11.)

Réplica do autor: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición da Presidencia da Xunta respecto dos problemas de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 17.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e oito deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da ría do Burgo durante o período en que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe desta ría. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 23.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Calvo Pouso (P). (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Queixas Zas (BNG) (Páx. 29.)

O señor Sr. Calvo Pouso (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 33.)

Votación das proposicións non de lei

O señor presidente anuncia a votación das proposicións non de lei e o señor Balseiro Orol (P) pide a palabra e intervén para aclarar que non aceptan a oferta de transacción do grupo proponente na primeira das proposicións que se vai someter a votación. (Páx. 35.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e D. Paulo Ríos Santomé, sobre as actuacións que debe levar



a cabo a Xunta de Galicia para a creación do ente ferroviario galego: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

O señor Pazos Couñago (P) solicita a palabra e intervén para pedir a votación por separado do punto terceiro na seguinte votación, correspondente a unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. A petición é aceptada polo grupo propoñente. (Páx. 36.)

Votación do punto terceiro da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co control das residencias de maiores de Ourense: *aprobado por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co control das residencias de maiores de Ourense, agás o punto terceiro, xa votado: *rexeitada por 32 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e oito deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da ría do Burgo durante o período en que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe desta ría: *aprobada por 60 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 37.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia dos intereses do sector marítimo-pesqueiro e da súa cadea mar-industria fronte ás actuacións do Goberno central: *aprobado por 42 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 37.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para orzar e executar a gratuidade nas escolas infantís de 0-3 anos desde xaneiro de 2022: *rexeitado por 32 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

A señora Candía López (P) pide a palabra e intervén para comunicar, respecto da seguinte votación, que a súa oferta de transacción non foi aceptada e que votarán en contra. (Páx. 38.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Paloma Castro Rey, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer o bosque autóctono: *rexeitada por 11 votos a favor, 60 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)



Alteración da orde do día.**Declaración institucional de apoio á economía social galega**

O señor presidente le unha declaración institucional de apoio á economía social galega, que se aproba por asentimento. (Páx. 39.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. Bloque Nacionalista Galego, sobre a regulación do sector eólico. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 40.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 44.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 47.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 49.)

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a normativa mineira. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 50)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 54.)

Réplica da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 56.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 58.)

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transsexuais, bisexuais e intersexuais no ámbito laboral. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 60.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 62)

Réplica da autora: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 66.)

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación da industria do automóbil de Vigo ante a falta de abastecemento de semicondutores. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Gallego Sanromán (S). (Páx. 68.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 69.)

Réplica da autora: Sra. Gallego Sanromán (S). (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 71.)



Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da protección da serra da Groba, do monte O Galiñeiro e do monte Aloia diante da tramitación da autorización de parques eólicos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 72.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 75.)

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e D^a María do Carme González Iglesias, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto das carencias que existen no ámbito educativo na localidade de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 77.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 79.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a relación das entidades sociais beneficiarias das axudas concedidas con cargo ao 0,7 por cento do imposto sobre a rendas das persoas físicas para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero, así como o tipo de actuacións subvencionadas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 81.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 84.)

Pregunta de D^a María González Albert e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a cobertura de todas as prazas de especialistas de Radiodiagnóstico e Traumatoloxía do Hospital público de Valdeorras. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Albert (BNG)*. (Páx. 85.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. González Albert (BNG)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 88.)



Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as vinte medidas remitidas pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Sanidade para mellorar e flexibilizar o sistema de acreditación de prazas de formación sanitaria. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 89.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 90.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 93.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a grave perda de produción de castañas na campaña de 2021 en Ourense e Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 94.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 95.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 97.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento da normativa vixente sobre a extracción de mexilla. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 98.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 99.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 101)

Remata a sesión ás tres da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto 6 da orde do día, que é de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

E, antes de comezar, quero comentar que, no día de hoxe, escusa a súa inasistencia a este pleno dona Olalla Rodil Fernández.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar os riscos e efectos da sexta onda da covid

O señor PRESIDENTE: Comezamos, polo tanto, coa pregunta de don Gonzalo Caballero Miguez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Cando queira.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta, os galegos e galegas, como tantos cidadáns en España e doutros países, estamos preocupados pola evolución da covid e pola sexta onda que estamos afrontando. E, polo tanto, estamos xustamente nun momento en que se detectan 1.000 casos de covid ao día en Galicia, no que hai máis de dez mil persoas contaxiadas neste momento, no que hai máis de duasetas persoas coa covid nos hospitais e varias decenas nas unidades de coidados e de vixilancia intensiva; nun momento, polo tanto, no que despois da Estratexia de vacinación, existe unha nova etapa, porque dende o verán, en que a Estratexia de vacinación empezou a ser masiva, ata agora o risco de contaxio estivo máis controlado, e agora, ás portas do Nadal, estamos vendo como existen uns riscos de transmisión que nos preocupan.

É certo que Galicia ten, en datos absolutos, unha situación mellor que outras partes do Estado, pero tamén que os contaxios están agora crescendo máis aquí que noutras partes do Estado. Polo tanto, queremos saber, señor presidente, como imos afrontar esta sexta onda, con que medidas e cal é a información que dende o Goberno da Xunta lles poden trasladar aos galegos e ás galegas.

En primeiro lugar, quería preguntarlle, señor presidente: ¿como vai a Estratexia de vacinación para aqueles galegos que, estando xa en posibilidade de vacinación, non están vacinados? Parece ser que os datos amosan que hai 160.000 galegos que faltan por vacinar e que o sistema de rastrexo detectou a 21.000 deses 160.000. Queremos saber cal é a estratexia que ten vostede de vacinación e se xa hai un sistema de rastrexo suficiente para detectar eses que non están vacinados e para ver as causas e as posibles accións para incentivar unha vacinación que poida chegar ao cen por cento da cidadanía.



En segundo lugar, queríamos tamén, señor presidente, preguntarlle cal é o plantexamento que ten vostede para os profesionais sanitarios; se está disposto, ante os riscos de transmisión desta sexta onda, a volver contratar o máximo número de profesionais sanitarios que estiveron contratados ao longo da crise da covid. Porque hoxe pode dar vostede os datos con maior detalle, e hai máis de cincocentos profesionais sanitarios que estiveron contratados noutros momentos da pandemia e que agora non o están. ¿Está disposto a facer un esforzo para reforzar esa contratación de profesionais en vez de recortar fondos á atención primaria e á saúde pública?

En terceiro lugar, quería preguntarlle tamén polo plan que vostede ten para o ensino, para fortalecer as posibilidades do ensino con máis garantías fronte aos riscos de contaxio. Agora hai 868 profesores menos que nos momentos en que houbo máis profesores para poder facer fronte aos riscos da covid. Vostedes decidiron reducir o número de profesores e tamén aumentar o número de alumnos por aula, e no sistema educativo hai un certo caos. Neste momento hai máis de mil oitocentos casos de covid vinculados a centros educativos, máis de cen aulas pechadas, profesores que teñen, sen dúbida, moitos riscos e familias que non saben como afrontar isto porque os protocolos probablemente non estean aí funcionando axeitadamente na información e no seguimento dos casos. Hai que buscar tamén todos os mecanismos. A necesidade de fortalecer os servizos públicos en asuntos como sanidade e educación é fundamental para facer fronte a esta sexta onda.

E, finalmente, quería tamén preguntarlle, señor presidente, como se está afrontando esta sexta onda e cales son os protocolos necesarios, e se vostede, pola información que ten a través dos expertos, ten enriba da mesa propostas para poder afrontar o Nadal cunha determinada estratexia que no día de hoxe xa poida comunicar sobre protocolos. Porque cremos que hai que tomar as medidas necesarias, sen levalas a puntos nos que os informes médicos non aconsellen todas as medidas, pero temos que ser realistas ante os riscos e, sen dúbida, posibilidades.

E, ademais, como xa están existindo certos incrementos de restricións e de protocolos máis exixentes fronte á covid para a hostalería, quería tamén preguntarlle cal é o seu balance e cales son as medidas que están vostedes dispostos a adoptar para a hostalería, que está tendo que reducir xa certos niveis de aforo nas mesas e de comensais.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Grazas, señor Caballero.

Como vostede sabe, a Xunta de Galicia, o Goberno de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e todos os empregados públicos, a sociedade en xeral, adiantámonos sempre, con carácter



xeral, a todos os pasos que se deron no resto do Estado en relación coa pandemia. Efectivamente, fomos, xunto con Madrid, a primeira comunidade autónoma en declarar a emerxencia sanitaria e en suspender as clases; tivemos que actuar en soidade, desde o punto de vista normativo; mandamos un proxecto de lei orgánica ao Goberno de España e nin sequera se nos contestou; aprobamos unha reforma da Lei de saúde en Galicia, e o obxectivo do Goberno de España foi recorrer esa lei. ¡Menos mal que o Tribunal Constitucional veu activar outra vez o contido e o alcance da referida lei!

Dicía vostede: ¿como se pode concretar dalgún xeito que a xente se poida vacinar con maior intensidade? Co certificado covid, señor Caballero. Se exiximos o certificado covid, como a inmensa maioría dos países da Unión Europea, a xente vacínase máis. O problema é que o Goberno central —como vostede sabe— non quixo en ningún momento legislar co certificado covid. Nós si, lexislamos, e fomos a primeira comunidade autónoma que tivo unha sentenza favorable do Tribunal Supremo. Por tanto, señoría, adiantámonos e innovamos. O autocovid saíu en Galicia, os cribados e mostras de *pool* saíron en Galicia, as mostras de saliva empezámolos en Galicia e o pasaporte covid iniciámolos e comezámolos en Galicia.

Aprobamos uns plans de rescate para os sectores económicos, 600 millóns de euros, a maioría deles pagados; todos os da Xunta de Galicia pagados ao cen por cento. Fixemos protocolos no Comité Clínico; é o Comité Clínico o que activa os protocolos. E posteriormente o Goberno, unha vez avaliados, apróbaos e impleméntaos. Seguirá sendo o Comité Clínico o que incrementa e o que concrete os protocolos das próximas semanas. E, por suposto, incrementamos o persoal de reforzo, no ano 2021 —este 2021—. Estamos pagando unha media de 3.000 nóminas máis en sanidade das que pagabamos no ano 2019; por iso me sorprenden as súas contas. E no ámbito dos profesores, este curso estamos pagando 2.000 profesores máis dos que pagabamos no curso do ano 2019, antes da pandemia. Por iso me volven sorprenden as súas contas.

En relación coa vacinación, ¿que estamos facendo? Liderando a vacinación en España. Somos a primeira comunidade autónoma que vacina con dobre dose a súa xente, o 93,7 %; España non chega ao 90 %. E volvemos ser a comunidade autónoma con máis vacinas en terceira dose. Os maiores de 70 en Galicia, están o 87 % vacinados, 16 puntos máis que a media de España; e no caso de vacinados con Janssen, en Galicia, o 78 % están coa dobre dose, 39 puntos máis que a media de España. Por tanto, señoría, o que seguimos é estando por riba da media de España en todos os parámetros que se refiren á vacina.

¿Que imos seguir facendo? Insistindo, señoría, na necesidade da situación de alerta que vivimos: máscaras en interiores, distancias, hixiene, ventilación, tests, seguimento de contactos, etc. Imos estender o certificado covid aos ximnasios, ás residencias de maiores, aos hospitais de día e aos eventos masivos no interior.

E, en relación coas vacinas, señoría, podo asegurarlle que estamos en condicións de poder adiantar a todas as persoas de 60 a 70 anos a citación o 13 de decembro.

Segunda decisión: o día 15 de decembro, ás vinte e catro horas de ter as primeiras vacinas para os nenos, empezaremos a citar os nenos e nenas de 11, 10 e 9 anos os días 15, 16 e 17 de decembro.



Terceira decisión: a próxima semana poñeremos á disposición, de forma gratuíta, un test nas farmacias para todas as nais e todos os pais con nenos ou nenas de 5 a 11 anos. No caso de que ese test resulte positivo, faremos unha PCR de contraste.

Cuarta decisión: remitiremos ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a petición de certificado covid tamén para asistir a eventos multitudinarios e a cines.

E, quinta decisión: imos recomendar, nas ceas, comidas e reunións, diminuír o número de comensais por mesa; concretarémolo de acordo co protocolo do Comité Clínico, que está a piques de volver reunirse.

Como pode comprobar, señor Caballero...,

O señor PRESIDENTE: Remate por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...temos máis persoal sanitario, máis docentes, somos a comunidade autónoma con máis vacinas e estamos dentro das tres comunidades autónomas con menos ingresos por hospitalización e por UCI. E tamén somos a comunidade autónoma da España peninsular con menor mortalidade dende que comezou a pandemia. Por iso, señor Caballero, agradézolle que nos siga animando para seguir traballando con rigor, pero pódolle asegurar que estamos traballando con todo ese rigor...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que as cifras acreditan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Para a réplica, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Dende logo, instámolo a que tome medidas e fortaleza os servizos públicos. É verdade que vostedes fan un relato sesgado e parcial, con moitos datos que saben para intentar afrontar un relato construído á medida do discurso que queren manter, pero hai cuestións que hai que matizar, señor presidente.

Non se olvide vostede de que a Lei de saúde tivo que ser rectificadora porque llo indicou o Tribunal Constitucional. O certificado covid, que vostedes chegaron a aplicar, sen pedir autorización xudicial, tiveron tamén que frealo. Polo tanto, cando vostedes rectifican, acertan; e é mellor que rectifiquen moito no que non está ben feito. E, por exemplo, en materia de educación, alégrome de que tomen máis medidas e que deste xeito recoñezan que ata agora houbo unha problemática específica non ben xestionada polas autoridades responsables, con moitos caos de información en moitos centros educativos en Galicia, igual que hai moi-



tos problemas de saturación e de caos en moitos centros de saúde do país, coa sanidade en atención primaria saturada e con colapsos en distintos lugares —en urxencias, por exemplo—, ou con determinados brotes, por exemplo, no Hospital de Montecelo.

Faga vostede un traballo a pé do país, a pé dos galegos e das galegas, e recoñeza os datos como son, señor Feijóo. As súas contas son sempre unha especie de maquillaxe para dar verdades a medias. Vostede compara os datos en contratación en persoal sanitario e en educación do 2021 co 2019. ¿Vostede non sabe que os galegos e galegas saben que existiu un ano 2020 polo medio? ¿Por que non quere dicir vostede aos galegos e galegas que teñen hoxe menos persoal sanitario e menos persoal nos centros educativos que o ano pasado?, cando ese persoal supón un fortalecemento dos servizos públicos necesario na educación e necesario na sanidade. É que, en definitiva, van a remolque. Se tomasen as medidas a tempo, estaría mellor, se a educación pública mantivera ese máximo de profesionais de profesores e de profesoras nos centros, con menores alumnos por aula, a xestión destes tería sido máis axeitada, máis capaz de poder dar maior seguridade aos pais, ás nais e ás familias do noso país.

Nós instámolo a que se tomen as medidas necesarias, pero tamén a que traballen para sacar o país da situación na que estamos en ámbitos económicos e en ámbitos de igualdade vinculados. Porque esta sexta onda amosa tamén —e quería concluír con isto— que esta gran crise na que estamos vai manter un determinado nivel de persistencia que vai ter efectos sanitarios, sociais e económicos. Necesitamos saber tomar as medidas necesarias tamén ao apoiar aos sectores produtivos e ter todas as medidas necesarias para fortalecer os servizos públicos, para modernizar a economía, para xerar emprego e para loitar contra a desigualdade. E para loitar contra a desigualdade é necesario máis Estado do benestar, máis do público, máis sanidade pública e máis educación pública, e iso é algo que a vostedes lles custa facer, que o fan a remolque, que dan moito discurso, pero que nos feitos non se dá.

Eu quérolle preguntar hoxe: ¿non estaría mellor a sanidade pública e a educación pública en Galicia se vostedes mantiveran o número de contratos que había no ano 2020 e no ano 2021? ¿Por que quere vostede comparar co 2019, olvidándose de que nestes momentos a Xunta ten máis fondos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...máis orzamentos que no 2019 e, en definitiva, o reto e a capacidade de apostar pola igualdade e pola xente cos mellores servizos públicos fronte á pandemia. Instámolo a iso, e, dende logo, todo o que sexa defender eses servizos públicos para facer fronte á covid será a mellor garantía para que ninguén teña que sufrir ningún tipo de desigualdade.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Para o peche desta pregunta, o señor presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Caballero, deille os datos e vólvollos reiterar. O gasto en persoal educativo son 140 millóns de euros máis. No curso 2020-2021, sobre o 2019, tiñamos 2.300 profesores máis. E neste curso 2021-2022 temos 2.095 profesores máis. Estes son os datos, señoría, non se está ocultando absolutamente nada.

Cando vostede di que deberíamos de incrementar o número de profesores, sendo a comunidade autónoma con máis profesores por alumno de España, xunto con Extremadura, ¿está facendo vostede unha emenda á totalidade ao resto das quince comunidades autónomas de España, incluídas todas as comunidades socialistas?

Señoría, cando estamos falando dos colexios, quero dicirle que o problema que temos nos colexios é que non chegan as vacinas ata o día 13. E o problema que temos é que non temos vacinas para todos. Ese é realmente o problema que temos neste momento. E como non temos vacinas para todos, temos que vacinar entre a primeira e a segunda dose cunha diferenza de oito semanas. Ese é o problema real. ¿Por que intoxicar cando o problema real que temos cos menores é que non temos vacinas para todos? ¿Por que non falar en serio dos temas serios, señor Caballero?

Igual que no tema da sanidade. Levamos á Mesa sectorial da sanidade o número de contratos que tiñamos que facer para este 2021. Levamos 1.338 prazas novas —digo novas—, de persoal estatutario, de persoal sanitario, no presuposto do ano 2022. ¡1.338 prazas novas! Dígame que comunidade está incrementando máis o persoal.

Mire, no ano 2019 pagabamos 39.000 nóminas no Sergas. No ano 2021, estamos pagando 42.694 nóminas. Estas son 3.000 nóminas máis. Hai listas que están esgotadas. ¡É que non podemos contratar máis enfermeiras porque non as hai! Señor Caballero, ¿por que vostede non ten un pouco de proporcionalidade na súa visión?

E o que é máis sorprendente de todo isto é que me veña dar leccións de incrementar os servizos públicos cando resulta que a emenda aprobada no Congreso e no Senado para introducir uns nove mil ou dez mil millóns de euros de presuposto covid para o ano 2022 o Partido Socialista a rexeitou xunto con Podemos. ¿Por que non incrementan o presuposto covid para as comunidades autónomas, que temos que seguir contratando máis profesores e máis sanitarios neste ano 2021 e no ano 2022? ¿Sabe o que lle correspondería a Galicia deses 9.000 millóns de euros de emenda covid? 558 millóns de euros, e á que vostedes votaron que non para que a Xunta de Galicia non os teña. E vénme dar aquí leccións de incremento de gasto sanitario e de incremento de gasto docente. ¡Pero se o Partido Socialista é capaz de dicir unha cousa e a súa contraria e non lle importa absolutamente nada!

Mire, señoría, reiteramos, imos intentar que todos os maiores de 60 anos queden citados o día 13 de Nadal; é dicir, nos próximos días. Os días 15, 16, 17 empezamos cos nenos de 10, 11 e 9 anos. A próxima semana todas as familias galegas terán un test gratuíto nas farmacias para os seus nenos e nenas de 5 a 11 anos, e, se dá positivo, faremos unha PCR de contraste.



Namentres, empezaremos a vacinar dende o día 15 de decembro a todos eses nenos e nenas para intentar mellorar a situación.

Este é o resultado, señoría, e cando somos a comunidade autónoma con menos mortalidade por habitante...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e cando acaban de saír os datos do INE, nos que o número de falecementos no ano pasado se incrementou en España un 18 % e en Galicia menos dun 5 %, equiparándonos a Canarias e a Baleares, deberíamos de, polo menos, poñer en valor o que fixo o Servizo Galego de Saúde e a sociedade en xeral. (*Aplausos.*) Creo que iso é axeitado poder facelo.

Por iso, señoría, é bo que nos poñamos de acordo en que temos dous problemas. O primeiro: que o Goberno de España e o seus socios impiden ás comunidades autónomas un fondo covid...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...para o ano 2022. E o segundo: que o problema que temos cos menores, que é o principal problema neste momento, é que non temos vacinas para todos eles, para poder vacinalos a todos eles no mes de Nadal. Se tiveramos vacinas para todos os menores...,

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...empezariamos as vacacións, despois de Reis, con todos os nenos e as nenas vacinados.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Ese é o problema, señor Caballero.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eu son solidario cos problemas que ten España...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...espero que vostede sexa solidario, polo menos, coa realidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición da Presidencia da Xunta respecto dos problemas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías.

Señor Feijóo, quixera, agora que estamos case no final deste período de sesións, facer balance de como o seu goberno afronta os problemas que ten o noso país. E para iso permítame que use a hemeroteca: *(A señora Pontón Mondelo le e amosa uns titulares de prensa.)* «Feijóo culpa os cidadáns de xerar aglomeracións nas vacinacións masivas»; «Feijóo culpa a Portugal dos rebrotos en concellos do sur»; «Feijóo culpa o Goberno das novas medidas restritivas que tome a Xunta ante a covid»; «Feijóo culpa os cidadáns dos rebrotos; «Feijóo responsabiliza o Goberno pola espera en atención primaria»; «Feijóo acusa a oposición de poñer en risco a sanidade»; «Feijóo responsabiliza os universitarios do aumento dos casos»; «Feijóo atribúe ás familias a diminución do uso do galego entre os nenos»; «Feijóo culpa a crise do aumento de horas lectivas»; «Feijóo culpa a cidadanía do repunte do coronavirus en Galiza despois do Nadal»; «Feijóo acusa a oposición de mentir no baleirado dos encoros»; *(Murmurios.)* «Feijóo culpa a industria do baixo crecemento económico; «Feijóo culpa a unha transición ideolóxica abrupta do peche das Pontes»; «Feijóo culpa o Goberno dos problemas da industria»; «Feijóo culpa a Alcoa e a Navantia do parón económico de Galiza»; «Feijóo tamén culpa a Alcoa da perda de incentivos eléctricos que a aboca ao peche»; «Feijóo culpa a Zapatero do prezo da luz e rexeita por insolidaria a tarifa eléctrica galega que pide o BNG» — esta noticia non é do ano 2009, é do ano 2021, señor Feijóo—; «Feijóo cre que o BNG e o PSOE son os responsables da crise industrial de Galiza»; *(Murmurios.)* «A Xunta culpa a Portugal e ao mal tempo dos incendios»; «Feijóo culpa a Cataluña pola pugna autonómica do financiamento»; «Feijóo culpa da quebra das caixas os directivos»; «Feijóo culpa o Banco de España da ruína das caixas galegas»; «Feijóo culpa a Vox da entrada do BNG no Congreso». *(Risos.) (Aplausos.)*

Podería seguir durante horas. «Feijóo acusa...», «Feijóo acusa...», «Feijóo acusa...», porque a iso se reduce a súa acción de goberno, a buscar culpables, porque é incapaz de dar solucións. E, entón, estende o seu dedo acusador e busca culpables, e culpa a cidadanía, culpa o BNG, culpa as empresas, culpa a crise, culpa a Portugal, culpa a Cataluña, e agora, como non goberna o PP no Estado, tamén ten a Moncloa como comodín.

É, desde logo, unha maneira inútil de enfrontar os problemas que ten Galiza, e por iso lle pregunto se cre que está vostede sendo útil para solucionar os problemas que ten o noso país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moi ben.



Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, moitas felicidades. Cre vostede que está ao final da lexislatura. Pois, non, señoría non. ¡Se aínda non chegamos á metade da lexislatura! E vostede tráeme cousas do ano 2009 e do ano 2010, o que queira... (*Murmurios.*) ¡Home, o tema das caixas supoño que non será recente, desta lexislatura! (*Risos.*) (*Aplausos.*) Pero está claro, señoría, que por un momento pensei que formaba parte vostede do Goberno de Madrid. Por un momento pensei que o BNG, ademais de apoiar o Goberno de Madrid, xa formaba parte do gabinete. Pero todo pode ser, ¡eh! Desde logo, se lle dan a oportunidade, non teñan ningunha dúbida.

O que si está claro é que se esqueceu vostede dun titular: «Feijóo consegue que o BNG non governe en Galicia dende o ano 2009». (*Aplausos.*) Dese titular esqueceuse, señoría. Pero, evidentemente, o señor Feijóo é simplemente un deputado que ten un grupo parlamentario maioritario e que ten a confianza dos galegos durante todo o tempo que vostede le titulares con esa intencionalidade tan inocente.

Mire, señoría, sobre a utilidade da política ou non, dígolle que a utilidade da súa pregunta hoxe a descoñezo. Dende logo, ao que nos dedicamos nós é a xestionar a pandemia, a xestionar a recuperación económica, a mellorar os servizos públicos e a defender a Galicia, fronte a todos, incluído o BNG.

Señoría, na xestión da pandemia, falamos xa co portavoz do Partido Socialista. Nunca tivemos ningún apoio do BNG, en absoluto, só críticas destrutivas. Incluso máis, amedrentaron a todos os galegos por poñer as eleccións no mes de xullo do ano 2020, (*Murmurios.*) metéronlles medo a todos os galegos dicindo que iamos a unha carnicería (*Murmurios.*) e faltáronlles ao respecto e mentíronlles a todos os galegos porque non lles interesaba, simplemente, que tiveramos as eleccións autonómicas no momento de menor onda pandémica da historia dende o ano 2019. (*Aplausos.*)

Señoría, un partido que se di soberanista, un partido independentista... —chámenlle como queiran, tamén lle avergoña ata o que son—... (*Murmurios.*) debería polo menos de poñer en valor a Galicia e os seus datos da pandemia e poder poñer en valor a todos os médicos, a todo o persoal sanitario e a toda a enfermería dos procesos de vacinación.

Fixemos unha comisión de reactivación neste Parlamento, o BNG, por suposto, non quere participar; fixemos novas leis para incentivar a recuperación, presentamos unha candidatura de fondos europeos, e o BNG non participa; aprobamos uns orzamentos equilibrados, e o BNG vota non. O resultado é que hoxe temos máis PIB, que a economía está crecendo máis que a media de España, que temos menos paro que a media de España, que diminuíu o paro en 34.700 persoas no último ano e que incrementamos as cotas, o número de afiliados á Seguridade Social, en máis de 25.600 galegos. Ese é o resultado.

E melloramos os servizos públicos, porque, cando os galegos din que esta sanidade está mellor valorada que nos últimos anos, estano dicindo os galegos, non o BNG.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E cando chegamos a 25.000 prazas de dependencia, son 25.000 os que cobran e os que saben perfectamente do que estamos a falar. E cando temos a menor ratio de alumnos por profesor, é dicir, máis profesores por alumno que o resto de España, evidentemente, señoría, é que estamos mellorando os servizos públicos. E cando somos a comunidade autónoma, a primeira de España, en gratuidade nas escolas infantís, estamos poñendo en valor a conciliación, a igualdade e os servizos públicos. E cando defendemos a crise fronte ao disparate industrial da transición ecolóxica que teoricamente está facendo o Goberno, que non é máis que unha destrución de emprego...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...estamos defendendo a Galicia.

Cando defendemos un prezo para as industrias hiperelectrointensivas, defendemos Galicia. Cando defendemos Ence, o emprego dos traballadores de Ence, o porto de Marín e as 5.000 familias que venden madeira, estamos defendendo a Galicia. E cando defendemos o sector eólico, razoable e legal, estamos defendendo a Galicia. E cando defendemos unha transición que, polo seu propio nome, indica unha evolución dunha situación de agora á situación futura, estamos defendendo a milleiros de persoas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que traballan en Alcoa, ou que traballan en Vestas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, presidente. Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, o que estamos é defendendo a Galicia, tanto na xestión da pandemia como na recuperación económica...

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. Terminou o seu tempo.

Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...como na mellora dos servizos públicos como na defensa da nosa industria. E, por suposto, señoría, non temos nada que ocultar do que pensamos. Somos o partido maioritario de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Para a réplica, a señora Pontón.



A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, respire, porque o vexo un pouco hiperventilado co BNG. *(Risos.) (Aplausos.)*

E xa lle digo que perda toda a esperanza porque pode poñer en marcha todas as campañas obsesivas que queira contra o BNG que non vai frear o avance desta forza política, e, desde logo, non nos vai calar neste Parlamento. *(Aplausos.)*

E mire, ¿sabe que pasa? Que a súa obsesión por buscar culpables non empezou hai un ano, é que empezou dende que sentou na Presidencia da Xunta de Galiza, onde leva sistemáticamente botando balóns fóra cada vez que hai un problema e sen dar alternativas para este país. Fíxese que balance: Feijóo é o campión de todo, pero ¿campión de que? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si: 14.000 empregos perdidos na industria, máis de dezasete mil empregos pedidos no agro e na pesca, 200.000 mozos e mozas que colleron as maletas... E dínos que, grazas a el, todo vai vento en popa... Pois non, señor Feijóo, deixe de pisar moqueta e pise a realidade dos galegos e das galegas, *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que están pasando por un momento moi fastidiado.

E si, supoño que, ademais, hoxe volveremos ver o que...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: ...se repite en case todas as sesións de control: que no seu último turno, cando xa non temos réplica, pois virá aquí seguir con esa campaña de ataques e difamación contra o BNG, porque está vostede hiperventilando contra o BNG. *(Risos.) (Murmurios.)* Si, si. E nós o que lle pedimos é que, na súa réplica, nos explique onde están as solucións para Alcoa, señor Feijóo. Porque o seu goberno podería liderar a intervención pública, pero non o fai; o único que quere é liderar as críticas, e necesitamos un goberno que governe. *(Aplausos.)*

Queremos saber onde están as súas solucións para os produtores deste país, porque o seu goberno podería facer dúas cousas: axudarlles a compensar o incremento dos prezos e sentar a industria, a distribución e os produtores para garantirlles uns prezos xustos. Pero, ¿onde están as súas solucións, señor Feijóo? *(Aplausos.)* Podía tamén vostede contratar máis profesionais para o sistema sanitario, pero prefire seguir tendo unha sanidade na que se rebaixa nos seus orzamentos o investimento que se vai facer en atención primaria. *(Murmurios.)* Ou podería tamén vostede, señor Feijóo, sumarse á defensa dunha tarifa eléctrica galega para que nos beneficiemos da produción enerxética do país, *(Murmurios.)* para que, en vez de seguir abrazado ao lobby eléctrico, abraza os intereses dos galegos e das galegas. Esa sería unha boa medida, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Ou podería tamén darlle alternativas á xente moza. Sería, desde logo, unha boa noticia que agora, que estamos acabando este período de sesións, nos demostrara que vai empezar a tomar en serio Galiza. Porque tomar en serio Galiza significa gobernar, non vir a este Parlamento a buscar culpables nin a difamar contra o BNG e a súa portavoz.

Goberne, señor Feijóo, que para iso lle deron a confianza os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.



Para o peche da pregunta, o presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, non estou hiperventilado, estou acatarrado. *(Risos.)* Non crea vostede que teño... *(Aplausos.)*

É certo que, se eu dixera que vostede está hiperventilada, imaxine o que podería ocorrer, *(Risos.) (Murmurios.)* imaxine os comentarios que poderíamos escoitar. ¡Alá vostede, señoría! Creo que cada un acredita cada día o que é.

En San Caetano, polo menos onde eu traballo, non hai moqueta, e en Montepío, tampouco. Aquí, si. Aquí, como leva vostede moito máis tempo ca min como parlamentaria, entendo que, de pisar moqueta, sabe vostede moito, señoría. *(Aplausos.)* ¡Sabe vostede moito!

Pero o que si está claro é que advertir das incongruencias, das falsidades e do fariseísmo do actual BNG, dende que vostede o codirixe, é unha obriga política. Honestamente, creo que non é útil falar da tarifa eléctrica, porque é falsa, nin falar da banca pública galega, porque é falsa, nin falar dun sistema de concepto que prexudica a Galicia. E todas esas falsidades hai que poñelas enriba da mesa, señoría. Non é útil apostar polas renovables e despois montar unha plataforma. Sabemos os argumentarios que vostedes manexan, porque os remiten a todos os seus portavoces do BNG en todos os concellos, e como hai que montar unha plataforma en contra de calquera parque eólico. ¡É lamentable, señoría! *(Murmurios.)* É unha técnica política lamentable, señoría. Non é útil dicir que se apoia os traballadores da industria e pechar Ence. Iso é un fariseísmo impropio dun partido político galego.

Señoría, non é útil en ningún caso pedir nacionalizar Alcoa cando sabe que o problema de Alcoa é o prezo da luz e despois absterse nos presupostos do Goberno de España, que non teñen unha capacidade para poñer un prezo da luz competitivo para que Alcoa siga creando postos de traballo e aluminio primario. Non é útil o proxecto da república independente de Galicia.

Mire, señoría, ¿por que se avergoña vostede da súa propia ideoloxía? *(Risos.)* ¿Por que di que estamos intoxicando a ideoloxía do BNG? Eu simplemente son o presidente da Xunta de Galicia e vostede é a portavoz dun grupo parlamentario, e a min correspóndeme —por suposto que si— valorar as ideoloxías dos grupos que conforman este Parlamento.

Mire, señoría, a cousa máis cínica que escoitei na miña vida política é dicir: «somos soberanistas, non independentistas». *(Risos.)* E agora, entro na páxina web do BNG, e leo «Principios políticos do BNG: Galiza é unha nación e, polo tanto, ten dereito á autodeterminación para decidir por si propia e de forma libre e soberana o seu futuro». Sigo... Non, non, ¡se xa sei que hai deputados que están a favor! ¡Se eu o único que pido é que me digan quen son, para entendernos e, polo menos, poder falar! Sigo: «O BNG é unha organización nacionalista, porque defende a soberanía nacional e a liberdade da nación galega para constituír un estado soberano, democrático, republicano..., a república da Galiza». ¿Verdade que están de acordo a maioría dos deputados? ¿E por que non llo din á súa portavoz...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...dunha vez para que deixe de mentir aos galegos (*Aplausos.*) e para que nos deixe de tomar por parvos, señoría? ¡De tomar por parvos!... (*Aplausos.*)

Isto é (*O señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, amosa un documento.*) o que á señora Pontón lle incomoda que lea. Pois, señora Pontón, vou seguir lendo, porque, mentres vostedes non cambien, eu non vou aceptar que vostedes nos enganen.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se se avergoñan dos seus principios, da súa ideoloxía, cámbiena. Agora ben, dicir unha cousa e a contraria é un acto de fariseísmo impropio de alguén que quere codirixir un partido político. (*Murmurios.*)

Mire, señoría, eu son útil defendendo a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia. Defendo a constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia. Vostedes están en contra da Constitución Española...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e do Estatuto de autonomía de Galicia. (*Aplausos.*) Iso é ser inútil, señoría, para os problemas do país, inútil para os problemas da xente.

Mire, señoría, vostedes son moi soberanistas, moi independentistas, moi nacionalistas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...moito da república independente de Galicia, agora ben...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...sempre que poden, gobernan co Partido Socialista Obreiro Español. Ese é o dobre fariseísmo en triplo salto mortal.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Nós temos unha alianza con Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...señoría; vostedes non teñen alianza con ninguén, salvo cos seus intereses...



O señor PRESIDENTE: Grazas presidente, terminou o tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e co seu poder.

Máis nada e moitas grazas, señorías. (*Fortes e prolongados aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e oito deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da ría do Burgo durante o período en que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe desta ría

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a buscar un acordo co Goberno de España para establecer a participación de cada administración na compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da ría do Burgo durante o período no que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe da ría do Burgo».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Calvo.

O señor CALVO POUSO: Moi bos días, presidente.

Señorías, de novo hoxe traemos un asunto a este Parlamento, un asunto que está pendente de solución.

Falamos dunha das demandas históricas na zona da Coruña, que era e que é o dragado da ría do Burgo. E dicimos que estaba pendente de solución porque hai un colectivo de aproximadamente oitenta mariscadores a pé ou a frote que a día de hoxe non saben que vai ser deles durante os próximos dous anos. Non saben que vai ser deles porque a semana pasada se resolveu o recurso sobre a adxudicación do contrato, comezarán as obras de maneira inmediata e non teñen solución para o parón na súa actividade.

Creo que é bo facer un pouco de historia e recordar que a declaración de impacto ambiental foi do 11 de setembro do ano 2017 por un goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy; que o proxecto da obra foi aprobado en abril do ano 2018; que foi o que se licitou finalmente



cunha incorporación das emendas, das alegacións dos concellos; que o Goberno de Pedro Sánchez foi quen o quitou adiante, é certo, dous anos máis tarde; que, ademais, se aprobou, se licitou, ou se publicou a licitación, cometendo algúns erros que foron subsanados nas semanas seguintes, como non levalo ao Consello de Ministros ou non facer referencia ao seu financiamento Feder. Pero o importante é que saíu adiante, e eu creo que nisto todos os grupos estamos de acordo. O importante é que saíu adiante e que se poida levar a cabo.

É verdade que, para que isto fose adiante e se puidese levar a cabo, houbo que facer un traballo durante anos de maneira importante en toda a ría do Burgo, e aí está o traballo da Xunta de Galicia. Durante anos, a Xunta de Galicia investiu máis de cen millóns de euros en eliminar todos os puntos de vertido que tiña a ría. Estarán comigo, señorías, en que non ten sentido facer a dragaxe da ría se segue habendo puntos de vertido no litoral, na zona da ría, e se seguimos vertendo á mesma ría. Por iso, durante moitos anos, e despois de cen millóns de euros de investimento —que non é pouco— en todos e cada un dos concellos, conseguíuse eliminar a maior parte, a practica totalidade, dos puntos de vertido á ría.

Superados todos eses atrancos, estamos agora no momento de licitación, no momento de adxudicación. E aí temos o problema destes oitenta mariscadores que non saben o que teñen que facer. Porque desas compensacións económicas o Estado non se quere facer cargo. O Estado de verdade que é o promotor da obra, señorías. É o promotor da obra e debe facerse cargo das indemnizacións. A Xunta, á parte de investir eses cen millóns de euros previamente no saneamento da ría, tamén propuxo no seu momento —no ano 2019— un plan social; un plan social que coido que era a resposta que necesitaban os mariscadores e que era unha saída na que tiñan que implicarse todas as administracións: a Administración local —que vai ser a beneficiaria, primeiro, porque se lle solucionou o dos puntos de vertido e, en segundo lugar, porque se aceptaron as alegacións que fixeron os concellos no proxecto—, tamén a Xunta de Galicia, loxicamente, e tamén o Estado. Pero ese plan social que se plantexou leva tres anos sen recibir resposta nin dos concellos nin do Estado. Son tres anos esperando por unha resposta a este plan social, e os mariscadores seguen sen saber que é o que vai pasar.

Tamén entendemos que debe ser o Goberno central o que asuma que eses traballos —que si están recollidos no propio proxecto— de recollida e de reposición da semente sexan executados polos propios mariscadores. E para iso haberá que facer a encomenda —a quen lle corresponda artellar a fórmula legal— para que recaia no propio colectivo de mariscadores, tanto a recolleita a día de hoxe da semente como despois volvela botar na ría.

Pero, como dicía, a solución ten que vir pola implicación de todas as administracións, é certo. Nós propuxémolo e levamos tres anos á espera. Ademais, nesta adxudicación prodúcese un aforro importante, porque a obra foi licitada por 48 millóns de euros e foi adxudicada por 32 —é dicir, 16 millóns de euros de aforro nesta obra—. E estamos falando dunhas indemnizacións que non chegan a 2 millóns de euros. Aforran 16 e estamos discutindo sobre 2 millóns de euros.

É verdade que os mariscadores solicitaron en varias ocasións que os equipos xurídicos —despois de varias reunións entre todas as partes— do Ministerio para a Transición



Ecolóxica e da Xunta se reúnan para saber quen ten que facer fronte ás compensacións, e están preocupados. Din que tomarán medidas e non facilitarán o comezo das obras. Eu enténdoo, creo que os entendemos todos. Non saben e ninguén lles dá unha resposta; e, polo tanto, creo que fan ben en intentar que se comprometan a esas indemnizacións.

Houbo varias reunións entre a Consellería do Mar e a propia confraría, tres xuntanzas: o 5 de febreiro, o 12 de abril e o 19 de outubro. O 19 de outubro, ademais, foi unha xuntanza na que tamén se convocou, por parte da confraría, o Estado, a Dirección Xeral de Costas. Nesa ocasión acudiu a propia subdelegada do Goberno en representación. Nesa xuntanza, coa confraría presente, despois de convocala, quedouse en que sería bo que os servizos xurídicos das administracións central e autonómica dirimisen quen debería aboar esas indemnizacións. Dende o 19 de outubro, a Xunta de Galicia non ten ningún tipo de noticia, e o colectivo de mariscadores tampouco. Nós puxemos enriba da mesa un informe dun catedrático de dereito administrativo, no que, evidentemente, se pon claro, negro sobre branco, que lle corresponde ao Estado facerse cargo das indemnizacións. Pero por parte do Estado o único que obtivemos foi a calada por resposta. Botar balóns fóra é o único que fixeron. Pero é máis, nesa reunión a propia subdelegada do Goberno dixo algo que a nós nos preocupa. A solución que lles daba aos mariscadores é que sempre poden acudir á xustiza. Pero ¿sabe e é consciente a subdelegada do Goberno do que significa que teñan que acudir á xustiza para que se lles recoñeza ese dereito a esa indemnización por ese parón? ¿De que van vivir estas familias durante ese tempo ata que a xustiza aclare e diga que ten que ser o Estado —na nosa opinión—? ¿Esta é a fórmula que ten o Goberno socialista de atender estes mariscadores? Pois, se esta é forma, nós non estamos de acordo.

O que non ten sentido é que quen é o titular e quen licita a obra non se faga cargo das indemnizacións. Cando se construíu o porto exterior da Coruña, houbo que facer indemnizacións ao sector pesqueiro. ¿Saben vostedes quen a fixo? O Ministerio... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*, o Ministerio, señor Rivas... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor, señor Rivas! ¡Perfecto! Non, non se pode. Señor Rivas, non pode vostede facer iso. É mellor o que acaba de facer. Cando a un non lle gusta o debate, ten a opción de poder retirarse. Pero sexamos respectuosos todos.

O señor CALVO POUSO: Cando o porto exterior da Coruña... —escoiten porque ao mellor nos poñemos de acordo en algo, merece a pena, hai moita xente que está esperando—. Cando o porto exterior da Coruña se fixo, quen licitou foi Fomento e quen se fixo cargo das indemnizacións foi Fomento. Cando na ría de Noia se fai a ponte sobre a ría de Noia e houbo que indemnizar os mariscadores, quen licitaba era a Consellería de Infraestruturas e quen pagou aos mariscadores foi a Consellería de Infraestruturas. Se os informes dos catedráticos, se o sentido común e se a experiencia acumulada durante anos nos di que quen licita se ten que facer cargo das indemnizacións, ¿por que, despois de todo iso, aínda o Goberno do Estado mira para outro lado e deixa estas persoas abandonadas? Ninguén entendería que, se a Xunta de Galicia fai unha estrada que afecta o traballo dunha fábrica, fose o concello o que indemnizase esa fábrica. Ninguén entendería que, se o Ministerio de Industria decide facer un polígono e afecta unha explotación gandeira, fose Medio Rural o que tivese que indemnizar



esa explotación gandeira, senón que ten que ser aquel que licita, aquel que é propietario e aquel que leva a cabo a obra.

Eu creo que é importante que busquemos unha solución, creo que é importante que todos, dunha maneira unánime, lle digamos ao Estado que non se pode racanear. Despois de aforrar 16 millóns de euros na licitación do proxecto, non se pode racanear unha cantidade mínima que nin sequera chega aos 2 millóns de euros. Porque, con ese plan social que propuxemos no seu momento, no que a Xunta se comprometía a facer unha achega, no que os concellos que se van ver beneficiados desta dragaxe —e que se viron beneficiados de todas as obras que levou a cabo a Xunta por un valor de 100 millóns de euros, ademais de que fixeron alegacións ao proxecto, ao proxecto definitivo, co que aumentou o seu custo de licitación dous millóns de euros— é normal que tamén poidan colaborar nesta situación, máis unha pequena colaboración do Estado e ese plan que xa está recollido no propio proxecto de recoller a semente e volver botar a semente, temos arreglado o problema.

¿Por que o Goberno do Estado non quere chegar a unha solución? ¿Por que utiliza este colectivo desta maneira? ¿Por que se aceptan as alegacións dos concellos para mellorar os paseos marítimos nesta dragaxe, unhas alegacións que supuxeron un incremento de 2 millóns de euros, e por que non se aceptan as alegacións dos mariscadores, que supoñen unha cantidade menor?

Nós traemos esta iniciativa porque nos reunimos co colectivo e porque nos pediu unha solución. Espero que nos axuden e que, entre todos, demandemos unanimemente ao Estado que se faga cargo destas indemnizacións.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Recoñece e parece que se alegra o señor Calvo de que a obra —como dixo hai un momento— saíse adiante. O que non di é que, se saíu adiante, foi pola decidida vontade e compromiso político do Goberno progresista do Estado en agudo contraste coa falla de vontade política dos gobernos do Partido Popular de Mariano Rajoy durante sete anos. Esa circunstancia omítea. E a última vez que falamos deste tema nesta Cámara, hai uns meses, o Grupo Popular ofrecía 100.000 euros para contribuír á compensación económica polo cese da actividade dos mariscadores da ría durante o tempo que duren as obras de rexeneración, as que vai facer e financiar integramente o Estado, orzadas en 48 millóns de euros —niso están orzadas, e xa veremos en canto remata a obra— e cun prazo de execución de vinte e seis meses.

Ofrecían vostedes 100.000 euros, unha cantidade ridícula. Pero agora, parece ser, o PP xa non ofrece nada e pide que o pague todo o Estado. Iso a pesar de que practicamente todas as



competencias sobre a ría da Coruña, como o marisqueo, a acuicultura, a inspección ambiental, etcétera, etcétera, son da Xunta de Galicia. Igual que ten as competencias sobre as obras de interese xeral en Galicia —e a dragaxe da ría do Burgo indubidablemente é unha obra de interese xeral— e igual que ten a competencia medioambiental e de control de vertidos —compartida cos concellos sobre as bases da lexislación estatal, pero tena—.

Pero aquí a obra, que podería facer integramente e perfectamente a Xunta se tivese vontade política, faina e finánciaa integramente o Estado. A Xunta pon cero euros, cero euros dos 48 millóns orzados para a rexeneración da ría do Burgo, dos cales a metade proceden de fondos estatais e a outra metade da Unión Europea.

E vostedes néganse sequera a participar na compensación aos mariscadores, que pode ascender, poñamos por caso, a 1,5 millóns de euros, ou 2 millóns de euros talvez. Ese é o seu compromiso coa rexeneración da ría do Burgo, cero euros. Pero presumen vostedes de que investiron 100 millóns de euros na última década na ría, o cal francamente descoñozo se é certo, porque as súas contas lembran sempre as do gran capitán, xa saben, aquelas que dicían: «*Picos, palas y azadones, cien millones*». Neste caso coincide exactamente o importe, non a moeda. Pero, en todo caso, esquecen que o goberno de José Luís Rodríguez Zapatero inaugurou no ano 2011 a obra da depuradora de Bens, que custou 128 millóns e permite o saneamento de toda a área metropolitana —440.000 habitantes—.

Hai un contexto para todo isto, que é o declive do marisqueo ante a contaminación das nosas rías, un marisqueo que é economía sostible, parte da nosa cultura, da nosa identidade, unha actividade produtiva non deslocalizable que forma parte tamén da cadea de valor do sector da conserva, da hostalaría, o cal lle dá un carácter evidentemente estratéxico que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio ambiente, que debería ser prioridade de calquera administración, de calquera política pública, sinaladamente no marco da Unión Europea —aínda que a Xunta de Galicia non se dea por enterada—.

Polo tanto, o marisqueo é unha actividade estratéxica que debería ser protexida, amparada, fomentada, posta en valor e defendida por todos os medios posibles. Pero tanto o volume da produción marisqueira como os postos de traballo asociados a esa actividade non deixan de mermar en Galicia dun xeito lento pero constante. Isto demóstrase cun estudo de investigadores galegos publicado na revista *Marine Policy* en 2019, que sinalaba a existencia dunha crise oculta no sector marisqueiro galego, labrada na década anterior —xustamente a primeira dos gobernos de Feijóo—, e que concluíu que se deran descensos no número de barcos dedicados ao marisqueo —un 13 %—, que os desembarques e o valor de venda das distintas especies caeran un 16 % e un 13 % respectivamente, así como na cifra de mariscadoras a pé, que se viu reducida á metade.

E un exemplo máximo dese declive da produción marisqueira precisamente é do que estamos falando, o da ría do Burgo, afectada por décadas de contaminación que foron sedimentando, decantando e mermando a produción marisqueira ata reducila a un mínimo baixísimo con respecto ao seu potencial.

Nese contexto, o Goberno progresista do Estado, como digo, aprobou o proxecto definitivo, licitou o proxecto definitivo de rexeneración da ría do Burgo, que foi efectivamente —como



vostede mesmo reconece— unha actuación longamente reclamada desde a comarca coruñesa, que está parada neste momento pero que agardamos que se resolva proximamente por un recurso dunha empresa formulado a mediados desde ano.

Trátase, como sabemos, dunha obra moi importante, dado que a ría da Coruña leva moitos anos nunha situación extremadamente difícil para a práctica do marisqueo que levou a que na actualidade soamente practiquen esta actividade aproximadamente unhas oitenta persoas, cando hai escasas décadas chegaron a mariscar nela aproximadamente dúas mil. ¡Dúas mil hai décadas e oitenta hoxe!

E esa obra dá resposta a unha reivindicación da comarca que vén de moitos anos atrás, non é de agora —sobre todo cando, a raíz das denuncias da Confraría de Pescadores e da Plataforma en Defensa da Ría no ano 2013, unha delegación de eurodeputados visitou as rías de Vigo, Ferrol e finalmente da Coruña e amosou a súa preocupación polo mal estado desas rías—. A pesar de que quen era entón presidente de Augas de Galicia lles dixó que o 99 % da ría estaba saneada —parece que exaxerou un pouquiño—, non deberon de concordar, porque o presidente da comisión destacou despois de visitar a ría que as denuncias da Confraría de Pescadores e da Plataforma en Defensa da Ría estaban totalmente fundamentadas. E non hai ningunha dúbida de que o saneamento e a rexeneración da ría do Burgo é unha actuación que mostra o compromiso da Administración estatal, do goberno progresista, co medio ambiente e tamén co emprego e coa xeración de riqueza. E grazas ao saneamento da ría vai ser posible aumentar a produción marisqueira —previsiblemente, segundo din e recoñecen os propios mariscadores—, que leva severamente diminuída desde hai máis de vinte anos, e xerar riqueza e economía sostible ao mesmo tempo que se rehabilita medioambientalmente un ecosistema moi importante e moi frecuentado pola cidadanía da comarca.

A Xunta puido facer moitas cousas, porque esta realidade obxectiva leva así durante moitísimo tempo. A Xunta tivo anos para solucionar o problema da ría do Burgo en solitario ou en colaboración co Goberno do Estado, pero non o fixo. Limitouse a dicir que gastou moitos cartos —con esas contas do gran capitán das que falou vostede, ou das que lle falo eu— no saneamento da ría. Pero iso, no suposto de ser certo, non exime da súa responsabilidade na rexeneración; sobre todo considerando que eses cartos non son seus —porque vostedes sempre presumen de que gastan cartos coma se os cartos os puxeran do seu bolsillo—, senón que, en boa medida, son fondos europeos que deberían ter permitido a rexeneración da ría hai máis de quince anos, dado que a Directiva marco da auga leva vinte e un anos en vigor, ¡vinte e un anos en vigor!, e vostedes estiveron recibindo inxentes importes de fondos procedentes da Unión Europea para ese fin.

E nunha nova mostra do seu escapismo orzamentario e competencial, a Xunta de Galicia non puxo nin vai poñer —polo que parece— nin un céntimo de euro para este propósito de rexenerar a ría do Burgo. Cando, como dixeran, todas as competencias sobre a ría —incluíndo, sinaladamente, marisqueo, acuicultura, medio ambiente, obras de interese xeral, etc.— son súas. E tamén hai que incluír a execución das de loita contra a contaminación e medio ambiente. Os fondos van proceder integramente do Estado e da Unión Europea, con nula aportación dos orzamentos da Xunta —cero euros— a pesar de que a Xunta —insisto— recibiu inxentes fondos comunitarios para loitar contra a contaminación nas últimas décadas.



E dende que os eurodeputados visitaron a ría en 2013 e levaron unha nefasta impresión, houbo aínda cinco anos de gobernos do PP no Estado que non fixeron absolutamente nada pola rexeneración da ría. Porque hai que lembrar que nos orzamentos do Estado do ano 2018 —últimos do goberno de Rajoy— unicamente figuraba unha partida simbólica dun millón para a rexeneración. A pesar de que sempre se reclamou que a Xunta aportase o 50 % como mínimo —como administración competente sobre marisqueo, contaminación e medio ambiente— e houbo un consenso tácito durante moito tempo sobre que iso ía ser así. Isto, como vemos, non vai chegar a producirse porque a Xunta aporta cero euros para esa gran obra de rexeneración.

E a pesar de que o PSdeG xa presentou unha proposición pola que solicitaba que se compensase os mariscadores por parte de todas as administracións —tamén da Xunta—, a Xunta rexeitou a proposta do PSdeG e ofreceu entón —como dixen— 100.000 euros. E agora parece —insisto— que nin ofrece xa os 100.000 euros que ofrecía a Xunta, xa non os ofrece, para permitir subsistir aos mariscadores cando o Estado aporta 48 millóns de euros para rexeñar a ría. O Estado, 48 millóns, a Xunta, 100.000 euros —que xa non aporta—, nun ámbito de actuación no que practicamente todas as competencias e, polo tanto, responsabilidades —reitero— son da Xunta de Galicia. O cal é francamente lamentable porque, sendo a competencia exclusiva en materia de marisqueo da Xunta, igual que é súa a competencia de xestión en materia de loita contra a contaminación e en materia medioambiental, e sendo a situación totalmente allea, obviamente, aos mariscadores, debería ser a Xunta a que se fixese cargo de establecer compensacións económicas que permitan subsistir a ese colectivo profesional durante o tempo que duren as obras.

A pesar do cal, nós emendamos esta proposición non de lei sen pedirlle á Xunta que pague, cousa que sería lóxica, senón pedíndolle á Xunta que chegue a un acordo co Estado para aboar compensación, e que deixe de practicar o escapismo nun tema do que depende o sustento económico de moitas familias da comarca da Coruña que non merecen ser vítimas do xogo de «eu invito e pagas ti», no que é un auténtico campión mundial o goberno do señor Núñez Feijóo.

Nada máis, e agardamos que acepten a nosa emenda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Quero, en primeiro lugar, dicirlle ao señor Feixóo e ao Grupo Parlamentario do Partido Popular —hoxe practicamente ausente neste pleno— que no BNG os homes e as mulleres do BNG non nos avergoñamos absolutamente de nada. E é precisamente o traballo do BNG e a coherencia do BNG os que cada día están a facer medrar os apoios da sociedade galega. *(Aplausos.)* Igual o Partido Popular si ten moito do que se avergoñar como homes e mulleres



pertencentes a un partido sentenciado como partido corrupto ou que alenta día tras día a extrema dereita pactando poder e gobernos con Vox (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*); ou asumindo os seus discursos negacionistas, como vimos onte aquí na defensa da nosa lingua propia e oficial. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E para ir ao tema que nos ocupa, porque os mariscadores e as mariscadoras da ría do Burgo —da miña comarca— merecen todo o respecto, quero darlle a benvida, señorías, á nova tempada da serie de Nadal *Os fumes do PP*, despois desta representación —perdón, desta intervención— do señor Diego Calvo. Non podemos cualificar esta serie como unha estrea altamente novidosa, senón máis ben continuadora da súa particular macroserie intitulada *O pazo de papel*, que é no que habitualmente o Partido Popular teima en converter esta cámara de representación do pobo. Os agradecementos deberían quedar para o final dos créditos, no final da emisión desta serie, mais como esta PNL do Partido Popular presenta algo así como unha loa ao mundo ao revés, nós tamén nos imos permitir a licenza de comezar polo final. E é por iso que queremos —e ademais facémolo con moita honra— agradecer dende o BNG á sociedade da comarca da Coruña que nestes xa máis de vinte anos —que se di moi pronto— persistiu incombustibelmente na defensa da ría do Burgo, unha ría salubre, produtiva, sostíbel e viva, para, por unha parte, poder desenvolver o honestísimo e durísimo traballo dos mariscadores e das mariscadoras, mais tamén para que o resto da sociedade puidésemos ter un contorno medioambientalmente san —desde a Confraría da Coruña ao conxunto de mariscadores e mariscadoras e, por suposto, desa ampla, diversa, representativa e mesmo institucionalmente Mesa da Ría—. Sen ese impulso social continuado e comprometido non estaríamos hoxe a piques de ver comezar as obras de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo.

E tamén quero dar as grazas hoxe aquí ao Partido Popular. Si, efectivamente, porque despois de máis de vinte anos por fin atopou uns minutos para pensar, para escribir e mesmo para defender aquí neste Pleno a ría do Burgo. Nunca atención tan intensa vivíramos na miña comarca da Coruña, asegúrollelo. E aínda lles vou agradecer máis ás señorías do Partido Popular: grazas por ser quen por fin hoxe de votar a favor dos mariscadores e das mariscadoras da ría do Burgo. Teñan conta dos tensiómetros, iso si, e analicen ben ese botón verde que teñen enfrente dos seus escanos que representa sempre poñerse a favor do pobo. Xa saben que a sombra do non que practican tan habitualmente é moi alongada. Mágoa, iso si, de que estes sis que van votar —con «v»— hoxe tamén significue botar —con «b»— balóns fóra do campo das responsabilidades e das competencias únicas e intransferíbeis da Consellaría do Mar. Significa recoñecer a incapacidade do Partido Popular no Goberno da Xunta como o principal axente mediador e negociador co Goberno do Estado. E significa aceptar deixar na indefensión as familias destes oitenta mariscadores e mariscadoras que aínda conseguen seguir activos na ría.

Pretender xustificarse hoxe o Partido Popular demandando a estas alturas compensacións económicas ao Estado sen ter aberta xa unha negociación bilateral con este, sen ter pelexado os dereitos das oitenta familias mariscadoras, significa renunciar a coidar da nosa xente e significa aceptar impasíbeis deixalas tiradas sen traballo e sen ingresos durante algo máis de dous anos. ¿É esta a función de goberno espectador que cómpre agardar do Partido Popular?



Mais esta serie que eu lles indicaba, *Os fumes do Partido Popular*, vén de lonxe. E seguindo a súa política de escenificación e pantalla, imos refrescar así algúns capítulos tomando prestado o título dunha serie que nos convida a volver ao pasado. En vez de onde estaban entón, ímonos preguntar onde estaba o PP nestes últimos vinte anos, onde estaba o PP nos últimos vinte anos cando a ría do Burgo perdía capacidade produtiva, pasando dos máis de mil mariscadores e mariscadoras hai vinte anos aos apenas oitenta actuais.

¿Onde estaba o PP nos últimos vinte anos, mentres a ría do Burgo se convertía na metáfora do empobrecemento ao que están sometendo Galiza, condenando á desaparición, baixo os lodos contaminados, un sector produtivo de primeira orde, como é o marisqueo, dunha ría vizosa que hoxe apenas alcanza o 20 % da súa produción? ¿Onde estaba o PP galego mentres neste Parlamento e no Congreso, como así demostran os diarios de sesións, o BNG demandaba hai moito tempo xa accións que consignasen dotacións económicas que permitisen a participación e a colaboración dos mariscadores nos labores de rexeneración da ría —porque ninguén mellor ca eles para coñecer e traballar na ría— e que ao mesmo tempo compensasen durante o período de inactividade obrigada? ¿Onde estaba o Partido Popular galego cando ano tras ano os orzamentos do Estado non contemplaban ningunha partida para a rexeneración e dragaxe da ría do Burgo? ¿Onde estaba o PP galego cando non se executaba o orzamento conseguido logo da aprobación dunha emenda do BNG aos orzamentos do Estado? ¿Onde estaba o PP galego defendendo os intereses dos mariscadores da ría do Burgo cando gobernaba en Madrid ese que vostedes chamaban o seu «Goberno amigo» entre 1996 e 2004 e entre 2011-2018? ¿Goberno amigo en Madrid? Desde logo, non —xa o vimos—. ¿Goberno submisivo en San Caetano? Si —tamén o comprobamos—. (*Aplausos.*)

¿Onde estaba o PP galego e estatal para facer cumprir o informe da Comisión de Peticións da Unión Europea de 2013, que instaba o Goberno do Estado a investir os fondos económicos necesarios e a non escatimar esforzos para rexenerar a ría —e «de xeito urxente», dicían daquela—? ¿Onde está o PP galego cando os mariscadores lle piden reiteradamente á Consellería cita para reunirse? Non quero pensar no estupor dos mariscadores e mariscadoras cando lle escoiten falar a vostede de reunións coa Consellería. ¡Que pouco sabe vostede dos mariscadores e das mariscadoras da ría do Burgo, señor Calvo!

¿Onde está o PP galego cando só no último no ano o BNG e esta deputada trouxemos até en tres ocasións a demanda de compensacións económicas para os mariscadores da ría do Burgo e a apertura dunha negociación co Goberno do Estado? ¿Onde estaban? Votando «non». ¿Onde está o PP galego na tramitación dos recentes orzamentos do Estado? ¿Presentando unha emenda a favor e en demanda destas compensacións aos mariscadores? Non. ¿Votando a favor da emenda que si presentamos no BNG? Non, tampouco non. É o partido do non, por máis que queiran escapar diso.

Vostedes estiveron e seguen votando en contra da ría do Burgo. Esa é a súa triste cota de pantalla. Describiuno ben Leonard Cohen: «Ás veces un sabe de que lado estar simplemente vendo quen está do outro lado». No BNG sempre estivemos ao lado dos mariscadores e das mariscadoras da ría do Burgo —e así nolo recoñecen, é moita fachenda para nós—, do lado da ría do Burgo, que é igual que estar do lado de Galiza, porque vostedes saben no Partido Popular que a ría do Burgo sempre foi unha prioridade para o BNG. Do outro lado, eviden-



temente do lado da indiferenza, da inacción, da negación, quíxose colocar sempre o Partido Popular.

Conseguíuse o máis custoso, o que parecía imposíbel todos estes anos: 48,6 millóns de euros de fondos europeos. ¡Como non se van conseguir pouco máis de 2 millóns de euros para atender nestes dous anos os mariscadores e as mariscadoras da ría do Burgo que non van poder traballar! Está en xogo o seu presente, mais tamén está en xogo o futuro laboral. Agora que por fin chega a bo porto a dragaxe e a rexeneración da ría que permitirá recuperar a súa capacidade produtiva nun tempo, e así tamén os postos de traballo perdidos, teñen que asumir entre a Xunta de Galiza e o Estado as compensacións económicas. Esta é a demanda que continuamente lles están a reiterar os mariscadores e mariscadoras, e que no BNG, desde logo, sempre apoiaremos.

Hai dúas imaxes que definen ben onde estivo cadaquén nestes anos —eses dous lados dos que fala a cita de Leonard Cohen—. Unha é esta: *(A señora Queixas Zas amosa unha foto desde o estrado.)* a nosa compañeira Ana Miranda defendendo no Parlamento, defendendo a pé de ría e ao lado sempre dos mariscadores e das mariscadoras solucións para que esta ría volva ser produtiva. *(Aplausos.) (Murmurios.)* E hai unha segunda imaxe que é esta: *(A señora Queixas Zas amosa unha foto desde o estrado.)* a do señor Diego Calvo facendo de teloneiro do señor Casado en datas moi recentes, dando un paseo graciosamente pola ría do Burgo cando precisamente neste mesmo momento esta deputada e máis compañeiros do BNG estabamos moi cerca, na confraría, na enésima reunión para tentar buscar solucións a esta situación. *(Aplausos.)*

Máis de vinte ano retrasando a oportunidade de comezar a salvar a ría do Burgo grazas ao PP, de evitar a perda dun espazo produtivo fundamental, máis de vinte anos dándolles as costas aos mariscadores e ás mariscadoras, e o PP hoxe vén aquí a celebrar con esta proposición non de lei o día da demagogia, dun PP ausente a un PP en modo «lavado de conciencia ecoturbo exprés», *(Aplausos.)* a facer que se fai, nesta política de ter na pantalla entre o fume..., apropiándose sempre, iso si, do traballo que fan os demais. Xa o vimos na AP-9, xa o vimos no Pazo de Meirás e volvemos velo agora na ría do Burgo. *(Murmurios.)*

A proposta de resolución que presenta hoxe, señor Calvo, é un copia e pega das que xa presentou e defendeu...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...esta deputada nesta lexislatura.

Está moi ben que nos copien, é normal, entendémolo perfectamente. *(Murmurios.)* Mais non é suficiente con copiar do BNG nin queixarse do que outros non fan nin xustificarse dicindo que xa fixeron o que lles correspondía en materia de saneamento, nin moito menos trasladarlles cargas económicas aos concellos, que nada teñen a ver con isto. Teñen que implicarse. Despois de doce anos gobernando empecen a exercer como goberno as competencias...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora QUEIXAS ZAS: ...que teñen co sector do mar. Gobernar non é vir aquí facer o paripé cunha iniciativa *in extremis*, senón actuar. E iso é o que lles están pedindo os mariscadores e as mariscadoras da ría do Burgo. Actúen. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas. Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Diego Calvo.

O señor CALVO POUSO: Grazas, presidente.

Señores do Bloque, eu creo que non lles viña mal un pouco máis de humildade. (*Murmurios.*) O mundo non comezou cando vostedes chegaron a este Parlamento e foron deputados, non, non. (*Aplausos.*) E isto non é unha representación. Non é unha representación, señora Queixas. Vostede reuniuse coa confraría moitas veces, seguramente. Nós tamén. E esta iniciativa —por se é certo que vostede ten o contacto directo— xorde porque hai pouco máis dun mes nos chamaron. Chamáronnos de novo e estivemos de novo coa confraría, e pedíronnos que presentáramos esta iniciativa no Parlamento galego e tamén no Congreso dos Deputados. E xa as temos presentadas —hoxe, ademais, debatémola— por petición da confraría.

Vostedes teñen a manía sempre de arrogarse a representación de todo tipo de colectivos que existen na sociedade. ¡Basta xa! (*Murmurios.*) ¡Pero que se cren! ¿É que aquí os únicos que poden falar en representación de colectivos son vostedes? ¡Non é certo, non é certo! ¡Máis humildade!, que lles virá moito mellor. (*Aplausos.*) ¡Máis humildade, home, máis humildade! (*Aplausos e murmurios.*)

¿Onde estaba o PP durante estes vinte anos? Traballando, traballando, porque se hoxe o proxecto da ría está aí é por moitos motivos, porque participaron moitos gobernos. Eu dicíao ao principio, non quixen entrar en botar culpas a uns e a outros. Eu non quixen entrar, pero vostedes, tanto vostede coma o representante do PSOE, non perderon a oportunidade. A vostedes pónenlles así o pano e entran. E falan dos do non.

¡Non, home non!, durante os últimos vinte anos estiveron investindo moitos millóns, 100 millóns de euros, por certo, en solucionar os vertidos que os concellos do Partido Socialista que gobernan na ría do Burgo estiveron botando á ría durante anos e mirando para outro lado cando era competencia municipal. (*Aplausos.*) ¡Do Partido Socialista, señor Arangüena, e apoiados polo Bloque Nacionalista Galego, ¡apoiados polo Bloque Nacionalista Galego sempre! (*Aplausos.*) E a Xunta estivo solucionando os vertidos. Estivo solucionando os vertidos durante vinte anos.

¿Que é o que fixeron? ¡Home, pois traballar! Os fondos europeos deste proxecto, señor Arangüena, viñeron porque na depuradora de Santiago non se poñían de acordo naquel momento o alcalde da Marea co alcalde anterior e, en consecuencia, perdíanse os fondos. E foi a Xunta de Galicia a que dixo que eses fondos, para non perdelos, se dedicasen á ría do Burgo. E o proxecto da ría do Burgo e a declaración de impacto ambiental foi do Partido Popular. O Par-



tido Socialista de Sánchez estivo dous anos co proxecto metido nun caixón. E cando o saca faino mal e tivo que rectificar dúas veces no *Boletín Oficial do Estado* porque non sabía facelo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero non pasa nada, de verdade, non pasa nada, o importante é que está aí. ¡Xa está, o importante é que está aí! *(Murmurios.)*

Licítanse 48 millóns de euros e adxudícase en 32 —16 millóns de euros de aforro nesa obra—. Eu poñíalle antes varios exemplos e que vostede ten que coñecer —ou debería—. Nas obras do porto exterior ¿quen lles pagou aos mariscadores e ao sector pesqueiro? *(O señor Arangüena Fernández fai acenos desde o escano.)* Non, non faga así. ¿Quen lles pagou? Quen licitou o porto exterior. ¿Quen foi? Fomento. Na variante de Noia licitou a obra a Xunta de Galicia. ¿Quen lles pagou aos mariscadores de Noia? A Xunta de Galicia. Se mañá o Goberno do Estado, ou o Ministerio de Industria, quere facer un polígono e afecta unha explotación de gando, ¿quen lles paga? ¿Medio Rural? *(O señor Arangüena Fernández fai acenos desde o escano.)* ¡Ah!, non, non faga así. ¡Non faga así! ¡É que é verdade! A vostede gústalle moito e sempre presume aquí de ler artigos xurídicos e todas estas cousas. Neste informe dun catedrático de dereito administrativo, nas conclusións, no último parágrafo. *(O señor Calvo Pouso amosa un texto desde o estrado.) (Murmurios.) (O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Escoite, escoite, que igual lle vale. Por favor, escoite. Eu escoiteino a vostede, fágame caso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

«Conclusión. Por consiguiente, las eventuales compensaciones que pueden corresponder a las personas y entidades afectadas por la suspensión de la actividad marisquera durante la ejecución del proyecto de dragado ambiental de la ría do Burgo son de competencia y responsabilidad exclusiva de la Administración general del Estado.»

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

¿Quere que llo deixe? Despois pásollo, despois pásollo. *(Murmurios.)*

Polo tanto, deixen de liar as cousas. O importante é que a obra —diciáo a señora Queixas e é verdade— se está facendo e colaboraron todos. ¡Perfecto! Pero, oia, quen ten que indemnizar é o titular. Quen ten que indemnizar é o que licita a obra.

Nós fixemos unha proposta. ¿Que é iso dos 100.000 euros? Claro, fixemos unha proposta, unha proposta moi sinxela que consistía en dicir: fagamos un plan social, un plan social no que a Xunta de Galicia poña unha cantidade, os concellos aos que lles houbo que solucionar os problemas de vertidos por parte da Xunta de Galicia poñan tamén unha parte pequena, os concellos que alegaron contra o proxecto e conseguiron incrementar o seu valor en 2 millóns de euros ao poñer o paseo máis bonito —ou das formas que quixeran— tamén colaboren, e que o Estado colabore nunha cantidade moi parecida, señor Arangüena. E respecto dos seiscentos e pico mil euros que están incluídos no proxecto para recoller a semente e volvela botar, que o fagan os mariscadores. ¿Sabe cal é o montante de todo iso? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois aproximadamente as indemnizacións dos mariscadores das que estamos a falar.



¿Por que vostedes, ante a evidencia xurídica... (*O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¡Pero escoite un pouco, home, de verdade! (*Murmurios.*) Eu pídolle que escoite, que xa pasou o congreso, escoite. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ante a evidencia xurídica, ante a historia doutros feitos similares nos que quen licita a obra é o que se fai cargo das compensacións, ante o sentido común, ¡ante o sentido común, de verdade!...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CALVO POUSO: ...ante todas estas cousas —xa remato, presidente—, eu pídolles que convezan o seu goberno de que estamos a falar dunha aportación moi pequena e que non podemos estar xogando co futuro de oitenta familias. Por certo, xa se resolveu o recurso, vos-
tede non está enterado da metade, xa se resolveu o recurso. Están xogando co futuro de oitenta familias que non saben do que van vivir os próximos vinte e tres meses, cando empece a obra. E vostedes están xogando por unha cantidade ínfima, cando lles corresponde a vostedes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CALVO POUSO: De verdade creo que os mariscadores non o merecen. E repítolle que esta iniciativa a traemos, señora Queixas, por petición da confraría. Non é unha representación. Un pouco máis de humildade, que non lles viría mal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos as votacións das proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación do ente ferroviario galego.

Dixo que aceptaba como engádega a emenda do Grupo Parlamentario Popular e estaba pendente a do Grupo Parlamentario Socialista, que non acepta.

Entón, votamos.

(*O señor Balseiro Orol pide a palabra.*)

Déanlle voz ao escano do señor Balseiro, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Señor presidente, entendo que se vota o texto tal e como está, porque a emenda que tiña o Partido Popular era de substitución e xa lle transmitimos ao Bloque Nacionalista Galego que non aceptabamos a oferta de transacción.



O señor PRESIDENTE: Entón se non acepta a emenda, claro, vótase como estaba. Perfecto. E tampouco se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos, logo, outra vez.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e D. Paulo Ríos Santomé, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación do ente ferroviario galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co control das residencias de maiores de Ourense.*

(O señor Pazos Couñago pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: *Como dixemos na intervención de onte, era para pedir a votación separada, se é posible, do punto terceiro.*

O señor PRESIDENTE: *¿Si? (Acéptase a petición.) Entón votamos o punto terceiro.*

Votación do punto terceiro da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co control das residencias de maiores de Ourense.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto terceiro desta proposición.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto dos puntos.*

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co control das residencias de maiores de Ourense, agás o punto terceiro, xa votado.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don Diego Calvo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e oito deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da ría do Burgo durante o período en que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe desta ría.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Teresa Egerique.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, acéptase o punto primeiro da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non o segundo.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia dos intereses do sector marítimo-pesqueiro e da súa cadea mar-industria fronte ás actuacións do Goberno central.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Marina Ortega.

Aceptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a



cabo a Xunta de Galicia para orzar e executar a gratuidade nas escolas infantís de 0-3 anos desde xaneiro de 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Pablo Arangüena sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer o bosque autóctono.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que dixo que a aceptaba como engádega. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Non a acepta?

(A señora Candia López pide a palabra.)

Si, si, déanlle voz ao escano da señora Elena Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Fago a aclaración porque na súa intervención, de feito, recoñeceu que excluía Ourense, co cal pensei que ía aceptar unha transacción. Se non se acepta como transacción, votamos en contra, claro.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Si, eu entendín iso tamén.

Quedou a cousa como engádega. Entón así non vale e votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Perdón! ¿queren matizar algo?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Acéptalla como de engádega?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Iso é outra cousa.

¿Acepta a votación por puntos? *(Negación.)*

Vale, pois entón imos pola rápida.



Votamos tal e como está a cousa.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Paloma Castro Rey, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer o bosque autóctono.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 60.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Alteración da orde do día.

Declaración institucional de apoio á economía social galega

O señor PRESIDENTE: Paso a lerlles unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, que é un extracto do manifesto de apoio á economía social galega e que di:

«A economía social é un actor fundamental na sociedade actual que achega formas organizativas que introducen un conxunto de principios, valores e obxectivos comúns a favor dun modelo económico inclusivo baseado no convencemento de que a primacía da persoa e do obxecto social, a gobernanza democrática e participativa e a aplicación dos principios de solidariedade e responsabilidade permiten combinar actividades económicas sustentables con impacto social positivo.

A economía social, presente en todos os recunchos do mundo, representa en España o 10 % do PIB, proporciona o 12,5 % do emprego e vincula o 42,8 % da poboación. O mapa da economía social en Galicia está formado por máis de 7.300 entidades e empresas cun volume de emprego estimado de 24.904 persoas traballadoras e máis de 74.120 persoas sociais, comuneiras ou mutualistas, que xeran arredor do 7 % do produto interior bruto.

A economía social promove emprego estable e de calidade, é pioneira en innovación social, ofrece solucións a retos económicos e sociais, contribúe activamente á cohesión social ao impulsar a inclusión social e é un modelo de igualdade de oportunidades para todas as persoas. É, polo tanto, un actor clave para a consecución dos ODS, xa que proporciona respostas innovadoras ás necesidades complexas e crecentes da poboación.

No camiño do recoñecemento institucional en Galicia non queremos deixar de lembrar a aprobación da Lei de economía social de Galicia no ano 2016, así como a definición da política pública de promoción da economía social, recollida na Estratexia galega de economía social e na constitución do Consello Galego de Economía Social —ambos en 2019— co fin de dispoñer dun marco de actuacións e dun contexto que fomente a interlocución e o diálogo de todos os axentes implicados.

Con base en todo isto, e seguindo a estela das institucións europeas e españolas, o Consello de Economía Social de Galicia solicitou o recoñecemento e apoio do Consello Económico e



Social de Galicia, cuxo pleno aprobou o 8 de novembro de 2021 un manifesto no que se solicita:

Primeiro. Compartir o recoñecemento por parte das institucións públicas, reforzando a visibilidade e a competitividade, das empresas de economía social mediante políticas públicas e calquera outra iniciativa acaída a tal fin e en cooperación cos axentes da economía social, buscando a transversalidade para mellorar a coherencia das políticas e obter unha maior eficacia.

Segundo. Mellorar o nivel de coñecemento sobre as empresas e entidades de economía social promovendo a cooperación entre o mundo académico, os centros de investigación, os institutos de estatística e as entidades e empresas de economía social.

Terceiro. Apoiar a implementación da normativa e os procedementos que fomentan obxectivos de política social, como pode ser a contratación pública socialmente responsable, así como a presenza da economía social en todos os sectores e no eido da educación, tanto nos procesos formativos como de capacitación profesional, co obxectivo de desenvolver competencias e reforzar habilidades das persoas participantes, potenciais impulsoras, integrantes e/ou beneficiarias da economía social.

Cuarto. Non esquecer, por último, a proposta de reforzar as redes de actores públicos, privados e sociais, da economía e a sociedade para fomentar o crecemento económico e as políticas de inclusión social no territorio.»

Nada máis, moitas grazas. Esta é a declaración. *(Apróbase por asentimento.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día e imos ao punto quinto, que é o de interpelacións.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. Bloque Nacionalista Galego, sobre a regulación do sector eólico

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día, señor vicepresidente Conde.

A Lama, Becerreá, Bembibre, Cerdedo, Chantada, Coristanco, Foz, Laza, Lugo, Mazaricos, Ferrol, Pontevedra, Castro Candelas, Seoane do Courel, Vila de Cruces, Antas de Ulla, Carral, Meira, Vilalba, Gondomar, Marín, Bueu... Por se non se enterou ou non se quixo enterar, en menos de vinte e catro horas, máis de 22 localidades van protestar neste país, como xa fixeron nestes últimos meses moitas outras, contra a súa política eólica baixo o lema «Eólica así non». *(Aplausos.)*

E, insistimos, non é unha oposición á enerxía eólica, señor Conde. Paren de mentir e paren de manipular. Eu aínda non vin un só colectivo ou organización neste país que estea en con-



tra da enerxía eólica. Do que están en contra é do seu modelo eólico, do modelo eólico do Partido Popular, que, en lugar de estar a ser unha oportunidade para avanzar na autosuficiencia enerxética, para xerar riqueza económica ou para loitar contra o cambio climático, se está a converter nun problema social, económico e tamén medioambiental de primeira orde por como vostedes están facendo as cousas. *(Aplausos.)*

E é máis, fan vostedes as cousas tan mal, tan, tan absolutamente mal, que esta contestación non só é cada vez máis forte e máis numerosa, senón tamén cada vez máis transversal e máis extensa ao longo de todo o país. A oposición á política eólica da Xunta de Galicia está cerca de concentrar case tantos apoios como desexo da paz mundial, señor Conde. *(Aplausos.)*

Mire, vostedes enfadan os concellos de todas as cores —tamén do Partido Popular—. Enfadan vostedes colectivos de todo tipo —eses colectivos que despois demonizan—, desde asociacións de veciños, comunidades de montes, asociacións ecolóxicas, sindicatos agrarios, asociacións de todo tipo, e empresas do sector primario. E agora vostedes enfadan mesmo a patronal. A verdade é que son vostedes uns campións, porque iso non é nada doado de conseguir. E, desde logo, hai que insistir nunha cuestión, e é que neste país a xente é maior de idade, e cando está en contra dalgunha política do Goberno galego non é porque azuce ningún partido político, senón porque son maduros. Porque este é un país maior de idade, sabe o que quere, o que lle gusta e o que non.

Fóra diso, señor Conde, de verdade, ¿canto tempo van seguir enrocados en que vostedes teñen a razón e todo o mundo está equivocado? Desde logo, nós entendemos que hoxe podería comezar unha rectificación. Sobre todo porque están indo vostedes —tamén llo digo— de mal en peor. E para mostra, un botón: esas modificacións que nos regalan nesta lei de acompañamento que este Parlamento, como ben sabe vostede, está tramitando nestes días, nestas semanas, nestes meses.

E dá a impresión ou é evidente que vostedes queren fuxir do debate e que por iso tramitan esas cuestións a través da lei de acompañamento. Pero téñolle unha mala noticia: como de momento non poden decidir nin vetar as interpelacións do Bloque Nacionalista Galego, hoxe vai ter que responder sobre esta cuestión. E pode practicar vostede tamén, señor Conde, o seu habitual escapismo, pero, desde logo, o mellor para este país pois sería que hoxe abandone esa estratexia de culpar os demais, que dea explicacións e, sobre todo, que tenda a man para buscar unha solución, porque o certo é que esa solución só pode pasar, primeiro, por escoitar, despois por dialogar e, por último, por planificar. Esa, desde logo, sería a vía: escoitar, dialogar e planificar. O problema é que vostedes van en dirección contraria, como kamikaces, a douscentos por hora. E agora aproveitan unha vez máis esta lei de acompañamento para tramitar modificacións pola porta de atrás.

Eu quero insistir nunha cuestión: esta sería a décima, ¡a décima!, modificación da Lei do sector eólico —que se di pronto—. Serán 10 reformas que xa acumulan 61 cambios. Isto dá unha media, señor Conde, para o seu goberno, o de Núñez Feijóo, pois de seis cambios por ano. Eu preguntolle se isto é seguridade xurídica, se isto é planificación, se isto é ese rigor do que vostede tamén fala. Porque, desde logo, a nós non nolo parece.



E hoxe queremos facerlle unha pregunta ademais moi concreta: ¿cales son os motivos que levaron o Goberno galego para impulsar estes novos cambios? ¿Que estudos, que referencias fixo ou con quen falou o Goberno galego? Porque, desde logo, dá a impresión de que non falaram con ninguén máis que con vostedes mesmos. (*Aplausos.*)

Mire, voulle ler algo: «*La Xunta recurre para ello a la Ley de medidas fiscales, imposibilita el necesario debate social, obstaculizando la transparencia y la participación. Es inaceptable que medidas de semejante transcendencia se adopten sin información previa a los agentes afectados.*» Iso é un comunicado da patronal, señor Conde. Eu xa sei que non lle gusta que traíamos aquí sentenzas xudiciais sobre o seu modelo eólico, que non lle gusta que traíamos o que di o movemento ecoloxista, os sindicatos agrarios, pero xa é que ata a patronal, señora Conde, recoñece esta cuestión.

Desde logo, coa oposición non falaram para consensuar as medidas que incorporan na Lei de acompañamento, pese a que esta cuestión leva sendo obxecto de debate desde hai moitos anos e levamos moitos anos pedindo modificacións no ámbito legal. Tampouco falaram vostedes con eses colectivos aos que demonizan e que están demandando un novo modelo eólico.

Polo tanto, señor Conde, vostedes non falan con ninguén, e o resultado é que enfadan a todo o mundo. E, desde logo, devecemos por escoitar as súas explicacións hoxe, pero voulle dicir o que nos parece ao Bloque Nacionalista Galego esta operación de cosmética do Partido Popular.

A nosoutros parécenos que o que ten cu ten medo. Entón, como o que ten cu ten medo, vostedes viron a alta contestación social que estaba tendo esta cuestión e decidiron pois intentar facer unha operación camaleón, poñer o traxe ecoloxista, e intentar así apaciguar a contestación social, tocando dous dos puntos que máis preocupan á sociedade, que é a distancia das vivendas e que é a alta proliferación de solicitudes de proxectos, que proliferan como os cogomelos nesta época do ano.

Pero miren, esta representación de comedia mala que están facendo dígolle unha cousa: isto é como cando intentaron facer esa escenificación de que tiñan a capacidade de parar proxectos do ámbito estatal e de que os únicos problemáticos eran os do ámbito estatal. Non funciona, non funciona porque neste país a xente non é parva e sabe perfectamente o que hai; non funciona por iso. Non funciona tampouco porque, en lugar de facer unha modificación seria, fan vostedes unha chapuza xurídica e fan vostedes, ademais, un amago que non vai en serio, a nada que se analice, e voulle explicar por que.

Hai un refrán tamén que di que quen fai a lei fai a trampa, e iso é o que fixeron vostedes. Primeiro, sobre a presunta moratoria, é absolutamente irreal, para dar a impresión de que non van admitir máis proxectos, cando hai tres trampas. A primeira trampa é que sabe vostede perfectamente que neste país as solicitudes de explotación eólica funcionan como unha especie de dereito de pernada; é dicir, se hipoteticamente eu, como promotora, solicito poñer un aeroxerador no xardín do Parlamento —que dentro de pouco chegaremos a iso— pois vostede xa non pode ir detrás e solicítalo. Polo tanto, a día de hoxe o que temos é que neste país xa hai pouco territorio dispoñible. Abonda para iso ver simplemente o mapa (*A señora*



Presas Bergantiños mostra un documento.) no que podemos conxugar os parques existentes, as solicitudes en tramitación e demais. Sabe vostede que, aínda que fixese unha moratoria, tería un efecto real moi reducido.

A segunda trampa é que agocha a motivación real desta decisión, que é a súa incapacidade de tramitar, é a incapacidade real na Administración galega, fundamentalmente por falta de traballadores e traballadoras públicos, que xa ese intento de privatización da Administración que fixeron coa Lei de reactivación económica non está funcionando, está a Administración colapsada, e iso díxo tamén o empresariado, que di que está bloqueada e que os prazos son absolutamente irrealistas. Polo tanto, pretenden así opacar a absoluta incapacidade nunha administración que non funciona. (*Aplausos.*) Por non falar xa do desamparo absoluto de propietarios, de veciñanza, de concellos, que non teñen un instrumento cun mínimo amparo xurídico e técnico ao que ir consultar.

E a terceira trampa é que vostedes, claro, se dedican a poñer excepcións. Entón, fan así unha aparente moratoria, quedan como os máis ecoloxistas do planeta, pasan a ser vostedes uns radicais de demonizar a solicitude de moratorias en Rede Natura, que por exemplo trouxo este partido político a esta cámara, a votación de vetar a ampliación de proxectos en zonas de ampliación de Rede Natura, que vostedes paralizaron previamente; eramos uns loucos extraterrestres, pero agora vostedes pois intentan aí disimular, pero poñen a trampa, poñen as excepcións. Entón, ¿cales son as excepcións? Pois un proxecto declarado de especial interese estratéxico por parte do Goberno galego xa pode tramitarse, ou se un día o Consello da Xunta decide pois momentaneamente suspender esa moratoria, así porque o decide ese Consello. Non, polo tanto, o que fan é poñer xa a porta de saída, e ademais dunha forma moi curiosa, porque os proxectos que a Xunta decida poden ir adiante; ou sexa, vostedes son fascinantes, porque son os reis do libre mercado, pero despois, a dedo, despois as empresas que vostedes escollen a dedo son as que poden seguir a tramitación. Esa é a economía social que lle gusta ao Partido Popular.

En segundo lugar, o mesmo acontece respecto ás distancias das casas. Aparentemente asumían vostedes un dos principais problemas, que é que non se adecúa a lexislación vixente ás novas dimensións da tecnoloxía, pero claro, despois chegou o trámite de emendas parciais e asistimos a ese clásico de que o Partido Popular dá marcha atrás mediante as súas emendas parciais, o que xa é un absoluto pitorreo. Desde logo, vostede, que tanto fala de rigor nesta cámara, vaia chapuza sobre chapuza sobre chapuza. (*Aplausos.*)

En todo caso, iso amosa algo: que vostedes son conscientes de que se equivocan, que vostedes literalmente din nese texto legal que hai que procurar unha ordenación racional do sector, recoñecendo que é irracional e desordenado. E o problema é que se seguen equivocando.

Polo tanto, hoxe, señor Conde, queremos que nos conteste a algo moi claro: ¿asume vostede, asume o Goberno galego que a constante improvisación lexislativa neste ámbito é un erro e que teñen que sentarse a dialogar, a planificar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e a ordenar? ¿Vano facer, si ou non, señor Conde? Porque este é un clamor social e hoxe ten a oportunidade de iniciar o camiño.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, mire, se neste parlamento hai alguén que demoniza algo, son vostedes, que hoxe, unha vez máis, volven demostrar o non do Bloque Nacionalista Galego ao desenvolvemento dun sector eólico ordenado en Galicia.

Non, se facemos algo; non, se non o facemos. Ao BNG claramente o único que lles vale é paralizar o sector eólico en Galicia, e, polo tanto, que un sector que xera riqueza, que xera emprego, poida paralizarse, e, polo tanto, supoña o peche de planta de compoñentes como foi o caso de Siemens-Gamesa nas Somozas, o que podería tamén chegar a suceder con Vestas en Viveiro, se pola pasividade do Goberno non se consegue o compromiso dalgún comprador interesado.

Lamentablemente, ao Bloque Nacionalista Galego só lle interesa o emprego en abstracto, teno demostrado permanentemente nesta cámara, o que lamentamos é que non se dea conta de que detrás das cifras sempre hai persoas e hai familias. Non hai máis que mirar a súa posición de confrontación permanente en Galicia, con todo e contra todos. Iso si, fronte a Madrid, ese silencio cómplice que está permitindo que nestes momentos estea desenvolvendo en Galicia unha transición inxusta que está poñendo en risco o futuro de 16.500 galegos e galegas ás que vostedes lles están dando as costas. Son, señora Presas, o partido do non en Galicia e do si en Madrid, iso está xa no seu currículo.

Volvendo ao sector eólico, mire, a Xunta ten claro que o futuro do sector eólico pasa necesariamente por unha planificación ordenada, e niso estamos traballando, é un sector clave para a nosa economía, un sector que ten evolucionado moito tecnoloxicamente, que evita as emisións de CO₂ e que, dende logo, contribúe á mellora das zonas onde se implanta, e o único que nos estamos atopando é que fronte a un impulso deste sector o Bloque Nacionalista Galego o único que quere é a paralización do mesmo.

Nós temos un modelo, e o que me gustaría saber é cal é a parte do modelo do Partido Popular e da Xunta de Galicia que non lle gusta. ¿Non lle gusta que apliquemos a normativa medioambiental? ¿Non lle gusta que apliquemos esa planificación ordenada que dote de seguridade xurídica o sector? ¿Que é, exactamente, dentro da normativa que se está aplicando



na autorización dos parques eólicos aquilo que non é garantista dende o punto de vista medioambiental, dende o punto de vista patrimonial, dende o punto de vista da defensa das actividades económicas?

Lamentablemente, seguimos nesa oposición de confrontación por parte do Bloque Nacionalista Galego, que o único que lle interesa é simplemente poñer obstáculos ao desenvolvemento da riqueza deste país.

Pero mire, nós estamos, efectivamente, actuando, porque hai un contexto no cal require a actuación de goberno, e hai que tomar decisións. E vostede sabe que o Goberno estableceu un real decreto, o 23/2020, que establece unha serie de prazos de tramitación dos proxectos, que está provocando neste momento, non só en Galicia senón en toda España, que os promotores se estean precipitando á hora de presentar as súas iniciativas, en moitos casos sen presentar a documentación coas condicións mínimas para a súa tramitación. O único que están buscando, en moitos casos, é non perder os permisos de acceso e conexión que teñen outorgados e mesmo perder as garantías económicas. E nós, ante iso, señora Presas, o único que estamos trasladando é unha moratoria, precisamente para poder tramitar os expedientes que temos presentados na Administración e estar á marxe desta situación provocada por un real decreto que, establecendo eses prazos, está provocando esta improvisación por parte dos promotores.

E por iso nesa planificación do sector imos seguir garantindo un desenvolvemento racional do sector en Galicia, avaliando todos os proxectos coas máximas garantías para que se poidan cumprir todos os requisitos técnicos, xurídicos e ambientais e, polo tanto, tramitando os proxectos e só autorizando aqueles proxectos que realmente cumpran toda a normativa vixente no desenvolvemento do sector.

Tamén, como sabe, o noso modelo é un modelo de transparencia, aínda que non lles guste. E vostede sabe que este goberno ten unha rede de información provincial de proxectos eólicos que xa leva trinta reunións cos diferentes concellos, para trasladar en tempo real toda a información que lles poida afectar no desenvolvemento de calquera tipo de proxecto.

Sabe que hai unha guía divulgativa da tramitación dun proxecto eólico e sabe tamén que este goberno constituíu unha oficina de información a propietarios de terreos, precisamente para facilitar toda a información sobre os métodos e criterios de valoración e toda a normativa aplicable para a clasificación e cualificación do solo.

Polo tanto, máxima transparencia cos veciños, cos concellos e con toda aquela persoa que requira calquera tipo de información sobre a tramitación dun proxecto.

Finalmente, efectivamente, temos proposto unha nova limitación á distancia dos aeroxeradores con respecto aos núcleos rurais, urbano ou urbanizable. Imos pasar dos 500 metros actuais a cinco veces a altura total do aeroxerador, porque entendemos que nestes momentos a altura dos aeroxeradores require unha actuación deste tipo dende o punto de vista do impacto na paisaxe.



Gustaríame saber que non lle gusta do modelo eólico deste goberno, seguramente o canon, e, polo tanto, seguramente ter unha taxa de retorno para o conxunto da cidadanía galega dende o punto de vista medioambiental que nos ten permitido xa recadar ata o momento 251 millóns de euros.

O primeiro a ter claro, señora Presas, é que estamos ante un tributo de carácter extrafiscal, polas afeccións adversas sobre o medio natural e sobre o territorio. E xa que me fala de rigor, debería de aplicalo nas propias emendas que está propoñendo o Bloque Nacionalista Galego para o canon eólico, que pretende emendar a Lei de medidas convertendo o canon nun imposto á xeración eléctrica. Debería saber que, se iso fose así, estaríamos en risco de que se poida eliminar este canon eólico, porque sería recorrible. Un canon eólico que ten como único obxectivo, precisamente, pola súa configuración, corrixir o impacto na súa repercusión en termos de impacto medioambiental.

Con todo, vostede sabe que o sector eólico ten un impacto máis aló do canon, non só pola xeración de postos de traballo —7.000 postos de traballo directos e indirectos— senón tamén polo impacto no produto interior bruto e, por suposto, señoría, en taxa de retorno, tamén cos impostos, tributos e rendas para os propietarios que se xera na nosa economía. 28 millóns de euros polo imposto de sociedades, 30 millóns de euros polo imposto sobre o valor de produción de enerxía eléctrica, ao redor de 23 millóns de euros polo canon eólico, 37 millóns de euros polos impostos municipais que cobran os concellos e que, polo tanto, repercuten na cidadanía, e tamén 11 millóns de euros en rendas polo uso do solo.

Polo tanto, impactos dun modelo, en primeiro lugar, garantista dende o punto de vista do impacto medioambiental e, en segundo lugar, tamén un modelo que está permitindo unha taxa de retorno ao conxunto da cidadanía, aos concellos e, polo tanto, ao noso territorio.

Señoría, tramitar non significa autorizar e, polo tanto, lamento que o Bloque Nacionalista Galego pretenda que este goberno non tramite. ¿Que medo ten o Bloque Nacionalista Galego porque se tramiten os proxectos? Nós o que garantimos é o cumprimento da normativa e, polo tanto, somos garantistas para non autorizar ningún parque que xere un impacto medioambiental ou urbanístico que non estea contemplado. E, polo tanto, nós seguiremos actuando co máximo rigor.

Mire, señora Presas, Galicia é verde e, dende logo, será máis verde porque a través deste modelo enerxético que estamos impulsando a través das enerxías renovables, a través da eficiencia enerxética, imos intentar que efectivamente Galicia siga liderando esta transición ecolóxica e sobre todo siga liderando esta loita contra o cambio climático.

Seguirémolo facendo coas diferentes medidas e, por moitas veces que o intenten, señora Presas, non nos van quitar nin a ambición nin a ilusión por seguir traballando en favor dunha Galicia máis verde. E farémolo sen dar o visto bo a ningún proxecto que non cumpra a normativa, porque o persoal que se encarga da tramitación administrativa —que vostedes sempre poñen en entredito— son excelentes profesionais e son os que garanten que precisamente todos os impactos sexan avaliados e, polo tanto, só se poidan autorizar aqueles parques que realmente cumpren a normativa vixente.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Ben, señor Conde, empezando polo final. Respecto á distancia, ben, eu alégrome de que consultara as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pero eu creo que non revisou —e é grave, porque vostede é deputado ademais— as propias emendas do Grupo Parlamentario do Partido Popular, onde se cargan basicamente tamén parte do que vostedes habilitaron das distancias. (*Aplausos.*)

Pero dúas reflexións. Primeiro, benvidos ao planeta Terra e a que hai un problema, porque non hai unha correspondencia coas exixencias do Plan sectorial eólico de hai vinte e cinco anos —joh, sorpresa!— co desenvolvemento da tecnoloxía. Benvidos, porque votaron unhas cantas veces —vostede, co seu dedo— en contra de peticións dos grupos da oposición de reconsiderar esa cuestión e adaptar a lexislación ás novas tecnoloxías.

Benvidos, pero, xa que veñen cara a aquí, fágano ben, porque o que están facendo é habilitar unha excepcionalidade que, ademais, xera inseguridade xurídica respecto das repotenciacións, señor Conde. Polo tanto, revisen esas cuestións.

E si, efectivamente, non nos gusta o canon, non nos gusta, nós non nos escondemos; apostamos pola participación pública directa de beneficios do sector, claro que si. Agora ben, tamén evidenciamos coas nosas emendas que se lles ve a vostedes a patita do lobo, véselles perfectamente. ¿Por que non aproveitan a Lei de medidas para —non sei— que o canon eólico deixe de ir costa abaixo recadando menos e que se corresponda realmente coa xeración que hai a día de hoxe?

Mire, iso de que se repercute na factura xa o vivimos con vostedes, coa súa lei que fixeron en Galiza e coas leis que fixo o señor Aznar primeiro, a Lei do sector eléctrico, e, despois, coas leis de restricións e recortes económicos do ano 2012 do señor Rajoy. Claro que si, e foi Galiza quen máis pagou, 38 millóns de euros. (*Aplausos.*) E vostedes, como gobernaba o Partido Popular, votaron aquí a favor de recorrer iso e demais e despois non o fixeron, non lle pediron ao Estado que pagara iso. E é máis, non quixeron ir ao fondo do problema, votando en contra dunha proposición de lei do BNG, que era cambiar a lei eléctrica do Estado para que iso non volvесе acontecer. Polo tanto, por esa cuestión non se preocupe, que seguiremos insistindo.

En todo caso, mire, de verdade, hoxe non atendeu na sesión de control e entón vou insistir: paren de culpar os demais. Mire, primeiro, aquí nós non demonizamos ningún sector, vostede non nos vai dar leccións, porque o Bloque Nacionalista Galego impulsou unha regula-



ción do sector eólico que era vangardista e que vostedes tombaron por sectarismo político e que lle custou máis de 3 millóns de euros ás arcas públicas. *(Aplausos.)* E xa poño a venda antes da ferida do seguinte debate. Tamén somos pioneiros no ámbito mineiro, fomos das primeiras comunidades autónomas en ter unha lexislación específica, porque o Bloque Nacionalista Galego traballou da man do sector para facer esa lei, unha lei con garantías que despois se dedica vostede a modificar pola porta de atrás con esa lei de acompañamento que tanto lles gusta. *(Aplausos.)*

Pero, ben, que nos fale vostede de paralización, xa non me vou ir ao pasado. Pero, mire, ano 2020, cero megavatios instalados. Houbo uns meses de pandemia nos que non houbo tramitacións administrativas, ben, pero é que o 2021 non vai moito mellor, 50-60 megavatios; andamos aí, señor Conde. Polo tanto, ¿quen paraliza? Se esta é a súa ambición, de verdade, tomen un pouco máis de frasquiño de ambición, porque lles fai falta. *(Aplausos.)*

Eu non sei se a culpa de que a Xunta de Galiza non tramite e non reforce o sistema público e non habilite mecanismos mellores e garantistas tamén coa sociedade e cos propietarios e co persoal afectado para así ter menos oposición é do BNG, é culpa da señora Ana Pontón, é culpa das carpetas da señora Ana Pontón, é culpa do internacional dereito de autodeterminación, é culpa de Venezuela, de Bildu. Estou ansiosa de ver o seu argumentario posterior, señor Conde, pero a responsabilidade é súa, ¡é súa! *(Aplausos.)* Non só porque estean gobernando neste momento, é que o levan facendo dende o ano 2009, e vostede estaba alí xa como asesor do señor Feijóo antes de ser conselleiro. Polo tanto, menos balóns fóra, porque a responsabilidade dos problemas do sector eólico, de paralización, de acceso á información pública, de custodia medioambiental, de falta de retorno económico é absolutamente íntegra do Partido Popular, señor Conde. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Desde logo, nós insistimos: respondan ás cuestións que formulamos nesta interpelación: ¿asumen que o que está acontecendo, e o que está acontecendo tamén ao fío desa chapuza que meten na lei de acompañamento, enfada a todo o mundo, un concellos de todas as cores políticas, un colectivos sociais de todo tipo —ecoloxistas, sindicatos agrarios, asociacións de veciños, comunidades de montes, observatorios económicos—, enfada tamén a patronal, o propio empresariado de todo tipo? ¿Non asumen vostedes que se están equivocando, que é unha cuestión grave para o país e que é mellor sentarse e dialogar?

Mire, este parlamento constituíuse o 7 de agosto de 2020. Se nese momento vostedes estiveran en disposición a dialogar, acababan antes, no lugar de andar aprobando leis de tramitación exprés que non valen para nada, facendo realmente un diálogo de catro, cinco, seis meses para facer as cousas ben, porque ás veces é mellor parar un pouco e pensar as cousas para poder actuar e que haxa resultados.

E, desde logo, o resultado que está tendo o seu modelo eólico é este: falta de garantías sociais e ambientais, falta de retorno económico e un problema no lugar de ser unha oportunidade económica. Este sábado —mañá— vai haber moitísimos colectivos neste país reclamando democraticamente e libremente —porque son maiores de idade— que queren outro modelo eólico, que queren outra posición neste debate tan importante. Polo tanto, rectifiquen, porque cada vez que rectifican acertan.



E nós seguiremos insistindo e traeremos unha moción ao seguinte Pleno insistindo nestas cuestións. E canto máis tarden en darnos a razón, son vostedes os que están poñendo en perigo este país, primeiro, porque, se se fan as cousas, van estar mal feitas e vai haber danos irreparables e ser unha perda de oportunidades tamén do ámbito económico; e, segundo, porque, se non se fai, tamén vai ser un hándicap para Galiza.

Polo tanto, non repitan os erros da anterior crise, na que foron vostedes os que paralizaron este sector. Non repitan os erros de cando cometeron danos irreparables...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Remate, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...dos que xa hai sentenzas, como é o caso do Iribio, e fagan outra cousa. Rectifiquen, escoiten, dialoguen e planifiquen.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para quenda de réplica ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Presas, a verdade é que ninguén consegue contentar o Bloque Nacionalista Galego. Se ordenamos o sector, porque ordenamos o sector; se lle poñemos límites ao sector, porque lle poñemos límites; se consensuamos co sector, porque consensuamos; e se non consensuamos con eles, porque non consensuamos tampouco con eles. Deberían de aclararse, señora Presas, porque así é moi difícil traballar. *(Aplausos.)*

Recoñezo que non lle ía recordar nesta intervención a súa etapa no Goberno do bipartito. *(Murmurios.)* Pero, claro, é que se me fala do modelo vangardista do Bloque Nacionalista Galego, teño que facer referencia a que vostedes estiveron no Goberno e que o seu modelo xa foi avaliado e xulgado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Quizais olvidouse. E debería de saber que os seus socios de bancada os acusaron de tentar converter o concurso nunha repartición dixital, os seus socios, non o Partido Popular. E debería recordar que o decreto eólico do Bloque Nacionalista Galego acumulou varios recursos da industria e oito obxeccións, señora Presas, do Consello Consultivo de Galicia. E debería recordar, nese modelo vangardista do Bloque Nacionalista Galego, que os concursos dos anos 2006 e 2007 foron anulados por sentenzas dos tribunais. Señora Presas, creo que non pode falar vostede coa cabeza moi alta do modelo eólico do Bloque Nacionalista Galego, porque para iso xa actuou a propia Xustiza.

En calquera caso, creo que este exercicio de demonización do sector insistindo en ilegalidades, como é o desenvolvemento da tarifa eléctrica, do Bloque Nacionalista Galego, sinxela-



mente creo que non ofrece ningún tipo de solución aos galegos e sobre todo non permitirá que Galicia poida seguir avanzando na instalación de renovables e no desenvolvemento enerxético, que ese é o obxectivo que estamos tendo no Goberno e que simplemente o Bloque Nacionalista Galego o único que está utilizando é poñer paus na roda para o seu desenvolvemento, simplemente utilizando este parlamento para intentar confundir a xente e sobre todo utilizando ese ecoloxismo de pancarta que lamentablemente non ten ningún tipo de utilidade, sobre todo para resolver os problemas dos galegos.

Nós imos seguir avanzando na consolidación dun desenvolvemento eólico ordenado. Non houbo ningunha referencia súa a ningún aspecto que realmente poña en dúbida que este goberno está aplicando a normativa, sendo absolutamente garantista dende o punto de vista do impacto medioambiental e patrimonial e sobre calquera outro aspecto vinculado co territorio, ningún. Porque sinxelamente, señora Presas, este goberno está aplicando unha normativa medioambiental absolutamente estrita e rigorosa, que garante a todos os veciños que efectivamente non se autorizará ningún parque que non cumpra con esa normativa. E, a partir de aí, a pregunta é: ¿cal é a posición do Bloque Nacionalista Galego? ¿Que non cumramos a lei? ¿Esa é a súa proposta? ¿Ese é o seu modelo? Pois para iso, señora Presas, non conte, dende logo, co Partido Popular e coa Xunta de Galicia.

Todos os proxectos, señora Presas, todos os proxectos eólicos se someten a unha avaliación ambiental ordinaria, que é a máis garantista de acordo coa disposición normativa vixente en materia de avaliación ambiental. E recórdolle, señora Presas, que esa avaliación é a mesma en Galicia que no resto de España, a mesma normativa medioambiental que garante precisamente que os proxectos cumpran coas exixencias medioambientais. Polo tanto, o único que están vostedes é pedindo parar en Galicia a tramitación para que seguramente o sector eólico se desenvolva noutras comunidades autónomas. Se iso é o que vostedes queren, pois realmente non entendo moi ben a política que quere desenvolver o Bloque Nacionalista Galego.

Efectivamente, estamos introducindo melloras, melloras para ser garantistas, melloras para protexer tamén os diferentes impactos medioambientais, e a pregunta é: ¿cal é a proposta que realmente non resposta a que o noso modelo siga garantindo dende o punto de vista medioambiental o impacto no noso territorio? Seguiremos apostando pola Galicia verde a pesar desa Galicia negra que quere pintar o Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Conde.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a normativa mineira

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Bo día, señorías. Bo día, señor conselleiro.



Imos continuar falando da Galiza verde e tamén da Galiza negra, señor conselleiro.

Interpelámolo hoxe por mor dun tema que preocupa moito, pero moito, ao conxunto da cidadanía de toda unha comarca, a de Muros-Noia, e, nomeadamente, as miles de persoas que viven do seu traballo nesa ría.

Poderíamos, señor conselleiro, poñer moitos exemplos, pero, sen dúbida, as minas de San Fins e as actuacións que vén tendo o Goberno galego ao respecto dende hai anos son un exemplo paradigmático do modelo e do deseño que ten o Partido Popular para este país.

Recentemente, agora no mes de novembro, véñense de poñer a exposición pública as solicitudes da empresa Tungsten San Finx, do grupo Sacyr, de autorización para a vertedura ao río Pesqueira de augas residuais industriais depuradas procedentes da explotación mineira de estaño e volframio localizada en San Fins, no concello de Lousame; e, por outro lado, o proxecto da mesma empresa de adecuación do cauce para a retirada dos sedimentos acumulados no dominio público hidráulico na contorna das presas de San Fins.

Mais antes de centrármonos nestes últimos pasos dados pola empresa e tamén pola Administración galega, imos describir o contexto dos últimos doce anos, doce anos de goberno popular na Xunta de Galiza que son a historia dunha conivencia entre dúas empresas mineiras e a propia Xunta, que vén obviando sistematicamente a normativa ambiental e, dende logo, toda cautela en materia ecolóxica.

Para comezar, no ano 2009 o Partido Popular permitiu que unha empresa retomase a súa actividade mineira sen un proxecto sometido a avaliación ambiental —isto foi o que levou a que distintos exaltos cargos da Consellería de Industria estean sendo investigados pola Xustiza— e sen exposición pública.

Esa decisión proseguíu coa adxudicación de máis de 2 millóns de euros en subvencións entre o ano 2009 e 2013, incluídos os 800.000 euros que recibiu do Igape, malia os informes técnicos negativos; 2 millóns de euros que non sabemos realmente a onde foron, pois nese 2013 a primeira empresa declarouse en concurso de acredores e deixou o seu persoal con seis meses de nómina sen percibir.

Máis aló disto, levan vostedes máis de dez anos permitindo, con gravísimas consecuencias ambientais, que a empresa se desentenda da súa obriga de manter a seguridade das presas de residuos mineiros. E permitírono con mentiras, señor Conde. Deron por bo un informe que indicaba que as presas serían —leo textual— «irrefutablemente presas hidroeléctricas» e non de residuos mineiros, con tal de encubrir aquela autorización de 2009, sen avaliación ambiental.

As presas nin son hoxe nin foron nunca presas hidroeléctricas, nin están vencelladas a ningún muíño, como se intentou facer ver. Son presas de residuos mineiros e a súa responsabilidade é de quen ten os dereitos da explotación mineira e da Administración, que ten a obriga de que se exerza a dita responsabilidade.



Fixo falta un informe de Augas de Galiza de 2019, dez anos despois de que vostedes autorizaran a explotación sen avaliación ambiental, sobre a titularidade das minas para que se corroborase o que era obvio, que —textualmente outra vez— «a xestión e a explotación das dúas presas era realizada pola empresa mineira».

E agora sae de novo a exposición pública a autorización de verteduras para que a actual concesionaria active a mina, proxecto que vén disfrazado de mellora ambiental na contorna da mina, e tamén a adecuación do leito do rego das Rabaceiras, que, segundo o propio proxecto, é unha medida medioambiental compensatoria da empresa para mellorar o estado global do río e para asegurar o comportamento estrutural das presas situadas no mesmo, pero sen realizar accións no propio corpo das presas.

Por se non fosen suficientes as responsabilidades que a empresa vén eludindo dende a concesión, atopámonos agora con que pretende simular a actuación —e volvo ler textualmente— «como un dragado fluvial de menos de 100.000 metros cúbicos». Así o recolle o proxecto, e recólleo así precisamente para non estar suxeito ao procedemento de avaliación ambiental. E é o informe de Augas de Galiza sobre a titularidade das presas o que evidencia que o dragado non é tal, senón que é a retirada de residuos mineiros para o seu reprocesado. E esta actividade, señor Conde, si está suxeita ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.

Por tanto, seguen vostedes a ser cómplices de mentiras para que a empresa siga tamén sen cumprir as súas obrigas. A mentira das presas e a ausencia dunha restauración ambiental na zona tivo e segue a ter consecuencias no territorio, consecuencias sobre as que vostedes deben dar explicacións, e deberían dalas, señor conselleiro, antes de que llas pida ningún xulgado, como recentemente as tiveron que dar diante da Xustiza —insisto— exaltos cargos da Consellería de Industria.

Unhas consecuencias sobre o territorio das que non só fala o BNG. Os propios técnicos de Augas de Galiza da área de calidade de augas nun informe de abril deste ano clarifican meridianoamente os impactos que xa existen e que derivan da ausencia dunha restauración ambiental na contorna da mina; un informe que, por exemplo, certifica que se superan os valores máximos admisibles de cadmio —metal pesado— augas abaixo da mina de San Fins.

E, por se todo isto fose pouco, agora, coa solicitude de autorización de verteduras para o desaugamento das galerías das minas e a súa posterior explotación que vostedes someten a información pública sen estudo de impacto ambiental, perpétrase unha nova ameaza.

É incríbel, pero a falla de coherencia reiterada entre o que establece a norma e a actuación da Xunta nas minas de San Fins é, cando menos, digna de estudo.

En fin, non lles chega, señor Conde, efectivamente, o que di a lei, senón que tamén podemos acudir á interpretación que da mesma fai o propio persoal técnico da Administración. O informe de marzo de 2020 da funcionaria enxeñeira de minas responsábel da supervisión do grupo mineiro San Fins no Servizo Provincial de Enerxía e Minas di, textualmente, que é necesario para continuar coa actividade que se teña aprobado un proxecto de explotación



completo avaliado ambientalmente, e conclúe ese informe coa recomendación á Dirección Xeral de Política Enerxética para que —leo textualmente— «ordene suspender temporalmente a actividade polo prazo dun ano, requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo ao que se xunte a solicitude de inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental».

Non se entende, señor Conde —ou si—, como a Xunta de Galiza insiste en permitir esta situación. Tampouco se entende —ou si— que este proceso de intento tras intento de reapertura da mina dentro dun mesmo expediente non remata nunca. Só é entendíbel, señorías, pola existencia dalgún tipo de interese inconfesábel e pola conivencia do Goberno galego e a propia empresa.

E vemos esta conivencia en numerosas explicacións que forman parte do argumentario do Partido Popular para defender as consecuencias do proceder en San Fins, como, por exemplo, o de que a minería e o marisqueo son plenamente compatíbeis porque xa o foron toda a vida, un argumento que insulta a intelixencia, porque na actualidade, afortunadamente, os parámetros ambientais que se deben cumprir en materia de calidade das augas non son os de hai toda a vida. Tamén é moitísimo maior o coñecemento científico, polo que aludir ao pasado como proba da compatibilidade das súas actividades non ten sentido. E vostedes, que están instalados permanentemente no pasado para o que lles convén, pretenden que a minería en San Fins continúe como hai un século.

Esquecen ou queren esquecer que o esteiro do Traba, na ría de Muros e Noia, a onde van parar as augas de San Fins, é unha zona de altas densidades de metais pesados, onde non se pode mariscar a pesar de ter unha potencialidade produtiva inmensa. Por sorte, na ría de Muros e Noia aínda quedan moitas zonas que escapan a estes niveis de contaminación e que producen marisco de altísima calidade.

E o BNG quere que isto siga a ser así e quere ademais que se recuperen cada vez máis zonas produtivas que xeren riqueza e que xeren postos de traballo na comarca; postos de traballo moitos moitos máis que os que daría a mina de San Fins. Vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, señor presidente— señor Conde, negan os impactos de San Fins, pero afortunadamente en Galiza hoxe temos informes científicos que desmontan as súas mentiras. O último, o que acaba de publicar unha prestixiosa revista da Universidade de Vigo, que evidencia que a contaminación da ría por metais pesados...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...está directamente vinculada á actividade mineira de San Fins, situada só a sete quilómetros da ría.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pérez.



A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato e continúo na seguinte intervención.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pérez, eu agradézolle a oportunidade de explicar en sede parlamentaria cal é a situación real da minería en Galicia e, por suposto, o compromiso que temos para aplicar unha das lexislacións máis exixentes que temos en Europa en canto á protección do medio ambiente. Vostede na súa intervención, de forma permanente, quere deixar entrever intereses ocultos da Xunta de Galicia e do Partido Popular. Eu o que me pregunto é cal é o interese que ten o Bloque Nacionalista Galego en pechar calquera tipo de actividade mineira. Esta é a realidade. E, sobre todo, cal é o interese que ten o Bloque Nacionalista Galego de forma permanente en confrontar a xente. ¿Por que?

Debería recordar, señora Pérez, que a Lei de ordenación da minería de Galicia que estamos aplicando en Galicia foi aprobada polo Bipartito e foi aprobada polo Bloque Nacionalista Galego. E o conselleiro daquela, do Bloque Nacionalista Galego, dicía que estaba convencido de que é compatible a actividade mineira co respecto do medio ambiente, coa creación de riqueza e coa creación de postos de traballo. ¿Cal é o cambio que leva nestes momentos ao Bloque Nacionalista Galego a estar en contra de calquera tipo de actividade mineira? Seguramente, se fora vostede un pouco máis prudente na súa intervención, podería explicar que en España se aplican máis de cen normativas para garantir precisamente ese desenvolvemento sostible do sector da minería e compatible co resto das actividades económicas, porque, efectivamente, ese é o obxectivo que ten a propia Lei de ordenación da minería: evitar calquera tipo de impacto sobre o medio ambiente a través da actuación da minería pero garantir tamén o seu desenvolvemento e a súa compatibilidade con outro tipo de actividades.

Nós, dende logo, non lle imos admitir, señora Pérez —dígollo con toda cordialidade—, a emenda á totalidade que o Bloque Nacionalista Galego, de forma permanente, quere trasladar a este parlamento sobre o desenvolvemento da minería en Galicia.

Creo que non deberían de xogar cos postos de traballo e cun sector que realmente está apostando pola innovación, pola integración medioambiental e, polo tanto, polo desenvolvemento da riqueza en Galicia, cunha minería sostible, cun sector, cunha cámara mineira que están comprometidos, dende logo, con ese desenvolvemento. Creo que non é responsable a súa actitude e esa confrontación política creo que non a deben de levar en ningún caso aos impactos económicos; un discurso permanentemente demagóxico que simplemente está in-



tentando poñer en risco o emprego en sectores estratéxicos da nosa economía. Non conte, como lle digo, coa Xunta de Galicia.

E neste contexto, en canto a San Fins, é curioso. Referencia temporal do Bloque Nacionalista Galego para falar de San Fins: ano 2009. A partir do ano 2009 chegan todos os males a San Fins, todos, pero curiosidade: ¿quen autorizou a transmisión dos dereitos mineiros de San Fins? O Bloque Nacionalista Galego, cando estaba gobernando co Bipartito, no ano 2008. Señora Pérez, ¿por que autorizaron esa transmisión de dereitos mineiros se vostedes entendían que non se cumprían os aspectos medioambientais e non se cumprían ningunha das garantías para o desenvolvemento da súa actividade?

É certo que este goberno, dende logo, está garantindo o seu desenvolvemento, aprobando o proxecto de actualización dunha mina que hoxe segue activa e da que, como sabe, a súa actividade está temporalmente suspendida, pendente, precisamente, da autorización de verteduras por parte de Augas de Galicia.

E voume centrar neste tema, porque, claro, estamos falando dunha mina que está activa e que ten unha realidade que é simplemente que hai unha serie de auga que está nestes momentos emanando de forma natural e na medida en que non hai ningún tipo de actividade extractiva hai que garantir que esa vertedura ao río se desenvolve por parámetros naturais. Ese é o obxectivo. Debería dicirlle á xente a verdade. E debería dicirlle á xente que a Xunta de Galicia, que Augas de Galicia, está intentando ser garantista para que esa auga que hai que verter se produza cos parámetros naturais do propio cauce e, polo tanto, con todas as garantías dende o punto de vista do seu impacto no territorio, tanto no río como na propia ría. Debería dicir a verdade.

E, polo tanto, en todo ese traballo que se está desenvolvendo dende o ano 2019 precisamente Augas de Galicia está establecendo esas condicións para establecer as exixencias de vertedura para eliminar todo o cadmio e todo o zinc e, polo tanto, para que o caudal non teña ningún tipo de impacto.

E debería de saber —e contar a verdade— que, na medida en que se establezan os diferentes controis, automaticamente haberá un control sobre o punto de vertedura, na propia ría; dous controis antes de que esa auga poida chegar á propia ría.

Debería saber que neses traballos o que está facendo Augas de Galicia é precisamente garantir que se poida establecer a depuración das augas residuais procedentes da mina de San Fins. E, polo tanto, debería de contar a verdade e dicir que o que se quere facer e o que está exixindo Augas de Galicia é que se depure esa auga e que esa auga acceda ao río nas condicións de parámetros naturais. E iso é a garantía de que, efectivamente, a actividade se pode desenvolver con todas as garantías dende o punto de vista do impacto.

E debería de trasladar que Augas de Galicia exixiu que se desenvolvese un proxecto piloto para garantir que, efectivamente, esa depuradora pode cumprir coas exixencias de control das augas. ¿Por que non contan a verdade? ¿Por que sempre contan a verdade a medias e no seu interese? ¿En que está en contra o Bloque Nacionalista Galego de que Augas de Galicia



tutele que, efectivamente, as verteduras se poidan desenvolver garantindo que a auga se devolve ao río nos seus parámetros naturais? ¿Por que non o explican? Seguramente porque vostedes están intentando utilizar este tema, simplemente, con confrontación política e confrontando a xente. É o peor, o peor que pode facer o Bloque Nacionalista Galego: confrontar a xente; fano sempre, dende o independentismo, e así, dende logo, non van chegar moi lonxe.

Deberían saber e contar que, efectivamente, ese baleirado e esa rexeneración ambiental que vostede traslada se vai desenvolver en dúas fases. Debería de contar que nesa primeira fase do baleirado da auga se vai desenvolver en 494 días, máis dun ano, señoría, para ser absolutamente garantista de como se verte a auga ao río e, polo tanto, garantindo que, efectivamente, as condicións do cauce non se ven alteradas.

E, como lle dicía, dous controis: na propia depuradora, no punto de vertedura e na ría, e, polo tanto, garantindo que, efectivamente, no caso de que se aprobe ese proxecto que está presentando a empresa, cumpra con todas as garantías e esa vertedura se vai desenvolver nas condicións que establece Augas de Galicia.

Señoría, non sei cal é o obxectivo que ten o Bloque Nacionalista Galego, un obxectivo escuro, lamentablemente, porque, efectivamente, vostedes dedícanse a intentar tinxir Galicia de negro. Pero nós imos seguir e perseverar, imos tinxir Galicia de verde, de verde eólica e de verde tamén das propias minas, porque forman parte tamén desa economía circular que nos debe de levar a ese proceso de descarbonización, co impacto que ten a propia riqueza mineira nos diferentes sectores económicos. Lamentablemente, vostedes seguen na confrontación, nós seguiremos no impulso da actividade económica.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, eu realmente non entendo por que nesta interpelación o conselleiro de Industria, vostede, é quen interpela ao BNG. Aquí o interpelado é vostede e quen ten que responder as preguntas é vostede. *(Aplausos.)* Ata o de agora non o fixo. Quen se limitou a sementar aquí comentarios, efectivamente, que non veñen a conto foi vostede, unicamente vostede.

Mire, dixoo insistentemente que eu debería saber, que eu debería trasladar, que eu debería contar, que eu debería saber. Non, non, eu sei ata onde sei polo que lin, que foi bastante. Pero o responsable da consellería é vostede e quen ten que saber realmente é vostede, e non me cabe ningunha dúbida de que sabe. Por iso me estraña que, aínda sabendo, señor Conde,



se limite a súa consellería a actuar desta maneira na que está actuando, porque a mina de San Fins ten uns antecedentes de máis de dez anos atrás, uns antecedentes absolutamente perversos e que continúan a día de hoxe.

Mire, vostede di que a lei que están vostedes aplicando é a do Bipartito. Creo que é a única verdade que dixó en toda a intervención. Efectivamente, é a do Bipartito. Pero un momento: unha cousa é a lei, ¿verdade?, e outra como se aplica.

Porque mire, no ano 2014 neste país non gobernaba o Bipartito. Aconteceu, por exemplo, na mina de Monte Neme —entre Carballo e Malpica, ben sabe—, que reboseu unha das balsas de residuos. Claro, houbo e hai exaltos cargos da consellería sendo investigados por isto.

Precisamente a Fiscalía puxo o foco en relación coa autorización que a Xunta deu en 2011, que tampouco gobernaba o Bipartito, da reapertura da mina de Varilongo, en Santa Comba, sen avaliación de impacto ambiental, pese a existiren informes que alertaban de que a explotación podía contaminar as augas. É dicir, un caso practicamente igual ao que estamos a falar.

Polo tanto, lei do Bipartito, lei ben feita, sen ningún problema, pero a súa aplicación por parte do Partido Popular é un auténtico desastre. E éo polo que dixen ao principio: por non se sabe que intereses, pero dende logo por unha convivencia clara entre a Xunta de Galicia e a propia empresa. *(Aplausos.)*

Claro, e fala vostede, señor conselleiro, de que nós deberíamos saber que a auga que hai que verter en San Fins, para que teña autorización, auga industrial, resulta que ten todas as garantías, porque di vostede que houbo un proxecto piloto que o demostrou. Pois mire, señor Conde, ou vostede ou os informes dos técnicos de Augas de Galiza menten, e eu decántome porque é vostede o que mente. Porque os propios informes de Augas de Galiza neste tema da planta piloto de depuración constatan que esa planta, esa experiencia, foi un absoluto fracaso. Se agora vostede nos vén dicir ao Bloque Nacionalista Galego, pero sobre todo á cidadanía da comarca de Muros-Noia, e sobre todo a que vive da ría, que son miles de persoas, que se van basear para depurar esas augas na experiencia da planta piloto de depuración é que entón si que temos que botar as mans á cabeza, señor Conde, porque foron os propios informes da Xunta de Galiza, os propios informes de Augas de Galiza os que puxeron e poñen en entredito os resultados desa experiencia piloto.

Remato, señor conselleiro. Mire —e dígollo así de claro—, a reapertura da mina non se pode —non o di o Bloque Nacionalista Galego, que tamén, senón os distintos informes da Xunta de Galiza— reabrir sen avaliación ambiental e moito menos despois de coñecerense todos estes antecedentes dos que estamos a falar.

Como hai moitos informes de Augas de Galiza, da Xunta de Galiza, nós a verdade é que nos preguntamos que máis necesitan que os propios informes dos técnicos da Administración, que máis necesitan para reconsiderar esta decisión e realmente ser garantista e seguir protexendo a ría de Muros-Noia. Realmente non sabemos que máis necesitan, porque se agardan a iso que di vostede, a iso que vostede chamou...,



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato— literalmente, *una serie de aguas que se están vertiendo*, convídoos, señor conselleiro, a que veña ver esa serie de augas, convídoos a que veña velo. Esas non son filtracións, é realmente un caudal de auga...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...incríbel que está vertendo directamente ao río, a ríos, que, evidentemente, como dicía o poeta, *van a parar a la mar*.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pérez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pérez, de novo na súa intervención quere xerar as dúbidas sobre a actuación e a protección do medio ambiente deste goberno. A pregunta que eu lle faría —e xa sei que non lles gusta, pero eu faríalle esta pregunta— é: ¿por que o Bipartito autorizou no ano 2008 a transmisión dos dereitos mineiros e non exixiu, neses momentos, a avaliación ambiental integral?. É unha pregunta moi sinxela á que vostede non quere responder.

Se están tan convencidos de que o que queren trasladar é a incompatibilidade desta explotación coa protección do medio ambiente, a pregunta é: ¿por que o Goberno bipartito lle concedeu tres axudas no ano 2008 a esta empresa, á empresa que tiña os dereitos mineiros? Concedeuille tres axudas no ano 2008 por un importe de 830.000 euros. Recórdolle: 120.000 euros para desenvolver novas técnicas de explotacións, de filóns verticais en minería metálica e case seis centos mil euros para un proxecto de investimento e unha planta de tratamento de minerais metálicos. ¡O Bipartito!

Nós, señoría, non temos ningún inconveniente —como poden imaxinar— en que se concederan estas axudas. O que eu me pregunto é simplemente por que, cando vostedes gobernaron, defenderon a mina de San Fins, incluso dando axudas, e agora resulta que o impacto medioambiental da mina de San Fins ten que levar ao seu peche. Iso, señora Pérez, é moi difícil de explicar. A xente, simplemente, non os cre. É así de sinxelo. Vostedes dedícanse ao servilismo e aos aplausos cando non goberna o Partido Popular, e dedícanse á confrontación e aos insultos cando si goberna. Creo que deberían de revisar, seguramente, esa estratexia.



Pero, mire, aquí non estamos falando do Bloque Nacionalista Galego, non estamos falando tampouco do Partido Popular, se me apura, tampouco da Xunta de Galicia; estamos falando dos veciños de Noia, de Muros, de Outes, de Ribeira, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) deses veciños que, efectivamente, queren saber cal é o impacto que pode ter a autorización da actividade desta mina. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) (*A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Silencio, señora Pérez.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Ben, encántame que vostede saiba tanto (*Risos.*), pero debería centrarse, seguramente, nesos veciños porque vostede quere, simplemente, desviar a súa atención.

Mire, eu diríalles aos veciños... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):que, no caso de San Fins, a Xunta de Galicia o que vai facer é garantir que, efectivamente, dende o punto de vista urbanístico, dende o punto de vista ambiental e dende o punto de vista da calidade das augas, se vai cumprir coa legalidade vixente. Iso é o que teñen que ter claro os veciños e que, dende logo, se iso non fose así, o proxecto non se aprobaría. E xa o ten demostrado este goberno, que cando non se cumpre a normativa, o Goberno non autoriza. E os veciños o que teñen que saber é que o que lle temos exixido á empresa é que instale unha depuradora que garanta a mellor solución, cumprindo os parámetros de calidade das augas da vertedura ao río Pesqueira. Iso é o que lle exiximos á empresa. E os veciños teñen que saber que nós aprobaremos o proxecto sempre e cando se poida garantir que, efectivamente, a depuradora pode actuar correctamente para garantir que eses parámetros de calidade se producen e teñen que saber que, de aprobarse, haberá un control no punto de vertedura na depuradora e un segundo control na propia ría, a través do Intecmar. Polo tanto, todas as garantías.

Primeiro, hai que avaliar se realmente cumpren coa lexislación, coa normativa, e se se pode garantir que a auga cumpre os parámetros de calidade. Se é así, aprobarémolo, e, se non é así, non o aprobaremos. E, dende logo, o que si imos garantir é que, efectivamente, calquera autorización que se poida vincular con esta mina vaia cumprir coa normativa vixente e, sobre todo, que lles vaia trasladar confianza aos veciños, porque, lamentablemente, o Bloque Nacionalista Galego o único que ten é desconfianza, confrontación e unha actitude para tinguir todo de negro, e creo que esa non é unha actitude responsable por parte dun partido político.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor vicepresidente.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais no ámbito laboral

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Moi bo día, señora conselleira.

Estamos hoxe, precisamente, no Día Internacional dos Dereitos Humanos, unha coincidencia. Nós tiñamos pensado, de todos os xeitos, traer a este Parlamento este asunto, que concretaremos no plano laboral deseguido, pero tamén porque pensamos que estamos nun momento importante, preocupante, que debería ser un momento e un punto de inflexión para todas e todos. Porque estamos nun momento cun caldo de cultivo no que, pese a que se veñen advertindo desde hai tempo as cifras, as estatísticas xa reflicten, por desgraza, non só a nivel institucional, senón a nivel social, que está calando este discurso de odio. Aí están esas cifras do aumento da desigualdade, da discriminación e mesmo das agresións venciadas á LGTBIfobia. Estamos vivindo a nivel estatal agresións a golpe de titular diario, como vostede sabe, e o que transcende nestes casos adoita ser unha minimísima parte. Sen ir máis lonxe, aquí, en Galicia, nestes últimos meses, vivimos casos ben coñecidos; o máis grave, por desgraza, é o acontecido este verán co mozo Samuel Luiz na Coruña, na cidade da Coruña; evidentemente, un asasinato, indiscutiblemente, con tintes homofóbicos.

Nós pensamos que, ante estas situacións, arredor destas situacións, deste panorama preocupante, como dicíamos, que estamos vivindo, non abonda con facer declaracións de condena, por moi contundentes que sexan, non abonda con declaracións institucionais, temos que exercer todas e todos a nosa responsabilidade no ámbito que sexa, no político, no institucional, no social e no educativo.

A nivel galego, nós temos unha lei que vimos convidando a que se desenvolva, que é a Lei de 2014, en todos os seus puntos, en todos os seus capítulos, para evitar este tipo de situacións. Estamos encantadas e encantados de que esta lei non estea en entredito, e de todos eses dereitos conseguidos que se veñen desenvolvendo na nosa comunidade. E aquí permítanme que amosemos todo o noso apoio e a nosa solidariedade, non só ao Grupo Socialista, senón a todos os grupos da oposición da Asemblea de Madrid, a todas as madrileñas e a todos os madrileños, que están neste momento vendo como en poucos días se pode avanzar nesa campaña da ultradereita para derrogar as leis LGTBI na Asemblea de Madrid. ¡Nin un paso atrás! (*Aplausos.*)

Dende aquí, aínda que, afortunadamente, non temos en risco, como dicía, o desenvolvemento da nosa lei, si convidaría o presidente da Xunta de Galicia, a Alberto Núñez Feijóo, a



que, dentro desa responsabilidade que todas e todos temos —e isto dito sen ningún tipo de acritude ou de dobre volta—, como viamos na celebración do Día da Constitución esa proximidade —moi lícita— do presidente da Xunta de Galicia, nesas fotografías que foron protagonistas de moitas portadas, e ese cariño, esa relación que ten coa presidenta Isabel Díaz Ayuso —bueno, aínda que sexa en privado—, a aconselle a non seguir o ditame da ultradereita, da extrema dereita. Por aí non, ¡por aí non! (*Aplausos.*)

Aí tamén temos nós —dicíamos— responsabilidade, e queremos lembralo, como dicía, neste Día Internacional dos Dereitos Humanos. E facemos estas reflexións porque este panorama, este caldo de cultivo que dicíamos que están a padecer as persoas LGTBI se está a plasmar tamén no ámbito laboral. Así quedaba reflectido neste estudo, nese informe que presentaba o sindicato UXT no mes de outubro. Realizábase un traballo en distintas comunidades, con datos preocupantes en todas, pero especialmente con datos elevados e preocupantes na nosa comunidade.

En xeral, a nivel estatal, ese estudo asegura que o 90 % das persoas LGTBI considera un inconveniente a súa condición, a súa identidade e a súa orientación no ámbito laboral nestes momentos; dese 90 %, a cifra aumenta ata o 96 % aquí en Galicia. Un 96 % das persoas LGTBI —ano case 2022— considera un inconveniente a súa condición, identidade ou orientación. Tamén ese estudo amosa outros datos absolutamente terribles: o 91 % das galegas e galegos ou veciñas e veciños LGTBI consultados na nosa comunidade consideran necesario ocultar a súa condición ou orientación no lugar de traballo, e seis de cada dez reconece ter sufrido algún tipo de desigualdade, discriminación, agresión, xa sexa física ou verbal. ¡Seis de cada dez persoas consultadas pola UXT —insisto— nese estudo!

Atopámonos, polo tanto, en Galicia entre as tres comunidades onde a percepción de discriminación que teñen as persoas LGTBI no plano laboral é máis alta e, ante estes índices, estima este grupo parlamentario que o Goberno galego está na obriga, na responsabilidade, de actuar, e de facelo, ademais, con premura, coas ferramentas posibles.

Toda esta situación deriva —como arroxa tamén ese estudo, ese traballo—, ademais, de que moitas destas persoas, ante esta situación, o que fan é renunciar de por si a dereitos laborais que teñen, a dereitos como poder ser acompañar as súas parellas ao médico, a un hospital, a dereitos como acompañar os fillos ou mesmo a dispoñer, a gozar de días libres cando contraen matrimonio. É dicir, estamos ante o efecto máis perverso da desigualdade e da discriminación: que as propias persoas LGTBI moitas veces se ven na obriga mesmo de renunciar a dereitos que están aí no convenio da súa empresa.

Ante estes datos, como dicía, realmente preocupantes, a UXT fixo tamén unha aproximación de ver en que situación estaban os distintos convenios colectivos nos distintos ámbitos, e a sorpresa —ou non tan sorpresa— é o gran baleiro que existe neste senso. O que trasladan é que aínda que os sindicatos si que levan tempo traballando e intentando introducir medidas, e as administracións o fixeron máis, por exemplo, en materia de igualdade, neste caso, en materia LGTBI, hai un gran dereito para conquistar de verdade a igualdade de dereitos destas persoas, e todo fica e se reduce á voluntariedade, e isto, evidentemente, como dicimos e vendo os datos, non abonda.



Por iso pensamos que os convenios colectivos deberían introducir cláusulas específicas que eviten estas situacións discriminatorias e garantan a igualdade de dereitos e a protección das persoas LGTBI. Por todo isto, ademais de insistir na necesidade de desenvolver en toda a súa extensión a lei galega do 2014, porque hai capítulos e aspectos desa Lei pola igualdade e a non discriminación das persoas lesbianas, gais, bisexuais, trans e intersexuais de Galicia que non se están —pensamos— a desenvolver como cómpre, insistimos nesta necesidade de pedir ao Goberno da Xunta, conselleira, que incentiven, a través das mesas abertas de diálogo social cos sindicatos e coas distintas asociacións empresariais, a introdución específica de plans de igualdade nesta materia; unhas medidas indispensables —pensamos— para evitar que a inmensa maioría das traballadoras e traballadores LGTBI se atopen coa problemática intolerable que este informe da UXT acaba de visibilizar.

Polo de agora, máis nada, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Coñecemos, efectivamente, ese informe do que vostede fala nesta Cámara, e somos conscientes —o Goberno é consciente—, por suposto, de que os resultados que arroxa o documento amosan que queda camiño por percorrer en Galicia e que as persoas LGTBI seguen enfrontándose diariamente a dificultades, a discriminacións e tamén, por suposto, no ámbito laboral, por razón da súa identidade e por razón da súa orientación sexual.

Pero o que si me gustaría é trasladar as medidas que xa levamos tempo poñendo en marcha por parte do Goberno da Xunta de Galicia e tamén as medidas novas que estamos incorporando para fomentar, precisamente, no tecido empresarial e no tecido produtivo que melloren as condicións laborais, a promoción profesional de mulleres e de homes sen que exista ningún tipo de discriminación.

E si me gustaría dedicar un momento a falar da lei que, efectivamente, temos aprobada por maioría desta Cámara no ano 2014, esa Lei LGTBI galega que segue vixente, por suposto; e que segue vixente por ese consenso parlamentario que garante o principio de igualdade de trato, de non discriminación en Galicia por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero. Contén medidas para previr, para corrixir e para eliminar as discriminacións nos sectores tanto públicos como privados; en concreto, contempla medidas no ámbito laboral, contén unha serie de disposicións neste sentido, establece que as organizacións sindicais e empresariais, xunto cos colectivos LGBTI, impulsarán medidas inclusivas, informarán sobre a normativa en materia de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de



xénero e promoverán os dereitos e a visibilidade destas persoas nos seus lugares de traballo. Esta lei recolle xa conceptos como o de discriminación múltiple, que pode afectar persoas por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero; unido a outras condicións, por exemplo, a da súa discapacidade. E, como digo, é unha lei vixente no día de hoxe e aprobada grazas ao consenso desta Cámara.

En Galicia contamos co Observatorio contra a discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, que foi outra iniciativa pioneira. Foi constituído no ano 2018 coa finalidade tamén de dar cumprimento ao previsto no artigo 7 da Lei do ano 2014. É un órgano colexiado, é un órgano de carácter consultivo, de participación social, onde está presente, por suposto, a Administración e as entidades máis representativas da comunidade do colectivo LGBTI en Galicia e está aberto a todas as que queiran sumarse.

Mostra —penso— do compromiso que mantén o Goberno galego son os convenios de colaboración que levamos asinando xa algún tempo coas principais entidades do colectivo da nosa comunidade; concretamente, no día de hoxe, son 6: Arelas, Casco, Nós mesmas, A.L.A.S Coruña, Les Coruña e Pulsa LGBTI. Neste sentido, este ano 2021 duplicamos o orzamento para estes convenios, e esta aposta seguiremola mantendo para o vindeiro ano 2022.

Centrándome xa no que falabamos na interpelación en relación co diálogo social, a interlocución que ten o colectivo LGBTI en Galicia non soamente se dá a través da Secretaría Xeral de Igualdade, senón actualmente a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que mantén permanentemente aberto o diálogo social para abordar calquera cuestión vinculada co ámbito laboral e cos axentes participantes, cales son os sindicatos e o tecido empresarial. Neste sentido, a dirección xeral está traballando nun estudo específico sobre a problemática e a situación laboral do colectivo LGTBI, estudo que se elevará ao diálogo social para a súa análise o vindeiro ano 2022. E tamén estamos traballando no eido da formación en igualdade laboral que, como saben, se puxo en marcha este ano a través dun campus específico de formación neste sentido, nunha xornada formativa específica que estará aberta tanto a representantes de organizacións empresariais como sindicais e aos propios traballadores co obxectivo, precisamente, de sensibilizar, de formar e de crear conciencia nas organizacións sobre a situación diaria que afrontan estas persoas.

Estamos levando a cabo medidas con carácter transversal —como digo— para a sensibilización, a información, a formación e tamén os apoios ao emprego con maior intensidade polos condicionantes que sitúan a persoa traballadora nun punto de partida máis complexo, máis difícil, que outras. Neste sentido, acabamos de aprobar tamén, a través desta Dirección Xeral de Relacións Laborais, a *Guía para a prevención e o tratamento do acoso sexual e o acoso por razón de sexo nas pemes*, publicada o pasado mes de setembro e tamén coñecida e traballada no diálogo social. A normativa actual —como saben— exige que todas as empresas sen excepción dispoñan dun protocolo para a detección e a prevención do acoso, e nesta mesma guía o que incluímos é un protocolo en si mesmo e outros documentos de interese, como pode ser o modelo de denuncia. Co cal, a guía está no día de hoxe xa á disposición das empresas e, por suposto, da cidadanía; e, en xeral, considera, en concreto, actos de acoso por razón de sexo aqueles atentados que vaian en contra da dignidade de calquera persoa, como pode ser dunha persoa traballadora por motivo da súa orientación sexual, pola súa



expresión ou identidade de xénero ou condición de persoal intersexual, transexual ou en proceso de atribución de xénero, ou dunha muller traballadora polo feito de ser muller ou dun home polo seu feito de ser home.

No ámbito da formación e da prevención laboral —como saben— traballa o Issga, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, e traballa tamén co obxectivo de integrar a diversidade na xestión preventiva e empresarial para garantir a igualdade e a non discriminación. O Issga traballa para que a prevención laboral inclúa todo tipo de diversidade, tamén a sexual, co fin de evitar calquera tipo de discriminación contra as persoas traballadoras.

E tamén me gustaría sinalar que, partindo deste enfoque —como digo— de acción transversal, desenvolvemos programas —como dicía antes— con incentivos de discriminación positiva para os colectivos que son máis vulnerables e que así o precisan. Este é o caso, por exemplo, do programa Galicia Emprega, que está dirixido —como saben— a facilitar incentivos á contratación das persoas que máis dificultades teñen para atopar un traballo e que inclúe, en concreto, un incremento das contías base dun 25 % da axuda para persoas transexuais, atendendo, ademais, aquí unha demanda que fixo o propio colectivo. Este incremento tamén se dá noutros programas, como son o Programa de promoción do emprego autónomo, o Programa Aprol, economía social e tamén nos centros especiais de emprego.

Polo tanto, penso que Galicia foi, continúa e continuará sendo unha sociedade respectuosa, unha sociedade que está aberta á diversidade. Penso tamén que o Goberno galego e esta consellería traballamos neste sentido dun xeito transversal, e incidindo tamén moi especialmente no ámbito laboral e no seo desas medidas, estamos traballando no diálogo social; é dicir, tanto no eido propiamente da igualdade como no do emprego para poder garantir un contorno laboral máis inclusivo, un contorno laboral que sexa —como vostede dicía— seguro e xusto para todos os traballadores e as traballadoras galegas, e, en concreto, para que os ataques e os actos de violencia que seguen sufrindo as persoas LGBTI en Galicia sexa cero.

Nada máis polo de agora e moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Ben, conselleira, o certo é que o papel o aguanta todo, e moitos destes plans, destas medidas, mesmo dos capítulos que ten esta lei galega están moi ben, pero o problema é que en moitas ocasións non se cumpren. Non é algo que digamos nós, as e os socialistas. Sen ir máis lonxe, hai dúas semanas, no último pleno, nós preguntábase ao conselleiro de Sanidade a súa valoración sobre unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que acababa de condenar ao Sergas, ademais de sentar xurisprudencia a nivel estatal pola tardanza, por non dar cumprido na operación con Sara, unha muller trans que tivo que acudir á sanidade privada a operarse e que logo reclamou á Xunta eses cartos. Despois de moitos anos en trámites agardando —a súa situación, a súa saúde, non lle permitía



xa agardar máis —, foi derivada e decidiu ir á sanidade privada e logo reclamou eses cartos. A Xunta respondeu co silencio. E foi un tribunal, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, o que acaba de condenar esa administración por non dar cumprimento aos dereitos desta persoa, de Sara, a ter a operación que levaba anos e tempo demandando.

Polo tanto —nós insistimos—, xa no mes de xuño levamos unha iniciativa á Comisión, e estaba a secretaria xeral de Igualdade pedindo, entre outras cousas, o desenvolvemento e o cumprimento de todos os puntos desta lei en materia de formación e de educación, por exemplo. Tamén solicitamos que lle deran contido ao Observatorio Galego LGBTI contra a non discriminación, porque temos un observatorio que tivo dúas xuntanzas apenas: unha para conformarse e outra despois desta comparecencia, en comisión, no mes de xullo, se non me equivoco. Pero, segundo veñen denunciando as distintas asociacións e colectivos, non ten nin recursos, nin actividade, nin contido, coa que está caendo —insistimos— este ano a nivel estatal, pero tamén aquí o temos visto estes meses con estes datos, con este aumento das agresións e da desigualdade na nosa comunidade.

Polo tanto, o Observatorio Galego sería tamén unha boa ferramenta para ter datos obxectivos, para marcar liñas de traballo. Moitas veces hai que recorrer ao Observatorio da Coruña —que é o que traballa, o que ten un funcionamento— para que nos achegue esta información. Polo tanto, pedimos que desenvolvan o Observatorio. Déanlle contido, déanlle recursos.

E falaba vostede tamén de recursos pero non daba as cifras das asociacións e dos colectivos LGBTI. A verdade —sacou vostede o tema—, é bastante ridículo —por non empregar un cualificativo peor— ver que nese proxecto de orzamentos —e nós presentamos unha emenda ao respecto— para os colectivos LGBTI Galicia, 21.000 euros, conselleira. Acepten a emenda que presentou o Partido Socialista, o PSdeG, de multiplicar mínimo por catro esa cantidade, os 21.000 euros aos colectivos LGBTI. Ese é o peso que se duplicou e a sensibilidade que temos nun momento —como dicía— no que temos que botar toda a carne no asador porque tanto a nivel social como a nivel institucional estamos escoitando discursos que están calando, que están a ser o caldo de cultivo. Estanse a pór en entredito dereitos das persoas LGBTI, e a estas alturas non pode dar máis pena que teñamos que estar neste Parlamento ou na rúa defendendo os dereitos das persoas LGBTI ou que elas teñan que acudir, como no caso de Sara, a un tribunal para que lles recoñezan os seus dereitos; uns dereitos que están, ademais, contemplados e aprobados nesa Lei galega do 2014.

E para ir rematando, esta iniciativa tiña un sentido moi concreto, que era que vostedes dende a Xunta de Galicia incentivasen esas mesas e ese diálogo social cos propios sindicatos, que están a amosar, despois deste estudo, ademais, como dicía a UXT, toda a súa disposición e que están recoñecendo que hai un baleiro moi grande, porque nos convenios colectivos é onde hai que empezar regulando e regularizando para que en ningunha empresa estas persoas teñan que padecer. Lembramos que o 94 % cren un inconveniente a súa condición, orientación ou identidade e 6 de cada 10 en Galicia sufriron algún tipo de desigualdade, discriminación e mesmo agresión por ser unha persoa LGBTI.

Ademais de desenvolver plans, poñamos recursos sobre a mesa e de verdade fagamos políticas para dar exemplo, porque, efectivamente —como dicíamos antes e así o cremos—, non



estamos no camiño no que está o Partido Popular na Asemblea de Madrid con ese pacto con Vox. Dende logo, temos a sorte de que aquí non o temos, pero tamén temos moito que facer e moito que mellorar a teor —dicía—, sen ir máis lonxe, deses datos e dese estudo da UXT para as traballadoras e traballadores LGBTI.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas.

Como xa lles dicía, somos conscientes —exactamente igual ca vostedes— de que temos que seguir avanzando na loita contra a discriminación por identidade de xénero ou por razón de orientación sexual. E por iso poñemos á disposición dos colectivos eses convenios de colaboración, esas canles seguras de contacto periódico; e apoios tamén específicos para abordar as necesidades e as problemáticas e para axudar a toda persoa ou a toda entidade que así o precise a atopar solucións efectivas.

O Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero si está funcionando; e, de feito, nesa reunión, na que participei eu mesma no mes de xullo, ademais da declaración institucional conxunta que se fixo pola non discriminación contra o colectivo LGBTI, si se marcaron liñas de traballo. En concreto, constituíronse nesa reunión tres grupos de traballo: un, en materia de educación; outro, en materia de deportes; e, outro, para atender as necesidades de colectivos vulnerables, como poden ser as persoas maiores ou as persoas con discapacidade. Estes grupos constituíronse a petición das entidades e unha vez que se dialogou no seo do Observatorio sobre a creación deles.

A seguinte reunión do Observatorio para seguir afondando nos resultados destes grupos de traballo está prevista no primeiro trimestre do ano que vén. Polo tanto, si penso que en Galicia temos activado o Observatorio e temos estruturas de diálogo cos representantes do colectivo LGTBI en Galicia; de feito, está aberto —como xa dixen— a todas as entidades e a todas as asociacións que queiran comunicar á Consellería que queren participar no Observatorio.

Si me gustaría tamén aproveitar para sinalar as liñas de actuación que temos previstas para o vindeiro ano en relación coa previsión que se pode facer ou co desenvolvemento de cláusulas específicas de protección e de loita contra a discriminación das persoas LGTBI no ámbito laboral dentro dos convenios colectivos. Si temos que recordar, por unha banda, que non é competencia do Goberno autonómico regular o contido dos convenios colectivos. O contido preceptivo dos convenios colectivos teno que regular o Estado no Estatuto dos Traballadores. E, por outra banda, por suposto, as restantes cláusulas entran dentro da autonomía da vontade das partes cando negocian os convenios.



¿Que é o que podemos facer nós como goberno? Dende logo, incentivar e crear unha cultura dentro das organizacións, tanto empresariais como sindicais, para que, efectivamente, negocien ese contido que si é dispositivo nos convenios colectivos no día de hoxe.

E con ese fin é co que estamos traballando, como lle dicía, nese dobre sentido. Por unha banda, analizando nese informe, en concreto, a situación laboral que existe agora mesmo e a problemática específica que ten o colectivo LGTBI no eido do emprego, para de aí poder poñer novas medidas en marcha e fomentar ou propoñer, a través do diálogo social, medidas que se poidan incorporar tanto no eido da empresa privada como, por suposto tamén, da empresa pública. E, en segundo lugar, para incorporar dentro desa formación laboral en igualdade unha especial atención aos colectivos que son especialmente vulnerables, dentro dos cales se atopa o LGTBI, porque teñen un maior risco de sufrir algún tipo de discriminación. Por esa razón, como digo, nesa formación que se vai ampliar, como saben, no ano 2022 e no ámbito da igualdade laboral, imos dedicar unha parte, unha xornada e unha formación específica á sensibilización e á creación de conciencia sobre a situación, a problemática diaria, que sofren estas persoas e todos os traballadores, e, por suposto, os responsables de recursos humanos das empresas e das organizacións sindicais poderán formarse para previr, para evitar e para saber como actuar ante situacións de discriminación e de acoso no contorno do traballo.

Como digo, é importante dicir que tanto as conclusións deste informe que se está elaborando dende a dirección xeral como o contido desta formación específica serán abordados previamente, como sempre facemos, na Mesa de traballo sobre a igualdade que temos constituída no diálogo social.

Despois tamén quero destacar que a Secretaría Xeral de Igualdade está traballando na elaboración do Informe sobre o desenvolvemento da lei galega LGTBI. Temos xa presentados outros documentos de cumprimento e de autoavaliación nesta Cámara.

E quero facer unha última mención á Inspección de Traballo e Seguridade Social, que coido que tamén é importante. Saben que nós en Galicia temos un convenio de colaboración para o control do cumprimento da normativa laboral e que a Inspección de Traballo é a encargada de tramitar os procedementos sancionadores que, no suposto do que falamos, puidesen derivarse ante casos de acoso ou de discriminación por razón de orientación sexual.

Tamén quero informar de que este organismo, previamente á pandemia, se reuniu cos representantes do colectivo LGTBI en Galicia, e comprometeuse á tramitación de forma inmediata e coa maior celeridade de calquera denuncia que exista na comunidade autónoma por razón de discriminación a causa de identidade ou de orientación sexual.

Polo tanto, por suposto, quedan cousas por facer, queda camiño por avanzar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.



Por suposto que queda camiño por avanzar. Agora mesmo si penso que todo o que lles expliquei é boa mostra de que estamos traballando, de que a Xunta de Galicia está traballando para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero para velar polos dereitos fundamentais deste colectivo e para concienciar e sensibilizar as organizacións profesionais, empresariais e sindicais nese sentido.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos ao punto 7, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación da industria do automóbil de Vigo ante a falta de abastecemento de semicondutores

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, vicepresidente segundo.

O sector do automóbil a nivel mundial está a padecer a falla de abastecemento de semicondutores, cuestión que está a incidir dun xeito importante nas diferentes empresas do sector que ten a comarca de Vigo, e concretamente na fábrica Stellantis.

Segundo esta fábrica, son 24 os provedores de primeiro nivel afectados pola escaseza mundial de semicondutores, con, polo menos, 11 compoñentes críticos, o que obrigou a fábrica viguesa a suspender ata a data case trescentas quendas de traballo. Resumindo: Balaídos xa deixou de fabricar 110.000 vehículos por falta de microchips.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos necesario que o Goberno galego, do que vostede forma parte, actúe con urxencia, xa que ten as competencias en emprego, formación e industria. Lideren vostedes un plan global para o sector que permita minimizar este impacto negativo que esta situación está provocando no mantemento do emprego e na súa calidade.

Os eixos que debe articular este plan deben ser consensuados cos axentes sociais, empresas do sector e sindicatos. Os eixos son as formación e a busca de novos proxectos industriais.



A formación é un mecanismo que debe servir para mellorar a competitividade dos traballadores dun sector que está inmerso nun cambio radical da mobilidade, que requirirá dunha recualificación dos profesionais que traballan nel e combinar a preparación cunha mitigación económica do impacto negativo que esta situación está producindo nos salarios, permitindo manter a capacidade de produción do sector e uns empregos dignos.

Por outra banda, esta situación está a demostrar a necesidade de volver localizar en Europa certas actividades que no seu día foron deslocalizadas. Por iso, a Xunta de Galicia debe liderar a busca activa de oportunidades para a localización destes novos investimentos que se están a discutir no seo da Unión Europea e que contará cos fondos de recuperación.

Galicia non se pode permitir o luxo de perder capacidade de produción, xa que provocaría unha importante perda de emprego, e tamén sería difícil volver conseguir esa produción debido a que as decisións da maioría das multinacionais se toman a milleiros de quilómetros de aquí.

Tamén se fai necesario apuntalar un dos sectores industriais máis importantes da comarca de Vigo e do conxunto de Galicia a través de localizacións de industrias relacionadas coas novas necesidades que o sector vai demandar a curto prazo.

Por iso, dende o noso grupo parlamentario, queremos saber cales son as iniciativas do seu goberno para paliar esta crise dos semicondutores...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...na comarca de Vigo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, agradézolle que traia a este Parlamento a situación que ten a automoción galega para poder seguir traballando nun sector estratéxico da nosa economía, que está atravesando, efectivamente, por un momento de dificultade fronte aos problemas que se están a producir nun contexto internacional, marcados pola falta de microchips e semicondutores. Pero se realmente vostede quixese facer unha diagnose rigorosa e non partidista sobre a situación que ten o sector da automoción, seguramente debería reflectir tamén na súa intervención os problemas que se están a producir en España, marcados, neste caso, pola inestabilidade que xera o propio Goberno. Son moitas as fronteas abertas, señora Gallego.

Sabe que estamos ante unha inflación descontrolada, cun 5,6 % en novembro, debido nomeadamente aos prezos eléctricos, cunha subida de cotizacións e de impostos, incluído o



imposto de matriculación, que está afectando gravemente o propio sector; ante a demonización que están vostedes, como Partido Socialista, a facer do diésel; ante o atraso na propia execución dos fondos europeos —que, cando vostede fala dos fondos Next Generation, debería saber que en materia de política industrial o Goberno quedou co 100 % dos fondos e, polo tanto, as comunidades autónomas non temos ningunha capacidade de mobilizar ningún tipo de actuación vinculada a estes fondos—; e tamén ante esa falta de acordo no mercado laboral.

Dito isto, señora Gallego, se realmente quere facer unha avaliación da situación do sector da automoción, nós seguimos traballando, vinculando ao plan estratéxico do propio clúster, para que o sector se poida anticipar e poida abordar os retos da mobilidade do futuro e, polo tanto, para que realmente poida ter ese posicionamento.

Sabe que a Xunta de Galicia leva investidos máis de douscentos millóns de euros nestes anos para que a industria da automoción galega se sitúe na vangarda do vehículo conectado autónomo e ecoeficiente, e seguiremos apostando pola formación, como fixemos no pasado, coa formación de máis de 9.200 profesionais, e, por suposto tamén, con esa nova axenda de capacidades que está a deseñar a Consellería de Emprego.

Falando dos semicondutores, sabe que estamos ante un plan europeo, da propia Comisión Europea, de semicondutores. Nós témoslle remitido un escrito ao presidente do Goberno precisamente para trasladarlle que Galicia está buscando novas oportunidades no noso territorio para poder dar resposta a ese plan europeo e para solicitarlle que España manteña esa participación activa no deseño desta iniciativa que nos parece absolutamente relevante para o sector da automoción. Esperamos poder colaborar, precisamente dende Galicia, con ese plan, como lle digo, europeo de semicondutores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, vicepresidente.

Para a réplica, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Noticia de hoxe: «*La Comisión Europea dio luz verde ayer al esquema de ayudas de España para relanzar el sector de la automoción con 3.000 millones de euros*». Esta é unha noticia de hoxe. O Goberno de España si está coa automoción, señor vicepresidente segundo. (*Aplausos.*) Deixen de botar as culpas ao Goberno central. ¡Xa está ben!

Volvo dicir: ¿que solución teñen vostedes? ¿Que solución teñen vostedes ante a crise dos microchips? ¿Cal é a solución? Miren, todo o que dixeron vostedes foron unhas declaracións do señor Feijóo, que, se me permite, vou ler literalmente: «O que temos que buscar son fórmulas e solucións entre todos para facer fronte ao dano provocado na industria pola chamada crise dos microchips».



Ben, ¿que fórmulas? ¿Que solucións, señor vicepresidente segundo? ¿Que fórmulas e que solucións? ¡Que estamos falando de miles de empregos na comarca de Vigo!, ¡de empregos!, ¡empregos! Parece que isto non vai con vostedes. Parece que a política industrial non existe para vostedes, parece que está *missing*. De verdade, é que... ¿Onde está? Non se ve a política industrial do PP, realmente, de verdade. *(Risos.) (Murmurios.)* ¡É que é increíble! ¡É increíble! Vostedes, balóns fóra, balóns fóra todo o rato. De verdade, dá igual do que falemos, de industria ou do sexa, que vostedes non teñen nada, nada que ver.

E quero recordarlle tamén que a Zona Franca de Vigo está levando a cabo diversos proxectos cos fondos Next Generation, e todos relacionados coa automoción; ou sexa, que podían vostedes seguir un pouco os pasos da Zona Franca de Vigo, porque están con proxectos susceptibles dos fondos Next Generation: co hidróxeno verde, circuítos fotónicos e demais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego. Acabou o seu tempo...

A señora GALLEGO SANROMÁN: ¿Onde... *(A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, xa rematou o seu tempo. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señora Gallego, eu entendo perfectamente as dificultades que ten o Partido Socialista de Galicia de actuar como portavoz do Goberno de Pedro Sánchez, enténdoo perfectamente, e por iso entendo que se poña nerviosa na súa intervención.

Eu o que lle pregunto é: ¿por que vostedes, o Partido Socialista de Galicia, non defenden a posición da Xunta de Galicia cando lle está reclamando ao Goberno que as competencias en materia de política industrial son da Xunta de Galicia e que, polo tanto, os fondos Next Generation vinculados á política industrial deberían ser xestionados por parte das comunidades autónomas? ¿Por que non falamos en serio? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que é isto de dicir que as competencias son da Xunta de Galicia e que os fondos os manexa o Goberno de España? ¿Onde están, entón, as competencias? ¿Non se está dando conta de que o seu partido está baleirando de competencias as comunidades autónomas en materia de política industrial? ¿Non se dá conta? A partir de aí podemos empezar a falar. Pero o que esperamos é ver a letra pequena dese PERTE que está autorizado pola Comisión Europea, porque non coñecemos as condicións de lesividade que ten ese PERTE, porque o Goberno as está ocultando. E o que esperamos é que, efectivamente, o proxecto Áncora teña cabida na súa totalidade cos criterios que definira o Goberno. Porque iso é o que está a defender a Xunta de Galicia. Está a defender un proxecto, o Áncora, con 1.200 millóns de euros, definido polo propio sector, precisamente para poder apostar polo coche conectado, polo coche eléctrico



en Galicia. E esperamos, xa digo, ver esa letra pequena e esperamos que teña esa oportunidade.

E fálame vostede dos semicondutores. Acabo de trasladarlle que a Comisión Europea está desenvolvendo un plan europeo de semicondutores, dotado cun investimento público-privado de 40.000 millóns de euros en dez anos. O que lle pedimos e lle trasladamos dende Galicia ao Goberno de España, nun escrito ao presidente do Goberno, é que España se posicione nese plan europeo e que realmente teñamos a capacidade dende os centros de produción do sector da automoción en España de posicionarnos para poder localizar investimentos vinculados á produción de semicondutores.

Trasládolle que espero que o Goberno de España non faga o mesmo que fixo coas baterías, que perdemos o tren das baterías precisamente por non facer esta aposta. E xa lle digo que non pinta ben, que non pinta ben. Mire, Francia, neste plan, xa ten dotados 6.000 millóns de euros para axudar o sector da automoción no seu país; Alemaña e Italia, 3.000 millóns de euros; e España, tan só 500 millóns de euros vinculados aos fondos Next Generation. Esperemos, señoría, que o Goberno, que se arrogou o cen por cento dos fondos europeos que lles correspondían ás comunidades autónomas, actúe con responsabilidade nesta materia tan importante para o sector da automoción. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Moitas grazas.

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da protección da serra da Groba, do monte O Galiñeiro e do monte Aloia diante da tramitación da autorización de parques eólicos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día, señor Conde.

Queremos hoxe traer a este Parlamento a voz de miles de persoas, de ducias de asociacións de oito concellos que están preocupados e que están indignados pola ameaza que supón a tramitación de parques eólicos nas serras do Galiñeiro, da Groba do monte da Valga e tamén do monte Aloia. Traemos hoxe aquí o clamor social e institucional contra estes proxectos de alteración e de degradación de serras que teñen unha extraordinaria beleza, riqueza e interese e que son únicas no mundo.

Deberían facerse algunha pregunta ou algunhas preguntas, como nos facemos nós: ¿por que hai 170 colectivos que rexeitan estes proxectos?, ¿por que se presentaron 100.000 sinaturas contra estes proxectos? e ¿por que os plenos de oito concellos do Baixo Miño e do Valmiñor, de todas as cores políticas —tamén do Partido Popular— rexeitan estes proxectos? Deberían



reflexionar. Señor Conde, algo están facendo mal para poñer a todo o mundo en contra das políticas do Partido Popular.

Temos máis preguntas para vostedes: ¿por que queren destruír ecosistemas e hábitats prioritarios que deberían estar protexidos pola Rede Natura? Voulle dicir eu por que: porque queren favorecer intereses privados, de empresas privadas, e poñelos por riba dos intereses da xente, do medio e do país. (*Aplausos.*) E queren pasar, ademais, por espazos que están declarados áreas de interese prioritario. ¿Ou é que queren convencernos de que os muíños de vento son elementos de interese paisaxístico prioritario? Vostedes queren destruír humidais protexidos e hábitats que son esenciais para a conservación do cabalo galego do monte, que é unha especie característica da serra da Groba, do Galiñeiro, do monte de Valga; por certo, hoxe mesmo cando un informe da Universidade da Coruña nos alerta de que Galiza corre o risco de perder os cabelos salvaxes que coidan o monte. Así é como coidan vostedes o monte, e os cabalos salvaxes, señor Conde. (*Aplausos.*)

Miren, esta imaxe (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*) corresponde a unha gran manifestación que tivo lugar o pasado 16 de maio na serra da Groba. Atrévase a mirala, señor Conde, atrévase a mirar para as multitudes que se manifestan contra as políticas do Partido Popular. Non quere mirar esta foto. Pois esta xente non se manifestou contra os proxectos eólicos, contra a enerxía eólica, contra as enerxías renovables; esta multitude manifestouse contra o abuso, contra a prepotencia e contra a imposición das políticas do Partido Popular. (*Aplausos.*) E dinlle claramente que non van permitir a destrución do seu monte, a destrución do seu medio, a destrución dos seus modos de vida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, é sorprendente que vostede queira trasladar aquí leccións xurídicas, técnicas e medioambientais sobre o sector eólico. Eu recórdolle —xa llo trasladei á súa compañeira de grupo parlamentario— que o decreto eólico do Bloque Nacionalista Galego tivo varios recursos; que tres concursos foron anulados; que vostedes desenvolveron, señor Bará —teñen currículo—, 36 proxectos eólicos entre agosto do ano 2005 e setembro do ano 2008 con 863 megavatios de potencia instalados; que vostedes autorizaron, señor Bará, seis parques en Rede Natura e que o seu presidente de entón, Emilio Pérez Touriño, lle trasladou claramente como fixeron un concurso eólico que non ofrecía ningún tipo de garantías dende a óptica da ordenación do territorio, da sustentabilidade ambiental, da viabilidade económica dos proxectos; e que, polo tanto, estaban intentando asignar os parques aos seus amigos. Ese é o seu currículo, señor Bará.



Polo tanto, sorpréndeme enormemente que veña aquí intentar trasladarlle á xente que o Goberno tramita parques; ou sexa, ¿promove parques o Goberno? ¿Que é isto de que nós queremos destruír os humidais? ¡Pero que barbaridade política é esta! É política de baixa altura, señor Bará. O Goberno o que fai é tramitar os proxectos que se presentan na súa tramitación, o Goberno o que fai é garantir que eses proxectos cumpren coa normativa e o Goberno o que fai é garantir que, se non cumpren, non se autorizan. *(Aplausos.)* Iso é o que fai un goberno. Polo tanto, señor Bará, xa está ben de intentar enganar a xente.

Con respecto ás iniciativas empresariais prioritarias, non significa que se vaian autorizar, señor Bará, significa sinxelamente que se lles dá prioridade e que se reducen os tempos de tramitación. Teñen que cumprir exactamente a mesma normativa medioambiental que calquera outro parque. E todos os parques, señor Bará, teñen que cumprir unha autorización ambiental integrada, teñen que ter unha declaración de impacto ambiental positiva. ¿Por que queren enganar a xente? ¿Que é isto de que o Goberno quere destruír humidais? ¡Pero que barbaridade! É unha irresponsabilidade política, por non dicir outra cousa.

En calquera caso, eu lamento que vostedes sigan nesa actitude de confrontación, porque así o único que están facendo é intentar xerar medo á xente, e a xente non o merece.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Conde, non veña aquí mentir, porque teño que dicirlle unha cousa para que lle quede claro dunha vez e para sempre: quen impediu que se fixesen parques eólicos en Rede Natura foi o Goberno no que estaba o BNG na Consellería de Industria, no ano 2008. *(Aplausos.)* E se se levase a cabo a ampliación da Rede Natura que estaba prevista daquela —que tamén vostedes iniciaron no 2012—, estes parques dos que estamos falando agora estarían xa gardados nun caixón e non estarían en tramitación. Polo tanto, é a súa responsabilidade favorecer que se tramiten estes parques.

E mire, se non lle valen os meus argumentos, voulle dar outros. Voulle ler unha cita: «Se me pregunta a miña opinión referente a chantar muíños na nosa serra, pois digo que se exploren outras alternativas. Inzar a serra de muíños non parece o máis adecuado». Cristina Correa, alcaldesa de Oia do Partido Popular, *(Aplausos.)* do mesmo concello que presentou 35 folios de alegacións, criticando, cuestionando e rexeitando estes parques eólicos, igual que os demais concellos. Xa lle dixen oito concellos da comarca de todas as cores políticas que se opuxeron a estes parques eólicos.

E se non lle valen os argumentos das asociacións, da xente —que unha parte está aquí representada, neste Parlamento—, se non lle valen os argumentos do BNG, pois voulle dar os argumentos da propia Xunta, concretamente os argumentos do Instituto de Estudos do Territorio, que fixo un informe contrario a este parque eólico Albariño I e que di que tería impactos críticos, xa que alteraría os valores das áreas de interese paisaxístico afectadas.



¿Que máis queren, señor conselleiro? Déanlles carpetazo a estes proxectos, protexan a serra da Groba, a serra do Galiñeiro, o monte da Valga e a costa de Oia, tal e como estaba previsto e como prevén as áreas de interese paisaxístico, e desenvolvan un modelo eólico sustentable, xusto, respectuoso co medio e coas persoas e que favoreza o desenvolvemento do país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, é moi curiosa a linguaxe que vostedes utilizan no Parlamento para falar do sector eólico. Vostedes permanentemente intentan trasladar que estes proxectos están aprobados. Señor Bará, estes proxectos están en tramitación, e vostede o que me está dicindo é que prevarique; que, como conselleiro, asine a cancelación da tramitación dese expediente. Non, señor Bará. Estamos nun Estado de dereito. Entendo que o Bloque Nacionalista Galego, como partido independentista, (*Risos.*) entende que ese Estado de dereito non lle aplica, pero si aplica en Galicia, en España, señor Bará. Temos unha constitución, temos un estatuto, temos leis e temos normativa. E a obriga de calquera representante público responsable é aplicar esa normativa.

Polo tanto, nós imos seguir tramitando os parques, e o que lles podo trasladar a todos os alcaldes e a todos os cidadáns é que, efectivamente, imos garantir o cumprimento de toda esa normativa, que protexe desde o punto de vista medioambiental calquera tipo de impacto que non estea recollido nela.

Polo tanto, con respecto a ese informe do Instituto de Estudos do Territorio, non teñan ningún tipo de dúbida de que se analizará e se resolverá conforme a propia normativa. O que non pode é vir aquí intentar trasladar que xa estamos aprobando ese parque. Non debe, pero faino, e faino por un tema de sectarismo político, nada máis, pero non porque realmente teña ningún tipo de racionalidade política.

Esa é a forma que teñen vostedes de demonizar o sector eólico. Están en contra do sector eólico. O que deberían de preguntarse é por que. ¿Por que non defenden unha planificación ordenada? ¿Por que non defenden unha moratoria, que estamos traendo á Lei de orzamentos? ¿Por que non defenden que, efectivamente, se poidan incrementar as distancias e que dos 500 metros actuais se poida chegar a cinco veces a altura do aeroxerador? ¿Por que non defenden que, efectivamente, en Galicia o 77 % do territorio estea blindado contra os parques eólicos?

Rede Natura. Vostedes aprobaron os parques, está nos expedientes administrativos, e vostede debería saber —e díggollo con máis tranquilidade ca vostede— que na Lei 8/2009, do



sector eólico, foi onde se impediu, precisamente, a construción dos nosos proxectos en Rede Natura.

Esta é a realidade, e lamentablemente vostedes seguen obstinados en utilizar un sector económico como elemento de confrontación política e social. Iso, esencialmente, é un tema absolutamente lamentable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e D^a María do Carme González Iglesias, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto das carencias que existen no ámbito educativo na localidade de Vigo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, aquí unha breve cronoloxía da triste realidade do que está pasando recentemente no ensino público na cidade de Vigo.

1 de outubro: a comunidade educativa do Centro de Educación Especial Saladino Cortizo concéntrase na rúa do Príncipe. Víronse obrigados a mobilizarse para denunciar que a Xunta decidise amortizar a praza da traballadora social logo de que esta se xubilase, unha figura que é importantísima neste tipo de centros, e máis cando o 35 % do alumnado, como pasa neste caso, son usuarios de servizos sociais. Esa praza que recortaron era vital para garantirle ao alumnado unha formación integral que aborde aspectos que van moito máis alá dos puramente educativos.

13 de outubro: a ANPA do colexio Castelao de Navia concéntrase xunto co alumnado para reclamar máis profesorado especializado para abordar o aumento que se vive neste centro de alumnos con necesidades educativas especiais, e denuncian tamén a falta dun departamento de orientación. Non sei se vostede sabe que neste centro case un de cada tres alumnos necesita esa atención especial e hai apenas dous profesores para atendelos a todos.

Señor conselleiro, as concentracións para denunciar a falta de profesorado non deixan de sucederse ultimamente, a punto de que a Federación Olívica de ANPA acuñou o termo dos «xoves negros» da educación en Vigo.

21 de outubro, xoves negro no centro Paraixal de Vigo: a comunidade educativa concéntrase no patio e reclaman orientación, unha especialista en audición e linguaxe e outra en pedagogía terapéutica.



18 de novembro, outro xoves negro no Instituto Santo Tomé, que se concentra na porta do instituto para denunciar a masificación nas aulas. A Xunta eliminou un dos grupos de primeiro da ESO e provocou que neste momento se sobrepasen os trinta alumnos por aula; é dicir, que se están incumprindo os límites máximos establecidos legalmente; e, ademais, denuncian que hai un orientador para 817 alumnas e alumnos nese centro.

Señor conselleiro, esta situación esténdese de forma xeneralizada nos centros educativos da cidade de Vigo. Pero non porque sexan xeneralizados imos aceptalo como norma, non imos normalizar esta situación, porque están tendo un impacto negativo tremendo na calidade educativa. Primeiro, para os alumnos, que necesitan dunha atención especializada —son os primeiros que sofren as consecuencias—, pero tamén para o resto do alumnado, que ve como se merma a calidade educativa, porque o profesorado está sobrepasado e porque teñen que atender unhas aulas masificadas. E, finalmente, tamén se ve afectado o propio profesorado, ao que lle están facendo queimarse con estes recortes sistemáticos.

Señor conselleiro, os xoves negros da comunidade educativa son unha contundente chamada de atención sobre esta situación ante a que vostedes teñen que facer algo, dunha vez por todas. Se continúan con esta situación de infradotar de profesorado os centros, imos ter os...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Simplemente, acabar a pregunta:...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Acabouse o tempo. Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ¿Que van facer...?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Aplausos.)

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, a verdade é que, despois de escoitala a vostede, quedei moi preocupado. Calquera cidadán que a escoite a vostede con esa —digamos— postura tan trágica sobre a educación quedaría preocupado. Calquera que só escoite hoxe o discurso que fixo vostede diría que en Galicia pouco menos que estamos nun réxime absolutamente desproporcionado e maltratador do sistema educativo. A verdade é que, afortunadamente, podemos confrontar con toda a lexitimidade democrática esta postura tan alarmista co que é a realidade, e a realidade a verdade é que desmente absolutamente o discurso tan trágico e catastrófico que vostede plantexa aquí.

Galicia é a comunidade autónoma que ten un número de profesores máis alto en relación co número de alumnos, ten unha ratio máis elevada, en Vigo e en calquera cidade. Galicia é a



comunidade autónoma que non só baixou calidade nos últimos anos senón que mellorou absolutamente todas as variables cualitativas e cuantitativas que miden a saúde dun sistema educativo. Galicia é a comunidade autónoma que adica máis recursos por estudante de España ao sistema educativo por alumno. Galicia ten moitísimos indicadores que nos sitúan na cabeza de España, en resultados, en equidade, en igualdade de oportunidades, en formación en valores. Non obstante, escoitando a vostedes, parece que estamos case nun réxime do anterior século, practicamente.

Creo que é bo, señora deputada, que, ademais dos seus plantexamentos lexítimos, se consulten, se avalíen, se confronten cos datos reais. E vostede fálanos aquí, despois dunha visión moi alarmista, de que en Vigo pois practicamente non temos profesores ou practicamente temos abandonada a comunidade educativa. En Vigo nos últimos anos fixemos investimentos tremendamente potentes. Vostede citou o Saladino Cortizo. Xa se respondeu aquí. Ten seis profesores máis do que lle corresponde por catálogo, catálogo, por certo, feito na época do Bipartito; seis profesores máis. Neste propio instituto investiuse hai moi pouco tempo 1,6 millóns.

Tamén se citou o Rodríguez Castelao de Navia, onde se investiu hai moi pouco 3,2 millóns de euros. E o mesmo poderíamos dicir do Santa Irene, con máis de 1 millón; da Virxe do Rocío, 2 millóns e pico; é dicir, investimentos que sen dúbida son significativos.

E tamén son significativas as plantillas de profesores, porque, por suposto, todos os profesores necesarios que fixa a Inspección educativa están nos centros, e hai unha cifra superior aos de anos previos á pandemia.

Respecto da integración, Galicia é a máis inclusiva de España, sen dúbida. En Vigo, en concreto este ano, dobrouse o número de unidade de atención preferente e temos oito cuidadores...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):... máis que no curso pasado.

É obvio que sempre hai necesidades e carencias, pero... *(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, rematou o seu tempo. Moitas grazas, ten despois outro turno, conselleiro, ten despois outro turno.

(Aplausos.)

Para réplica ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Señor conselleiro, quere vostede confrontar democraticamente datos. Imos confrontar, porque vostede ten moita palabra —palabrería, diría eu— e ten datos moi xerais, pero moi poucos datos concretos da situación. *(Aplausos.)*



Colexio Castelao: necesita máis mestres especialistas en pedagogía terapéutica, en audición e linguaxe, e unha auxiliar educativa. Colexio Mestres Goldar: necesita un orientador AL a tempo completo. Os colexios Paraixal, Sobreira de Valadares e Josefa Alonso necesitan máis horas de PT, de AL e de orientación. Colexio Escultor Acuña: a Xunta suprimiu a praza de especialista en AL, con promesa de recuperala; aínda están agardando. Colexio Seis do Nadal e Instituto do Castro: falta un orientador. Instituto de Santo Tomé: teñen as aulas saturadas, con trinta e tres alumnos por aula, incumprindo os ratios máximos establecidos, e, ademais, precisan dun orientador. Colexio Celso Emilio Ferreiro: necesitan outro especialista de PT e outro de AL.

E podería seguir, señor conselleiro, podería seguir. Estes son datos. E ademais podería seguir con outras moitas cuestións que non afectan só ao profesorado, senón aos problemas en infraestruturas, (*Aplausos.*) á deficiente comida que se dá nos comedores de Vigo por parte da Xunta ou á necesidade de máis centros públicos, porque están masificados, como o tan demandado instituto de Navia, que outro ano máis, por desgraza, nos orzamentos da Xunta pois volve quedar relegado.

Isto é o que está sucedendo realmente. Son demandas concretas que se acumulan ano tras ano e que tivo que ser a propia Federación de ANPA de Vigo a que fixese a radiografía centro por centro do que estaba sucedendo. Están aí arriba, se queren enterarse do que están pasando reúnanse con eles e falen con eles. (*Aplausos.*) Se o problema que lles pasa é que lles falta diálogo en San Caetano e non se enteran, pois falen con eles.

Pero eu creo que o problema da Xunta non é que non se enteren, é que se enteran pero fan ouvidos xordos, como fixeron no instituto de Chapela, onde lle dimitiu a directiva enteira por falta dun orientador, (*Aplausos.*) e aínda é a día de hoxe que nin sequera lle responderon á carta de dimisión da directiva por falta dese orientador.

Señor conselleiro, deixe de facer...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...ouvidos xordos. ¿Que vai facer para resolver esta situación? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Fernández, xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Para réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Señora deputada, vostede supoño que presumirá que as decisións que se adoptan no ámbito administrativo por parte da Consellería de Educación se fundamentan e se basean nos informes de Inspección. Supoño que este argumento —como se soe dicir— politicamente mo comprará. Porque se vostede pensa que as decisións de dotación de profesorado son arbi-



trarias, que as pode decidir o conselleiro, que as pode decidir de xeito arbitrario pois calquera colectivo ou un partido político, realmente estaría moi equivocada e sería moi preocupante.

Pero mire, voulle dicir claramente que os centros educativos de Vigo contan cos profesores e co persoal necesario e preciso para poder facer fronte á súa tarefa. E ao final os resultados educativos están encima da mesa, en Vigo e no conxunto de Galicia, e a densidade de profesorado pois é a mesma. E xa lle dixen: podemos ser un desastre, seguramente seremos malísimos, pero Galicia é a comunidade autónoma que ten unha porcentaxe de profesores máis alta en relación cos alumnos e Galicia é a comunidade autónoma máis inclusiva do Estado no tocante a atención e a diversidade e no tocante a axudar educativamente os alumnos que máis o precisan.

Obviamente, podemos xerar o discurso que queiramos, e —digamos— as demandas en educación ou en sanidade son infinitas. Agora, hai que axustarse aos recursos e hai que axustarse ao que nos fixan neste caso os informes de Inspección.

E vostede fala de integración, e é verdade —xa llo dixen— que nas plantillas que temos o número de unidades de atención preferente que temos en Vigo se duplicaron este ano. E á situación de centros concretos que vostede cita xa se respondeu aquí, pero insiste.

O Saladino Cortizo ten seis profesores máis dos que lle corresponden por catálogo. Será en certa medida porque os inspectores entenden que si é preciso e neste caso dótase por encima do catálogo, un catálogo que fixeron, neste caso, vostedes, o Bloque e o PSOE, na época do Bipartito.

Ou podemos falar do centro Rodríguez Castelao, do que vostede tamén fala. Os recursos son os que fixa neste caso o equipo de orientación específica, tanto en coidadores como en docentes.

Non se toman medidas arbitrarias, faise o que hai que facer para garantir un ensino de calidade, que, por certo, nos últimos dez anos creo que é xusto recoñecer a mellora cualitativa e cuantitativa absoluta que houbo neste ámbito.

E respecto de Navia, creo que vostede, que fala de datos, terá que mirar algún dato máis. Neste orzamento hai 8 millóns para Navia, no plan de arquitectura pedagóxica hai 8 millóns para Navia. No momento en que os seus socios, o Partido Socialista, aprobe o proxecto de urbanización de Navia e se poida executar, vaise construír un centro educativo. Ten que pedirles neste caso aos seus socios, ao Partido Socialista, que apure un pouco máis...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...para a resolución de licenzas municipais para que se poida facer este instituto. 8 millóns de euros no plan de arquitectura pedagóxica da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro. Xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.



Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a relación das entidades sociais beneficiarias das axudas concedidas con cargo ao 0,7 por cento do imposto sobre a rendas das persoas físicas para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero, así como o tipo de actuacións subvencionadas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías.

Señora conselleira.

Dende o Partido Popular sempre cremos fundamental o traballo que fan as entidades do terceiro sector. Somos grandes defensores do que se chama pluralismo do benestar, que implica que as políticas públicas sexan deseñadas en base a unha responsabilidade compartida entre o Estado, o mercado e a iniciativa social. Neste modelo o Estado deixa de ser o principal instrumento para dar unha provisión colectiva de servizos sociais do benestar, que pasa a ser compartida pola iniciativa social e o mercado. Trátase por tanto de incrementar a eficiencia dos servizos e a capacidade de elección dos usuarios. Por tanto, increméntase o papel da sociedade civil.

Nós neste ámbito non compartimos os obxectivos da esquerda en relación con estas entidades. Todos lembramos aquel deputado que arengaba os seus para que utilizaran os cartos públicos para crear o que denominaban eles institucións populares de resistencia, isto é, agrupacións afíns que estiveran dispostas a axilizar, cando se lles pedira, pero tamén para colocar xente cando quedaran sen o cargo político, porque, como dicía aquel deputado da esquerda, a militancia non se sostén só do aire; dicía tamén que hai que deixar sementar as institucións populares para refuxiarse cando o goberno é adversario; en definitiva, unha administración paralela que utilizan como porta xiratoria.

Pero para o Partido Popular o labor das entidades do terceiro sector establécese como imprescindible, máis aínda no actual contexto de crise sociosanitaria provocada pola covid-19, para velar pola protección dos dereitos das persoas en situación de vulnerabilidade.

Neste sentido, instrumentos como a Lei 3/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social, ou o 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas para a realización de programas de interese xeral con fins de carácter social, tórnanse fundamentais; instrumentos que posibilitan o desenvolvemento de programas e accións por parte de entidades sociais referentes na nosa Comunidade e en beneficio de persoas que máis o precisan.

Coñecedora da necesidade do desenvolvemento destas ferramentas, a Xunta de Galicia vén de resolver a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes



e de prevención da loita contra a violencia de xénero con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas para o ano 2020.

E por isto, señora conselleira, queremos preguntarlle: ¿cales son as entidades sociais beneficiadas das axudas con cargo ao 0,7 % do IRPF para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero? E ¿que tipo de actuacións se subvencionan con estas axudas?

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Grazas, señora Prado.

As axudas con cargo ao 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas enmárcanse, efectivamente, dentro dos programas do Goberno para promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero, coa colaboración das entidades sen ánimo de lucro do terceiro sector.

Vostede pregunta, en concreto, sobre a resolución última, que é a resolución do ano 2020, a última convocatoria resolta, dunha orde que puxo á disposición de asociacións, de fundacións e doutras entidades sen ánimo de lucro un total de 640.000 euros para financiar distintos tipos de actuacións e de programas de interese xeral e con fins de carácter social.

Os programas son de distinto tipo. Fundamentalmente, agrúpanse en catro: uns de información e de formación para o apoderamento e a participación activa, dirixidos ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade e obxecto en moitas ocasións de discriminacións de distinto tipo; un segundo tipo de programas, de impulso do emprendemento, do autoemprego e de formación e mellora da capacitación das mulleres, que van destinados a mellorar a empregabilidade e a inserción laboral; outro, de educación e de promoción da saúde integral das mulleres; e un cuarto programa, de apoio e tratamento integral da violencia de xénero, dirixido a mulleres vítimas, e con especial atención a colectivos, como mozas e adolescentes, mulleres con discapacidade, mulleres maiores que residen no medio rural, mulleres migrantes e vítimas de trata e explotación sexual.

Estas actuacións leváronas a cabo, en concreto, trinta entidades do terceiro sector de acción social en Galicia; trinta entidades e cada unha co seu ideario pero cun eixo común de acción, que é traballar nos seus respectivos ámbitos nesta loita contra a discriminación e a violencia de xénero. E a relación de entidades pásoa a sinalar. Foron Cáritas Diocesana de Santiago, Cruz Roja, Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, Asociación Española Contra o Cáncer, Cogami, ACCEM, Ecos do Sur, Médicos del Mundo, Fundación Ronsel, Funda-



ción Anar, Fundación Secretariado Gitano, Asociación de Mulleres en Igualdade de Burela, Agrupación de Entidades Rurais Terra e Xente, Fademur-Galicia, Patronato Concepción Arenal, Acción contra el Hambre, Radio ECCA, Red Española de Entidades por el Empleo, Fundación Amigos de Galicia, Fundación Amigó, Fundación Juan Soñador, Igaxes, Apetamcor, Asociación de Axuda ao Enfermo Mental da Mariña, Mestura, Arelas, Fundación Érguete-Integración, Down Vigo e Asociación Amicos.

Esta orde de axudas sobre a que estou a dar conta repetiuse novamente este ano 2021, e si me gustaría dicir que nesta edición temos actualmente un presuposto de 445.000 euros e prevese unha ampliación ata chegar a un orzamento de 742.000 euros, o que fai que dende a posta en marcha do programa no ano 2018 levamos destinados para noventa programas desta índole 1,6 millóns de euros.

De momento máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para réplica ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

O 8 de marzo de 2018 coñeciamos un informe da Universidade de Georgetown e o Instituto de Investigación de La Paz de Oslo que situaba a España como o quinto país no benestar das mulleres. Trátase do índice global de paz e seguridade das mulleres, un estudo que compara once indicadores relacionados coa inclusión, a xustiza e a seguridade e analiza os anos de escolarización, a inclusión financeira, o emprego feminino, o uso de móbiles ou a violencia de xénero. En xuño de 2018 —tres ou catro meses despois comezou a gobernar en España o Partido Socialista e Podemos—, tras tres anos deste goberno, o último Informe de índice global de paz e seguridade sitúa a España no posto número 15, dez lugares por debaixo da edición anterior, na que España, cun goberno do Partido Popular, presidido polo tan deostado Mariano Rajoy, ocupaba o quinto lugar, só detrás de Islandia, Noruega, Suíza ou Eslovenia; iso si, sen ministerio exclusivo de igualdade.

¿Para que serve entón o Ministerio de Igualdade? Pois para pouco máis que para colocar amigos, amigas e amigues. De feito, a partida orzamentaria que máis se incrementa para o ano 2022 é a de persoal, si, 4 millóns de euros máis, o dobre que en 2021. Aumenta a partida de altos cargos, increméntase en 23 persoas. E a señora Irene Montero ten ao seu cargo agora 88 persoas, contrata como asesores condenados por agredir policías, imputados como Sánchez Mato ou Celia Mayer por malversación. E con estes mimbres, ¿que van facer con eses 500 millóns de euros que teñen para o Ministerio de Igualdade? Pouco podemos agardar. Nada, nada fixeron en modificacións lexislativas imprescindibles, nin no Código penal nin na Lei de trata, nin na integral de violencia de xénero; nada en cumprimento do Pacto de estado.

E, por tanto, non nos queda máis, señora conselleira, que felicitar o Goberno galego polo traballo que están a facer a prol da igualdade en colaboración e en coordinación coas enti-



dades do terceiro sector, que son as que máis preto están das mulleres.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Para réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas.

Estas subvencións que están destinadas a financiar programas con cargo ao 0,7 % do IRPF son uns dos distintos programas que se levan a cabo por parte da Consellería de Emprego e Igualdade traballando coas entidades do terceiro sector. Si me gustaría destacar que levamos financiados dende hai pouco, dende o ano 2018, que se puxo en marcha, eses noventa programas. Son máis de 1,6 millóns de euros xestionados en colaboración coas entidades. E destacar tamén a convocatoria deste ano, que vai chegar a eses 742.000 euros, co cal fai que sexa a convocatoria con máis crédito dende que se iniciou o mesmo.

Pero, como digo, hai outros programas que facemos en colaboración con estas entidades, e a destacar sobre todo as subvencións que se dan ás entidades de iniciativa social para programas dirixidos a mulleres que están en situación de especial vulnerabilidade. Este ano está previsto sacar outra orde de subvencións con 1,4 millóns de euros para financiar recursos específicos de atención personalizada e especializada a mulleres vítimas de violencia de xénero, de explotación sexual, a refuxiadas, a exreclusas, etc.; co cal no ano 2021 recibiron axudas xa oitenta entidades de iniciativa social, dende o ano 2009 son máis de 762 programas. E, como digo, continuamos con estas axudas para o vindeiro ano.

E todos estes proxectos lévanse a cabo grazas á implicación desas organizacións sen ánimo de lucro e, por suposto, de todas as persoas que compoñen o tecido asociativo en Galicia e que traballan coas mulleres máis vulnerables dentro da comunidade autónoma, cun claro compromiso —que temos que agradecer, por suposto, por parte do Goberno— cos dereitos humanos, cos valores de solidariedade e de igualdade de oportunidades, de inclusión, de participación, un compromiso que, dende logo, compartimos no Goberno galego e que estamos ampliando cada ano.

E aproveito para sinalar que no ano 2022 destinamos 18 millóns de euros exclusivamente para continuar loitando contra a violencia de xénero, destinamos 2 millóns de euros para fomentar a igualdade laboral e máis de 13 millóns de euros para seguir traballando na promoción de igualdade, poñendo especial énfase en promover o liderado empresarial feminino e tamén en apoiar a conciliación.

Máis nada, moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora conselleira.



Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María González Albert e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a cobertura de todas as prazas de especialistas de Radiodiagnóstico e Traumatoloxía do Hospital público de Valdeorras

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Presidente.

Bo día, señor conselleiro.

O pasado domingo máis de catro mil cincocentas persoas do distrito sanitario de Valdeorras manifestáronse na defensa do seu hospital e dos seus servizos sanitarios. Loitan por un dereito básico, o dereito básico á sanidade pública, ante o que é un abandono premeditado, sistematizado e planificado por parte da Xunta de Galiza do que foi unha área sanitaria punteira en moitos aspectos no seu momento.

Hoxe vimos tratar aquí unha cuestión específica, que é a falta de traumatólogos e radiólogos no Hospital público de Valdeorras. Pero facémolo sen perder de vista, señor conselleiro, a problemática estrutural que afronta a sanidade pública no distrito. Servizos que estaban asentados hoxe directamente non existen: non temos cardiólogo, non temos urólogo, médicos rehabilitadores, dermatólogo, faltan matronas, faltan xinecólogos, non temos base do 061, non temos ambulancia medicalizada, e agora temos un servizo de Medicina Interna que se atopa ao 50 % dos seus recursos.

Mírese por onde se mire, polo tanto, é un desmantelamento vergoñento, que a Xunta negou por activa e por pasiva, agardando a que —como acontece noutras ocasións— a propaganda se impuxese á realidade e que a cidadanía valdeorresa vive —vivimos— día tras día.

Pero é moi difícil, señor conselleiro, impor a publicidade cando é a saúde das persoas a que se ve afectada. Hoxe non hai unha persoa en toda a comarca —salvo quizais o alcalde da Rúa— que negue a evidencia deste desmantelamento. É máis, vostede mesmo tivo que desprazarse á comarca tres días antes desta mobilización, e tras meses e meses negando a maior asumiu por primeira vez a existencia dun problema —puntual, iso si, dixo—.

Ese día fixo vostede dúas cousas, señor conselleiro: dunha banda, cambiou por primeira vez o seu discurso negacionista —que xa era insustentábel ante a evidencia—, e, doutra, tratou de paralizar esa mobilización, e fíxoo ademais da peor forma posíbel, que foi insultando a cidadanía. Vostede dixo: «O que se fai na rúa é desprestixiar ou axudar a desprestixiar o sistema sanitario». Supoño, señor conselleiro, que algúns alcaldes do seu partido que se manifestaron coa súa veciñanza tamén desprestixiaban a sanidade pública. Déixeme dicirlle que quen desprestixia o sistema sanitario é quen o baleira de servizos e o desmantela de xeito consciente, deixando máis de trinta mil cidadáns desposuídos do dereito básico á saúde. Era bo que rectificase as súas palabras e que asumira as súas responsabilidades na cuestión.



Veu vostede a Valdeorras e de repente foi como se chegara o Apalpador polo Nadal, todo foron presentes. Pasamos de non ter ningún problema a ter xinecólogo novo —aínda que era mentira, porque vostedes cando o anunciaron xa sabían que outro marchaba no seu lugar—, novo ecocardiógrafo e novos traumatólogos, un deles concertado coa privada de León. Era, desde logo, a feira das oportunidades.

¿Tería vostede ido a Valdeorras —e, por certo, podía traer vostede consigo o xerente do Ser-gas, que aínda non coñece o hospital— se non existira esa forte reacción cidadá? Garántolle que non. ¿Tería vostede ofertado a contratación de traumatólogos? Non.

Hai un ano xa, en decembro do ano, pasado eu pregunteille aquí mesmo, neste parlamento...
(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Rematou o seu tempo. Ten vostede despois outro turno.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Albert, non teña dúbida de que nós respectamos sempre a xente que libre e pacificamente se manifesta. Voulle ler unha frase: «Esta manifestación non supón ningunha novidade. Sempre son os mesmos, cos mesmos lemas e argumentos, nomeadamente a oposición e sectores afíns. Seguen coa mesma cantilena». Ao mellor cre que a dixo este goberno sobre a manifestación de Valdeorras, pero non, esta frase é da tenente de alcalde do Concello de Pontevedra, do BNG, sobre unha protesta veciñal acusando directamente a plataforma convocante de empezar unha carreira polas eleccións municipais. (*Murmurios.*) Isto non o escoitou de min, señora Albert. Ese sectarismo é máis propio de vostedes.

Eu respecto todas as opinións discrepantes, por suposto, sobre a xestión do Hospital de Valdeorras, e respecto a xente que acudiu de boa fe a esa protesta, preocupada polo futuro do seu hospital; por suposto que a respecto. Pero xa advertín que esa manifestación ía ser utilizada de xeito partidista para desprestixiar a sanidade pública, e hoxe está aquí vostede dándome a razón. Fíxese que no propio texto da súa pregunta sinala que as concentracións semanais en Valdeorras comezaron unha semana antes do debate do estado da Autonomía, ¡que casualidade!, ¿non lle parece?

Nós, con independencia das protestas, coñecemos as situacións e actuamos.

Mire, eu non fun a Valdeorras tres días antes, fun un mes antes —se ao mellor non llo dixeron os seus compañeiros do sindicato que está á fronte da comisión de centro—. (*Murmurios.*) E coñeciamos a situación crítica na que se atopaba o Servizo de Traumatoloxía dende o hospital, cun só profesional, e actuamos. Como digo, xa actuamos no mes de novembro. E



¿sabe que fixemos? O que non fixera ninguén, señora Albert: poñer toda a estrutura do Sergas —repito: non tres días antes, senón máis dun mes antes— ao servizo do Hospital de Valdeorras. E por iso, mentres non cubramos de xeito estable esas prazas que temos de Traumatoloxía, todas as áreas sanitarias de Galicia van rotar e asegurar a cobertura sanitaria da veciñanza desa comarca. Iso foi o que trasladamos aos representantes do persoal do hospital e aos representantes dos concellos o pasado día 25, que había solucións, que había vontade de poñelas en marcha e traballo feito para botalas a andar dende o 1 de xaneiro.

É máis, anunciamos tamén que dous días seguintes ao 1 de decembro xa empezaba a traballar un traumatólogo e que tamén —como vostede ben dicía agora— dende o 5 de novembro un traumatólogo estaba facendo actividade de consultas, con case catrocentos pacientes vistos nese período; solucións que —repito— son novidosas e que implicaron falar cos servizos de Traumatoloxía de todas as áreas sanitarias galegas e dicirlles que a prioridade número un do Servizo Galego de Saúde nese momento era a cobertura da Traumatoloxía do Hospital de Valdeorras. Estas son as xestións que fixemos e polas que vostede me pregunta.

Por certo, un día despois dese anuncio representantes políticos saíron a dicir que mantiñan a manifestación porque aínda non se resolvera o problema do Servizo de Traumatoloxía, ese problema que aínda que se resolvera non era o principal, que o principal eran outros. Pois mire que casualidade, o Servizo de Traumatoloxía está resolto e é polo que vostede me pregunta agora mesmo.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para réplica ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Eu non sei, señor conselleiro, se pode mirar para atrás un momento. *(A señora González Albert mostra un documento.)* Estoulle ensinando unha cita de primeira consulta de Trauma para decembro de 2022, unha cita que foi emitida hai xa dous meses.

O problema de Traumatoloxía non está resolto e a xente da Xunta de Persoal díxolle o correcto; non é o maior problema, por desgraza, que temos no Barco. *(Aplausos.)*

Traer un traumatólogo de León a facer unhas consultas, martes e xoves pola tarde, ¿vai resolver o problema? ¿Vostede considera que iso resolve o problema? Lémbrolle que deste xeito ademais están a cubrir as vacacións do único traumatólogo que queda no Barco, que está a día de hoxe desfrutando das súas xornadas de vacacións. Os dous traumatólogos que anuncia para xaneiro virán —no caso de chegar, que xa o veremos— facer gardas e algunha consulta. Tamén o dixo vostede na súa visita a Valdeorras. ¿Iso garante para vostede o servizo sanitario no noso distrito?

O Hospital do Barco está a unha hora e media de Ourense. Desde abril de 2021 —desde abril deste ano— téñense feito máis de mil traslados, noventa ao mes —segundo tamén as súas



propias palabras—, con só unha unidade de UVI móbil da que dispoñemos en Valdeorras. Esta é a realidade.

E a realidade é que vostedes non teñen absoluta vontade política de solucionar o problema da sanidade en Valdeorras. Porque, se quixeran facelo, non ofertarían unha praza en Ourense a un radiólogo que se ía de Monforte, tendo esta problemática que temos na nosa comarca; ofreceríanlle O Barco en primeiro lugar. *(Aplausos.)* Farían máis atractivas as prazas de Valdeorras.

Di vostede, entre outras cousas, que Valdeorras ten as listas de agarda menores do Sergas. E, efectivamente, iso é correcto: non hai listas de agarda, porque xa non temos servizos que xeren esas listas. *(Aplausos.)*

Os problemas do distrito sanitario de Valdeorras son —repito— absolutamente estruturais e só se solucionarán se recuperamos a área sanitaria. Cumpran co labor que a cidadanía lles encomendou. Deixen de escudarse, de verdade, nos profesionais e nunha norma que vostedes mesmos fixeron á súa medida, e garantan o dereito á sanidade pública na comarca e no distrito de Valdeorras.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora González Albert.

Para réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señora Albert, coñezo perfectamente a situación e os outros problemas que temos en Valdeorras. E volvo insistir en que o principal problema que ten o Hospital de Valdeorras é Traumatoloxía; non teño ningunha dúbida sobre iso —e tamén o dixó a comisión de centro—. E coñezoo porque facemos o seguimento directo de todos e cada un destes problemas.

Vostede sabe perfectamente que as dúas prazas de Radioloxía quedaron desertas no concurso de traslados e que non foi posible cubrilas porque as listas de contratación desas especialidades están esgotadas. Si o fixemos no 2018 cando houbo catro radiólogos no Hospital de Valdeorras, e tres traumatólogos, por certo.

Pero, igual que sabe iso, sabe tamén que a cobertura se fai dende Ourense, informando a radioloxía de xeito telemático, sen ningún tipo de afectación á calidade asistencial. Por certo, igual que se fixo cando estaban catro radiólogos en Valdeorras e informaban radioloxía para Ourense dende alí.

Tamén sabe —como lles comentamos aos sindicatos e aos alcaldes— que este mes se inician as obras de reforma das áreas de farmacia, hospital de día e cirurxía maior ambulatoria, e tamén que se inicia a reforma das consultas externas. En total, un investimento de 1,6 millóns de euros para ampliar este hospital. Ninguén inviste 2 millóns de euros nun centro que quere desmantelar, como vostede di, señora Albert. E se quixeramos desmantelar Valdeorras,



non teríamos mercado un novo equipo radiocirúrxico que se implantou este verán, nin incorporados os dous ecógrafos —que a vostede non lle merecen ningún tipo de atención que estean incorporados aí—, e que se investira entre 2020 e 2022 1,5 millóns de euros en equipamento de reforzo para este hospital; por exemplo, o contrato das 106 camas novas que imos poñer no hospital.

Por tanto, actuamos en todas as fronteiras: mellora da cobertura de persoal, mellora da infraestrutura e mellora dos equipos.

Estamos premiando o exercicio profesional en hospitais como o de Valdeorras, dado que os profesionais que opten a traballar nestes centros terán máis puntuación para as ofertas de emprego, para as listas de contratación e para a carreira profesional. E exiximos ao Goberno central que lexisle cumprindo o acordo previsto no ano 2018 para ampliar as posibilidades de incentivos para estas prazas de difícil cobertura.

Polo tanto, sabemos dos problemas e traballamos nas solucións, pero tamén sabemos os problemas que non temos. Por exemplo, non temos o problema de ter que suspender as intervencións cirúrxicas do hospital por falta de anestesistas; iso pasoulle ao hospital no ano 2006, con outro goberno, que supostamente defendía os hospitais comarcais. Nin tampouco temos problemas asistenciais derivados da fusión das áreas sanitarias; todo o contrario; esta fusión está a permitir dar unha cobertura de moitas especialidades que sería imposible hoxe en Valdeorras se non estivera feito, como pedían algúns e, entre eles, vostedes.

Falo, por exemplo, da oncoloxía médica. ¿Cando tivo o Hospital de Valdeorras oncoloxía médica? ¿Nalgún momento da súa historia? Enténdame ben: vostedes, dende que están na oposición, porque vostedes seguro que antes cando estaban non coñecían outra cousa. E permítame que lle cite ao director provincial do Sergas en 2006: «Hai un proxecto para crear áreas únicas de xestión, pero non afectará cando se cree á cuestión asistencial senón só á xestión». Xustamente, iso foi así.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as vinte medidas remitidas pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Sanidade para mellorar e flexibilizar o sistema de acreditación de prazas de formación sanitaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.



Señor conselleiro, nos últimos meses desde o Goberno galego tense manifestado de maneira reiterada a necesidade de ampliar o número de profesionais sanitarios para poder abordar o déficit que ten a atención primaria. Sabemos que este non é un problema exclusivo da nosa Comunidade Autónoma, senón que esta carencia é común en todos os sistemas de saúde do conxunto do Estado español. Desde Galicia, desde esta mesma cámara incluso, manifestamos e concordamos en que unha das cuestións fundamentais para poder abordar esta problemática era flexibilizar o sistema de acreditación das novas prazas MIR. Isto faría posible a formación de máis profesionais, que, unha vez rematados os seus anos de residencia, poden optar e incorporarse ao sistema sanitario galego. Esta cuestión —insisto— solicitouse e desatendeuse en varias ocasións, tanto en comisión como en sesión plenaria. Sabemos que esta solución é imprescindible para dar cobertura á necesidade que temos de médicos especialistas; non hai outra maneira.

Tras a xuntanza monográfica do Consello Interterritorial sobre a atención primaria que tiveron, o Ministerio de Sanidade ante esta solicitude pediulle a Galicia e a outras comunidades autónomas que remitisen as propostas que considerasen para poder mellorar e flexibilizar este sistema, e Galicia cumpriu. Galicia remitiu vinte propostas ao ministerio e adoptou compromisos firmes, iniciando a tramitación dun novo decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada, que ten como obxectivo precisamente aumentar o número de profesionais que poden colaborar coa formación, entre outras cuestións.

Señor conselleiro, estamos ante un problema de grande envergadura. E sabemos e cóstanos que desde o Goberno de Alberto Núñez Feijóo e desde a Consellería de Sanidade, que vostede xestiona e dirixe, estase a traballar arreo e dun xeito construtivo para ofrecer solucións ante a realidade de falta de profesionais.

Por iso hoxe desde a bancada do Grupo Popular formulamos e estamos interesados en que nos aclare aquí en sesión plenaria en que se concretan esas vinte medidas remitidas pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Sanidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Como vostede dicía, señora Amigo, para poder abordar este déficit de prazas común a todo o sistema sanitario nacional español, dende Galicia levamos feitas diferentes propostas ao Ministerio de Sanidade. Efectivamente, unha das cuestións que consideramos esenciais é a convocatoria desas prazas extraordinarias no sistema MIR que permita avanzar cara a unha solución da carencia de persoal. Por iso trasladámoslle ao Goberno de España o acordo tomado neste parlamento —ao que vostede facía referencia— con esta medida extraordinaria nun momento puntual que require tamén unha abordaxe singular.



Continuamos, ademais, reiterando a necesidade de creación da especialidade de Urgencias, que reclaman os profesionais e sobre a que tamén se pronunciou este parlamento con anterioridade. Sabemos que é unha das cuestións que condicionan non só a formación específica e homoxénea destes profesionais senón que tamén para que estes servizos deixen de ser o destino final dos residentes de medicina de familia que rematan a súa formación.

Galicia solicitara tamén no mes de xuño a celebración dun consello interterritorial monográfico sobre atención primaria, que finalmente tivo lugar a finais do mes de setembro e no que se reclamou a mellora e flexibilización das condicións que faciliten a creación de prazas de formación. Así, o Goberno publicou no mes de outubro unha consulta pública sobre o programa formativo de especialidade, neste caso de medicina familiar comunitaria, e os criterios de avaliación dos especialistas e dos requisitos de acreditación das unidades docentes.

Dende Galicia remitimos, efectivamente, un total de vinte propostas, que se elaboraron coa colaboración dos xefes de estudo de formación especializada das áreas sanitarias.

No relativo ao programa formativo de atención primaria, entendemos que é imprescindible incorporar ferramentas ou coñecementos de envellecemento activo e cronicidade, así como telemedicina ou saúde dixital, para seguir traballando no seguimento dos procesos remotos grazas á implantación de sistemas como o Telea. Tamén, por suposto, a atención á cronicidade.

Por outra banda, se queremos que os profesionais permanezan unha vez rematada a súa formación no ámbito de primaria, ademais de por outras razóns, cremos que é necesario que na etapa formativa se incrementen os tempos nos centros de saúde. Ademais, suxeriremos modificar cuestións relacionadas con determinados requisitos demasiado restritivos que exclúen os centros de saúde de menor tamaño, como son os de ámbito rural, e que impiden a acreditación doutros. Isto incrementaría as posibilidades de acreditación a máis centros e permitiría unha formación máis apegada ao paciente e á comunidade.

É preciso tamén que os residentes estean dotados de maior autonomía e que poidan atender unha consulta sen presenza do seu titor, e que isto se faga por máis tempo, ata agora limitado a dous meses.

No relativo aos temas de acreditación, tamén solicitamos que o sistema estea aberto de xeito permanente, ou relaxar a vinculación do titor co dispositivo, cousa que nos está xerando bastantes problemas á hora de acreditar sobre todo os centros novos.

Tamén Galicia ten feito un esforzo importante na renovación dos seus centros, e cremos que non debe exixirse un tempo de funcionamento mínimo para acreditar ese centro.

Tamén cremos que non debe establecerse un mínimo de profesionais para ter un centro acreditado, para non prexudicar comunidades como a nosa, que ten a poboación tan dispersa.

E, por suposto, quitar relacións co número de camas, as dimensións do propio centro de saúde neste caso. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para réplica ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa resposta.

É un feito que todos coñecemos que a sanidade é unha prioridade para o Goberno do Partido Popular. Desde hai anos estase traballando, unha vez diagnosticados os problemas, e, detectado como se poden corrixir estes, poñer todos os medios necesarios para facer posible a súa solución.

E sabemos que é fundamental esa convocatoria de prazas MIR, facer un MIR extraordinario. Tamén a creación desa especialidade de medicina de Urxencias. Unha cuestión amplamente debatida, e incluso os tres grupos da Cámara concordamos e chegamos a acordo nisto. Pero ambas as dúas cuestións dependen do Goberno de España, o mesmo que ata agora parece que fai oídos xordos a esta demanda.

Parécenos imprescindible a formación, e vostede falou de formación. Sen formación non é posible avanzar e sabemos que Galicia é pioneira en avances tecnolóxicos desde hai anos. Seguir avanzando en telemedicina e en saúde dixital, así como en cuestións relacionadas, como o envellecemento activo e a cronicidade, son fundamentais para a nosa Comunidade. De feito, esas melloras das que falaba de mellorar no sistema de acreditación, de formación, de que os residentes poidan ter maior autonomía, pois son fundamentais para poder seguir retendo talento na nosa Comunidade.

Sabemos dos esforzos que se están a facer desde a consellería na mellora dos servizos sanitarios e constatámola agora, polo que vostede nos acaba de explicar e esas medidas que lle trasladou ao Goberno de España, un goberno que ata o de agora non cumpre. Pero iso non é obstáculo para que a Xunta de Galicia siga poñendo todo da súa parte no ámbito das súas competencias para poder contar con máis profesionais e dotalos de máis estabilidade. Para seguir avanzando na reforma de primaria é imprescindible dotar o sistema dos profesionais necesarios.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Na segunda quenda...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

(A señora Amigo Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Para réplica do Goberno ten a palabra o señor García Comesaña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, señora Amigo.

Está claro que o obxectivo de todos é seguir avanzando nesa reforma da primaria e dotar o sistema dos profesionais necesarios. Por iso realizamos propostas no ámbito estatal —como acabamos de comentar— e tomamos as medidas precisas dentro do ámbito das nosas competencias.

Para poder contar con máis profesionais e dotalos de estabilidade, adoptamos xa no ano 2019 a implantación do contrato de continuidade, que, a pesar de que lle gusta moi pouco á oposición, permitiu consolidar no ano 2022 86 prazas para aqueles profesionais que levan máis de tres anos con ese contrato.

Para o ano 2022 tamén incluímos a proposta de desenvolvemento das funcións dos técnicos en saúde, que poderán levar a cabo funcións de apoio en primaria, como, por exemplo, na xestión das IT.

Tamén creamos a categoría de facultativo especialista en atención primaria, que facilitará o acceso a máis profesionais ao sistema e permitirá ademais completar a actividade ordinaria a través dunha prestación mixta coa atención nos puntos de atención continuada.

Así mesmo, no ámbito formativo, a finais do mes de novembro publicamos no Portal de Transparencia o proxecto de decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na nosa comunidade, que ten como obxectivo establecer as medidas, os mecanismos e as estruturas docentes precisas para a formación dos especialistas dentro das competencias do ámbito autonómico. O texto pretende regular e homoxeneizar o labor docente da formación dos especialistas médicos. Así mesmo, esta norma tamén consolida algo que, dende a Consellería, vimos falando dende hai tempo: a necesidade de recoñecer os traballos dos titores e dos xefes de estudos para efectos da carreira profesional, concursos de traslados ou procedementos similares.

No relativo aos médicos en formación, como xa adiantei neste Parlamento, Galicia remitiulle ao Ministerio de Sanidade toda a documentación para acreditar 64 novas prazas de formación para atención primaria, pasando, polo tanto, de 142 a 206 —o que supón un incremento do 45 %—, e que solicitamos que se incorporen xa nesta convocatoria. É un esforzo importante, xa que temos que recordar que todas estas prazas se financian unicamente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma. O Ministerio unicamente regula, tal e como se puido comprobar na primeira parte desta pregunta, como desenvolven esta formación as comunidades, quen o fai e onde. Pero repito que toda a carga orzamentaria lle corresponde á Comunidade. Por iso cremos que o Ministerio debe atender as peticións —neste caso de Galicia— que, fóra de estridencias como a de solicitar un MIR propio, pretenden mellorar e facilitar a formación de todo o sistema —especialmente o vencellado á atención primaria— de cara ao obxectivo común de contar cun sistema sanitario máis forte e dotado de todo o persoal necesario.

Para acadar este obxectivo é preciso actuar de xeito urxente. Nós xa o facemos pedíndolle ao Goberno central que teña a mesma sensibilidade co problema, xa que corremos o risco de



contar cun déficit insostible de persoal en atención primaria nos vindeiros anos; razón pola cal agardamos que esta cuestión poida ser tratada na vindeira reunión de presidentes, tal e como xa solicitou Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a grave perda de produción de castañas na campaña de 2021 en Ourense e Lugo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Bos días a todos e todas.

Conselleiro, como sabe, a produción de castaña constitúe na actualidade unha actividade fundamental para a economía de distintas comarcas da montaña de Ourense e de Lugo, xa que xera ingresos vitais para a dinamización socioeconómica desas zonas. Estes municipios contaban con que a colleita deste ano 2021 fose excelente, pero a partir do verán a situación mudou por causas diversas —entre outras, por unha enfermidade foliar que provocou a perda do froito—. Os castiñeiros enfermos detectábanse en Riós, en Viana do Bolo, na Gudiña, en Vilariño ou na Mezquita. Tamén se apuntaban efectos acumulativos provocados pola tinta, o chancro, a avespiña, razóns climatolóxicas, etc. Nesta situación estímase unha perda de produción de entre un 70 % e un 80 %.

Estas nefastas circunstancias para a colleita deste ano non queda no relatado, señor conselleiro. A enfermidade que ataca os castiñeiros non só implica a perda da produción deste ano, co que iso supón de por si, senón que soutos centenarios están secando dende a parte alta e pode que morran se non se lles atopa unha solución axeitada. O presidente da Indicación Xeográfica Protexida da Castaña explicaba que tivo que rexeitar moita mercancía porque a metade había que tirala, estimando unha incidencia diversa polo territorio galego pero en maior medida nas zonas altas. Esta grave problemática está a afectar unha cadea formada por produtores, almacenistas, distribuidores, comercializadores e empresas transformadoras. Encontrámonos, señor conselleiro, con almacéns vacíos e con industrias transformadoras sen materia prima.

Outra problemática que afecta de forma directa o sector é a falla de relevo xeracional, consecuencia da despoboación que están a padecer as zonas do interior da provincia de Ourense e de Lugo, da que xa este grupo parlamentario daba conta na comparecencia celebrada onte pola mañá. Gustaríanos saber, señor conselleiro, e que nos explicase por que no último consello forestal, celebrado o pasado 8 de novembro, modificaba a Orde do 2 de agosto de 2017 pola que se crea a Mesa da Castaña, e que as modificacións máis destacables sexan a de reducir o número de reunións anuais e tamén suprimir a castaña como produto forestal. Hai que indicar tamén, señor conselleiro, que non atopamos na páxina web da Consellería os criterios e indicadores estratéxicos de seguimento que deberían formar parte.



Este grupo parlamentario presentou unha emenda para que se habiliten axudas estratéxicas ao sector da castaña a través do Igape. É necesario unha transferencia de tecnoloxía entre o sistema de I+D e os produtores, e vostedes non a aceptaron. E preguntámonos que medidas inmediatas pensa adoptar o Goberno galego ante a grave perda de produción de castaña na campaña de 2021 en Ourense e en Lugo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

En varias das cuestións que vostede comenta estamos de acordo; por exemplo, en que é evidente que nas montañas de Lugo e de Ourense a castaña é un sector de moitísima importancia. E gustaríame, en primeiro lugar, falar, efectivamente, da enfermidade que afectou este ano de xeito especial. É un fungo. Nós o que fixemos, en canto tivemos o mínimo coñecemento desta posibilidade, foi activar —como non pode ser doutro xeito— as alarmas correspondentes. Tomamos mostras das follas, dos ourizos e das castañas, así como da madeira, en ata seis concellos afectados —algúns dos que vostede citou—: Viana do Bolo, Castrelo de Val, A Mezquita, Vilardevós, A Gudiña e Riós. Estas mostras foron remitidas ao Areiro para a súa análise. E aquí confirmouse a existencia de varios complexos fúnxicos e insectos minadores do castiñeiro. O máis importante, sen ningunha dúbida, é a nomoniose, con consecuencias tan importantes como a defoliación do castiñeiro, a aparición dos froitos secos e a caída prematura dos mesmos.

Respecto deste fungo, cómpre sinalar que foi detectado por primeira vez na nosa comunidade o pasado ano 2020, pero, dadas as condicións meteorolóxicas do 2021, incrementouse a súa presenza coa consecuente afección. Tras establecer a diagnose, activamos a rede de avisos fitosanitarios publicando —como dicía— e difundindo a correspondente alerta. Aquí do que se trata tamén é de manter os silvicultores e propietarios informados. E o que fixemos foi trasladar unha serie de iniciativas estratéxicas que permiten minimizar os danos ocasionados polo fungo, como é a eliminación dos restos de castiñeiros caídos sobre o chan e, de maneira particular, a retirada de ourizos danados. Pero ademais, de cara ao próximo ano, imos incrementar as parcelas de control, distribuídas nos soutos de maior interese de Galicia. Falamos, en definitiva, dun total de 41 parcelas que estarán localizadas nos soutos co fin último de avaliar a situación sanitaria sobre o terreo.

É certo que o castiñeiro ten unha afección importante de chancro, de tinta, de avespiña e agora tamén destes fungos. Pero, señoría, eu quérolle trasladar que só neste ano 2021 foron destinados preto de 2,6 millóns de euros a saúde e sanidade dos soutos de Galicia. E gustaríame nesta quenda —e na próxima tamén— dicirlle que a aposta estratéxica por parte da Consellería do Medio Rural en relación cos soutos de castiñeiros se acolle no plan estratéxico que vostede lembrou. Foi precisamente presentado ante o Consello Forestal para as súas aportacións, coa finalidade de podelo poñer en marcha neste mesmo ano 2022.



E xa avanzo que un dos obxectivos fundamentais do Plan estratéxico do castiñeiro é precisamente a recuperación dos soutos tradicionais, por iso que vostede di e que compartimos: a preocupación pola necesidade da súa recuperación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ben, ata o de agora os datos indican que o plan estratéxico aínda fica nunha mera declaración de intencións, porque, dende a creación da IXP da castaña de Galicia, señor conselleiro, menos do 3 % do total da superficie galega con plantacións de castiñeiros recollidas no mapa forestal está acollida a estas siglas; síntoma, entendemos, das dificultades existentes para conciencialos e sensibilizar a parte produtora das vantaxes e importancia de que a produción se certifique baixo o selo da IXP.

E respecto da industria transformadora tamén se aprecia un certo estancamento no número de empresas que participa no mercado, sen dúbida condicionado polas dificultades de poder atopar garantías de abastecemento de castañas no mercado sen depender de materias primas importadas. Así, na actualidade só están rexistradas dez empresas de primeira transformación e de comercialización e seis empresas de elaboración de produtos procesados baseados na castaña —valores que se manteñen constantes nos últimos anos—. A estatística fala por si mesma, produción de castañas certificada no ano 2011: 68.000 quilos, produción de castaña certificada no ano 2020, 24.961. A redución é drástica. O sector da castaña non conta con axudas da Xunta para emprendedores, novas incorporacións, melloras, etc.

Non lle pode dar a espalda, señor conselleiro, a este sector. Estamos contentos de que se elabore ese plan estratéxico e se leve a cabo, pero necesitan con urxencia medidas concretas, un diagnóstico exacto de causas. Dicía vostede que hai algunhas estudadas, pero os cursos de formación para os produtores son moi escasos.

E tamén temos que dicirlle que, se apostan por este sector, tiveron que aprobar a emenda, porque era unha emenda que dotaba de dous millóns e medio, concretamente, este plan estratéxico para que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez. Moitas grazas, acabou o tempo.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...aumentara o I+D+i nese sector.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.



O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Eu, con todo o respecto, señoría, creo que sacar adiante un sector estratéxico tan importante como é o da castaña non dependerá dunha emenda, ou da aprobación dunha emenda. No que si coincido totalmente con vostede —e eu son un convencido, ademais— é na importancia do sector da castaña en determinadas partes do territorio galego. Polo tanto, temos que traballar entre todos —como di vostede tamén— para que, efectivamente, se certifique máis castaña na indicación xeográfica protexida e, sobre todo, para que sexamos capaces de desenvolver ese sector do xeito máis profesionalizado, con coñecemento e con formación dos nosos silvicultores.

Falaba vostede da Mesa da Castaña, que é precisamente un organismo sobre o que temos toda a intención de reactivar, de poñelo en funcionamento —que xa se fixo algunha reunión—, coa idea de que poidamos colaborar nese ámbito público-privado ao desenvolvemento do sector. Pero namentres estivemos tramitando o plan estratéxico fixemos máis cousas. Creamos, no que se refire á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a Unidade da Castaña, que vai ter extensións no territorio, na montaña de Lugo e na montaña de Ourense —en concreto en Ríos no caso de Ourense—. E estamos incluíndo, dentro das iniciativas estratéxicas da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, novas plantacións de castiñeiros.

Porque, señorías, se ben é certo que, dentro do sector, hai diferentes sensibilidades, a Consellería do Medio Rural, a Xunta de Galicia, vai apostar polas plantacións de novos soutos pero tamén pola recuperación dos soutos tradicionais. Como digo, isto recóllese no plan estratéxico que foi remitido ao Consello Forestal e que está á espera das aportacións do sector. Pero, ademais, tamén xa se foi anticipando no que é a selección daqueles concellos que teñen eses soutos tradicionais. E así temos unha primeira priorización, que xa foi levada ao Consello da Xunta, en ata 45 concellos, que van levar a recuperación de soutos tradicionais nun total de 2.000 hectáreas antes do 2025. Tivemos en conta unha serie de criterios, como é fundamentalmente, por suposto, a superficie existente deses soutos tradicionais, pero outros como poden ser o grao de despoboamento dos concellos en cuestión e a existencia de solicitudes de plantación de castiñeiros e de aproveitamento deses soutos na manifestación de interese publicada pola Consellería do Medio Rural ou a propia existencia de asociacións.

Eu voulle dicir que, para min, un dos obxectivos fundamentais da Lei de recuperación é implantar as agrupacións de xestión conxunta, é dicir, a posible recuperación da totalidade de soto neses soutos tradicionais. Agardemos a que, unha vez que o Consello Forestal faga as súas aportacións ao Plan estratéxico poidamos poñelo en marcha canto antes. Porque, como dicía Abel Buhier, os soutos de castiñeiros son un dos elementos máis importantes da paisaxe galega. Non ten que vir ninguén de fóra a dicirnos iso, pero coincidimos e concordamos todos en que é unha parte importantísima desa Galicia rural que estou seguro de que todos desexamos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento da normativa vixente sobre a extracción de mexilla

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señora conselleira.

O problema do conflito da mexilla está xerando unha tensión dificilmente soportable entre bateiros e percebeiros. Pero bateiros e percebeiros levan máis de sesenta anos convivindo no mar, nas rochas, sen ningún problema ata que chegou este goberno. Basicamente ata que este goberno pretende botar uns enriba dos outros para botalos no mar. Non teñen culpa nin uns nin outros de que vostedes os intenten manipular, utilizar, para tentar resolver problemas que son da súa xestión.

Nós estamos preocupados, en primeiro lugar, porque non entendemos que unha consellería promova o enfrontamento e, en segundo lugar, porque queremos e debemos pedirlles, de verdade, que paren este enfrontamento, que vostedes traballen para resolvelo. Porque a xente que traballa baixo risco, ameazada, que ve o perigo e a incerteza do que pode pasar co seu traballo, pode asumir situacións de risco innecesario, pode vivir baixo unha tensión que os leve nun momento dado a equivocarse. Pode pasar algo e isto non é desexable para ningún. Vostedes están, sen embargo, dividindo para vencer. Alimentan este conflito.

¿Por que? Esta é a pregunta que nos facemos. A mexilla convive nas rochas de onde tamén sae o percebe, e, polo tanto, os bateiros van á mexilla e os percebeiros ao percebe. ¿Por que agora se alimenta un conflito?, ¿porque existe algunha ilegalidade coa recollida? Non existe ningunha denuncia, ningunha. ¿É porque se prexudica o percebe? En ningún caso. Os técnicos advirten constantemente de que o problema está na xestión do equilibrio, de canto produto se pode extraer cada ano para así xestionalo ben. E os informes din que non hai ningún problema que derive diso. Non atopará ningún que diga que o problema é dos bateiros. Se xestionaron mal vostedes ese equilibrio, é a súa responsabilidade. Non llela boten enriba a outros.

Probablemente hai unha razón oculta. Nisto ten que haber unha *vendetta*, porque vostede non lles perdoa aos bateiros que lle parasen a Lei de acuicultura, e esta é a cuestión. Vostede ten aínda aí ese resquemor. Este goberno non perdoa a xente que se lle manifesta e lle paran as leis. E, polo tanto, están devolvéndoas. ¿Como? Incumprindo a lexislación. Existe unha regulación do ano 2000 que se está incumprindo. Non lles están permitindo aos bateiros facer o traballo que teñen que facer para que teñamos o mellor mexillón do mundo. E estano



facendo sen poder xustificar por que incumpren a lei. Aparecen vedas sen dialogar, queren facer a uns culpables dos outros... E van aos percebeiros e fálanlles mal dos bateiros, e aos bateiros fálanlles mal dos percebeiros. ¿Cales son as consecuencias? Traballadores do mar en risco por non poder seguir traballando. Pero non só eles, tamén depuradoras, cocedoiros... O selo Mexillón de Galicia —importantísimo para esta comunidade autónoma— vén de quedar sen poder aspirar a un selo de garantía e de calidade europeo por culpa de que vostedes non interveñen en resolver o conflito.

Abandonáronos co *Prestige*, quixéronos vender coa Lei de acuicultura, e agora queren sacalos do mar ao fío do conflito da mexilla. E a pregunta, señora conselleira, é: ¿por que? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Para responder, ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde a todos.

Señor Torrado, a verdade é que non lle vou consentir que faga unha declaración tan falta de sustento como a que vostede acaba de facer dicindo que nós estamos enfrontando dous sectores e dicindo que se incumpre a lei. Mire, aquí eu creo, por unha parte, que a Xunta de Galicia é plenamente consciente de que se está a cumprir tanto o decreto como a orde que regulan a extracción da mexilla. E tamén podó afirmar con inmensa rotundidade que a inmensa maioría dos profesionais, tanto do sector dos recursos específicos como do sector bateiro, están a cumprir a lei.

Vostede non me pode dicir que eu teño unha *vendetta* contra ninguén, nin que eu falo mal duns e mal doutros, cando vostede sabe que levamos máis dun ano intentando chegar a un acordo para conseguir unha explotación sustentable de todos os recursos. Mire, a nosa posición sempre estivo moi clara. Nós temos que cumprir as normativas que veñen da Unión Europea. Nós temos que dar creto para dicir que estamos facendo en Galicia unha explotación sustentable tanto no campo medioambiental como no social e como no económico. E así o estamos a facer e así o temos acreditado.

Neste mesmo momento hai unha proposta de resolución onde se establece unha serie de zonas vedadas para a extracción de mexilla para protexer o recurso do percebe. Estamos a falar do 17 % da costa vedada para o percebe e do 83 % da costa á disposición dos señores bateiros para que poidan ir recoller a súa semilla. Nós estamos traballando desde o minuto un para que non exista este conflito, para que poidan convivir os dous sectores. Eu son unha persoa tremendamente preocupada por conseguir o mellor para o sector bateiro porque entendo que é un sector estratéxico para Galicia, como tamén o é o sector do percebe ou como tamén o son todos aqueles que traballan nos diferentes sectores e subsectores da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

Neste caso, esa resolución ten un prazo de alegacións. Eu estoulles pedindo a todos os bateiros que aporten documentación, que me presenten alegacións. A miña mesa de diálogo está sem-



pre aberta, e a miña man está tendida para conseguir tamén mellorar a produción do mexillón. Téñolles feito moitas ofertas: a posibilidade de ter a mexilla aberta todo o ano, a posibilidade de incrementar o número de cordas colectoras nas bateas que poidan utilizarse para captar máis semilla, incrementar o número de cordas colectoras, incrementar nas cuadrículas que están vacantes cordas colectoras para que se poida conseguir ese incremento de semilla.

E non me bote a min a culpa de que non se conseguise a certificación de MSC. Eles o que dicían era que hai que acreditar que a explotación do mexillón é sustentable, e nesa liña estamos a traballar. E nesa liña vou seguir traballando porque estou perfectamente convencida de que a explotación do mexillón é compatible coa explotación racional dos recursos e é unha explotación sustentable. Pero témolo que acreditar diante desas entidades certificadoras para que así nos poidan dar ese creto de calidade.

A miña man está tendida, non hai nada pechado. Ofrézome ao diálogo e por iso estou esperando que o sector bateiro e as diferentes asociacións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...presenten as alegacións que consideren oportunas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, temos un concepto distinto do diálogo, porque non se presenta unha regulamentación para que lle presenten alegacións a ver se legalmente se resolve. O diálogo é unha cuestión de actitude, non de resultado final. Non se preocupe polas alegacións. Haberaas. Compren caixas grandes porque vai haber moitas. ¡Compren caixas! ¡Se non hai problema! Alegacións haberaas. Pero así non se resolve nada.

Vostede fala de diálogo, de facer propostas. Mire, unha proposta que non ten outra solución non é unha proposta, é unha imposición. E é unha imposición tan clara que —permítame que non o valore eu— lle vou dar dous datos. Hai un escrito de Mexillón de Galicia que di: «Hoxe asistimos con inquietude aos cambios que se están propoñendo na xestión da mexilla; cambios que, de levarse a cabo, condicionarían seriamente a viabilidade do sector» — Mexillón de Galicia—. Vostede igual cre que isto son cousas que non hai que ter en conta. Estas eran unhas declaracións, pero voulle dar un feito: é a primeira vez na historia que lle dimiten todos os membros da Mesa do Mexillón. Se vostede cre que está dialogando e lle dimitiron todos por primeira vez na historia, igual hai que cambiar o concepto de diálogo, señora conselleira. Igual hai que cambiar o concepto de diálogo.

Porque, mire, vostede defende: «Non, é que lles permitimos un tanto por cento...» Non se trata só do tanto por cento que lles permiten de costa, porque non lles poden dar espazos de



costa onde non hai mexilla —portos, praias...—. ¿Ou é que vostede vai á Lanzada e ve mexilla tirada na area? Non creo. Hai que traballar para que teñan a posibilidade de extraer alí onde poden extraer, onde hai. Porque o produto está onde está.

Por certo, volvo ao principio, non se trata de que agora exista un problema porque uns ou os outros teñan a culpa. Levan sesenta anos convivindo ata que chegou esta regulación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Señor Torrado, mire, non lle vou permitir que diga tonterías. *(Murmurios.)* Dende aquí pódolle asegurar que, se vostede revisa os planos, nese 83 % da costa á que me refiro non está contemplada ningunha praia, están contempladas zonas onde hai mexilla. Faga o favor e revise os planos. Eu non estou tola, non fago as cousas por facer. Todo o que está feito está feito cunha serie de informes biolóxicos. Pódese mirar se algunhas das zonas se poden reducir ou se poden incrementar. Estamos abertos a esa posibilidade, estamos abertos a que nos xustifiquen a necesidade e a dependencia de determinadas zonas para coller mexilla. Non está nada cerrado. O único que non se pode facer é o que vostedes fan: dicir unha cousa no Salnés, dicir outra en Baiona ou dicir outra na Costa da Morte. Este goberno e esta conselleira non vai facer nunca política partidista co sector pesqueiro. Nós defendemos os intereses de absolutamente todos os sectores, porque todos teñen que convivir.

E, señor Torrado, aínda menos nos vai dar vostede leccións do que é traballar polo sector bateiro. Voulle recordar que, cando chegamos ao Goberno no ano 2009, vostedes pretendían sacar a concurso todas as concesións dos bateiros, e nós puxemos os contadores a cero. E nós, aínda que non se chegou nin sequera a valorar a posibilidade de facer a Lei de acuicultura, na primeira oportunidade que tivemos na Lei de acompañamento fixemos unha modificación para que as concesións pasaran a ter un máximo de cincuenta anos, e non de trinta, como tiñan antes. Nós traballamos para que, en lugar de construír un porto deportivo na Illa, os bateiros tivesen un porto onde puidesen amarrar as súas embarcacións. Nós traballamos tamén para que o 75 % das axudas da acuicultura vaian destinadas ao sector bateiro, así que de vostede non vou recibir ningunha lección do que é defender o sector bateiro. *(Aplausos.)* Eu defenderei o sector bateiro. Hai que facer as cousas con rigor. E, nesa liña, o que lle digo ao sector bateiro é que me paréceme moi ben, moi democrático, facer unha manifestación, por suposto, pero que, ademais de facer a manifestación, lles pido que nos dean argumentos, que presenten alegacións, que se estudarán. E que nós imos buscar cos biólogos facer a mellor explotación posible e máis sustentable, tanto para o sector bateiro como para o sector dos recursos específicos, que tamén son un sector importante para Galicia.

Eu defenderei sempre a mesma postura no Salnés, en Baiona, na Guarda, na Costa da Morte ou onde faga falta, porque os meus intereses son defender a todas e a cada unha das persoas que traballan en calquera dos subsectores da pesca, do marisqueo ou da acuicultura.



Así é que, nesa liña, o único que lle pido ao sector é que veña reunirse comigo. Acábolles de enviar unha convocatoria. O mércores, en canto chegue de Bruxelas, sentareime con eles as horas que fagan falta, porque é necesario chegar a unha explotación harmoniosa de todos os recursos sen que se prexudiquen os uns aos outros. E a verdade é que —vostede sábeo ben— levamos un ano convocando mesas de reunión para entre todos chegar a un acordo para a mellor explotación posible.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Rematados os asuntos, levantamos a sesión.


Remata a sesión ás tres da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

| | | | |
|---------------------------------------|-------|--|-------|
| 1. Aira Díaz, María del Carmen | (BNG) | 39. Otero Rodríguez, Patricia | (S) |
| 2. Álvarez Martínez, Luis Manuel | (S) | 40. Pardo López, Adrián | (P) |
| 3. Amigo Díaz, María Encarnación | (P) | 41. Pazos Couñago, José Alberto | (P) |
| 4. Arangüena Fernández, Pablo | (S) | 42. Pérez Fernández, Rosana | (BNG) |
| 5. Arias Rodríguez, Raquel | (P) | 43. Pérez López, Daniel | (BNG) |
| 6. Armada Pérez, José Antonio | (P) | 44. Pérez López, Noelia | (P) |
| 7. Balseiro Orol, José Manuel | (P) | 45. Pomar Tojo, Carmen María | (P) |
| 8. Bará Torres, Xosé Luís | (BNG) | 46. Pontón Mondelo, Ana | (BNG) |
| 9. Caballero Miguez, Gonzalo | (S) | 47. Porro Martínez, María Corina | (P) |
| 10. Cahafeiro Anta, Belén | (P) | 48. Prado Cores, María Montserrat | (BNG) |
| 11. Calvo Pouso, Diego | (P) | 49. Prado del Río, Paula | (P) |
| 12. Candia López, María Elena | (P) | 50. Prado Patiño Jesús Miguel | (P) |
| 13. Carballo Páez, Ramón | (P) | 51. Presas Bergantiños, Noa | (BNG) |
| 14. Carreira Pazos, Iria | (BNG) | 52. Puy Fraga, Pedro | (P) |
| 15. Castro García, Daniel | (BNG) | 53. Queixas Zas, Mercedes | (BNG) |
| 16. Castro Rey, Paloma | (S) | 54. Rey Varela, José Manuel | (P) |
| 17. Conde López, Francisco José | (P) | 55. Ríos Santomé, Paulo | (BNG) |
| 18. Díaz Mouteira, María Sol | (P) | 56. Rivas Cruz, Xosé Luís | (BNG) |
| 19. Díaz Varela, Noa Susana | (S) | 57. Rodeiro Tato, Ovidio | (P) |
| 20. Egerique Mosquera, Teresa | (P) | 58. Rodil Fernández, Olalla | (BNG) |
| 21. Fernández Alfonzo, Ramón | (BNG) | 59. Rodríguez Carrera, María Felisa | (P) |
| 22. Fernández Gómez, Alexandra | (BNG) | 60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen | (S) |
| 23. Ferro Iglesias, José Luis | (P) | 61. Rodríguez Pérez, Moisés | (P) |
| 24. Francisco Rivera, Juan Carlos | (S) | 62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María | (P) |
| 25. Freire Vázquez, María Begoña | (P) | 63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña | (S) |
| 26. Gallego Sanromán, María Leticia | (S) | 64. Rueda Valenzuela, Alfonso | (P) |
| 27. García Vidal, Ana Belén | (P) | 65. Santalices Vieira, Miguel Ángel | (P) |
| 28. Gómez Salgado, Carlos | (P) | 66. Santos Costa, Manuel | (P) |
| 29. González Albert, María | (BNG) | 67. Sanz Arias, Cristina | (P) |
| 30. González Iglesias, María do Carme | (BNG) | 68. Seco García, Martín | (S) |
| 31. López Sánchez, Rosalía | (P) | 69. Suárez Sarmiento, María Elena | (P) |
| 32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio | (BNG) | 70. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago | (BNG) |
| 33. Lorenzo Gómez, Rubén | (P) | 71. Tellado Filgueira, Miguel Ángel | (P) |
| 34. Murillo Solís, María Guadalupe | (P) | 72. Torrado Quintela, Julio | (S) |
| 35. Nóvoa Iglesias, Marta | (P) | 73. Vázquez Domínguez, Sandra | (P) |
| 36. Núñez Feijóo, Alberto | (P) | 74. Vega Pérez, Daniel | (P) |
| 37. Ortega Otero, Marina | (S) | 75. Verea Fraiz, Borja | (P) |
| 38. Otero Lago, Noelia | (S) | | |





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

